

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS NA PXA	4
HORARIO XERAL E ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	6
MEMORIA FINAL DO EQUIPO DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL	9
MEMORIAS FINAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA	39
MEMORIA FINAL DO 1º NIVEL	39
MEMORIA FINAL DO 2º NIVEL	46
MEMORIA FINAL DO 3º NIVEL	51
MEMORIA FINAL DO 4º NIVEL	60
MEMORIA FINAL DO 5º NIVEL	66
MEMORIA FINAL DO 6º NIVEL	76
MEMORIA DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA	83
MEMORIA DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS	92
MEMORIA DA ÁREA DE RELIXIÓN	108
MEMORIA DA ÁREA DE MÚSICA	119
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	127
ANEXO I: MEMORIA DA MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	144
ANEXO II: MEMORIA DA MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	149
ANEXO III: MEMORIA DO MESTRE ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	154
ANEXO IV: MEMORIA DA MESTRA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE	158
ANEXO V: MEMORIA DA MESTRA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE	166

<i>EQUIPO DE ACT. EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS</i>	187
<i>EQUIPO DE BIBLIOTECA ESCOLAR/PLAMBE</i>	196
<i>EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA</i>	208
<i>EQUIPO TIC'S</i>	218
<i>MEMORIA ECONÓMICA</i>	223
<i>MEMORIA PLURILINGÜISMO</i>	224
<i>MEMORIA RADIO NA BIBLIO</i>	227
<i>MEMORIA CLUB DE LECTURA</i>	230
<i>MEMORIA POLOS CREATIVOS</i>	242
<i>MEMORIA CPINNOVA</i>	247
<i>MEMORIA PLAN PROXECTA: "Aprendo Programando"</i>	253

INTRODUCCIÓN

Esta memoria anual do centro está elaborada en base ao punto 5 do capítulo I da Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 02/09/1997) e responde á Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta memoria de fin de curso está elaborada coa achega de todo o profesorado e pretende facer un balance do curso 2022-2023. Nela participaron todos os equipos docentes de Educación Infantil e Primaria, así como todos os responsables de Equipos e Plans que temos en marcha no centro.

CONSECUCCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS NA PXA

Consideramos que os obxectivos específicos programados na PXA para o curso cumpríronse, en liñas xerais, satisfactoriamente. A continuación centrarémonos nos recursos e medidas que se empregaron para a consecución destes obxectivos:

- *Polo que respecta ao alumnado:*

Leváronse a cabo as medidas previstas no tocante á mellora da aprendizaxe do alumnado: participar no programa PROA+, fomentar o adestramento en técnicas e hábitos de estudo a nivel de acción titorial, continuidade do Consello da Infancia como órgano interno representativo do alumnado, elaborar o Plan Anual de Lectura, levar a cabo a Hora de Ler de 12:20h a 12:40h nos diferentes niveis educativos, realizar diversas actividades en colaboración co Concello e talleres ao longo do curso, levar a cabo as conmemoracións establecidas na Orde do Calendario Escolar, fomentar o uso das TICs no alumnado empregando a aula virtual ou EDIXGAL...

- *Polo que respecta ao profesorado:*

Potenciouse a formación do profesorado con itinerarios formativos dentro do PFPP de centro e outras accións formativas como o CPIInnova, Proxecta +, Digicraft...Asemade, continuouse no PLAMBE e potenciouse o uso da radio coa creación de Podcasts e programas en directo, levouse a cabo un Club de Lectura con alumnado de 5º e 6º de EP, implementáronse accións do Plan Dixital relacionadas coa creación e posta en marcha do Polo Creativo, ...

- *Polo que respecta ao centro:*

Fomentouse o uso da lingua galega a nivel comunicación interna e externa, así como á hora de propoñer actividades que potencien o uso do galego. Asemade, dentro do PDI do centro todas aulas traballaron a temática proposta para este curso: "Cole Animal" con propostas concretas e xornadas internas e abertas á comunidade educativa a final de curso.

Tamén se creou un espazo concreto para desenvolver proxectos STEAM e de innovación educativa (Polo Creativo).

- *Polo que respecta ás familias:*

Leváronse a cabo as reunións iniciais previstas, fomentouse o uso de AbalarMóbil e da páxina web do centro, colaborouse coa ANPA, leváronse a cabo xornadas de portas abertas para as familias do alumnado que se incorpora a 4º de EI no curso 23-24, levouse a cabo unha xornada de portas abertas dentro do PDI para que as familias visen os produtos finais elaborados polas diversas aulas/niveis...

Asemade, abriuse a biblioteca e o Polo Creativo polas tardes, de martes a venres, co fin de favorecer a participación das familias.

- *Polo que respecta á contorna:*

Favoreceuse o uso do horto escolar, potenciouse a relación cos centros adscritos (CEIP de Tabeaio, IES de Carral) e coa Galiña Azul. Colaborouse coa Universidade, acollendo alumnado de Prácticum, co Concello na realización de diversas actividades, co Servizo de Atención Temperá e cos Servizos Sociais do Concello.

HORARIO XERAL E ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O horario de funcionamento do centro e a organización do transporte e do comedor están incluídos no apartado 8 da PXA.

O conserxe abre, todos os días lectivos, as portas de acceso ao recinto exterior do centro ás 8:45 horas. O centro é pechado polas encargadas da limpeza.

O horario lectivo do centro é de 9:20h a 14:20h de luns a venres.

Todo o alumnado do centro fai a entrada a partir das 9:10 horas pola mañá.

A vía de entrada para o alumnado transportado será polo 1º portalón, o de BUS.

Os mestres/as que teñen clase a primeira hora esperarán o alumnado na aula. Os mestres de apoio de Educación Infantil recollerán ao alumnado transportado de 4º de Educación Infantil no patio cuberto.

As saídas realízanse pola baixada do pavillón. As familias poden acceder ao recinto polo aparcadoiro das vivendas. A saída realizarase ás 14.20 horas.

O alumnado transportado que asiste a comedor terá a súa saída ao remate deste, ás 15:10 horas. Son chamados por megafonía segundo a ruta que teñan e van saíndo para o patio cuberto onde estará esperando a súa coidadora.

O alumnado non transportado que asiste a comedor terá a súa saída ao remate deste dende as 15:20 ata as 15:30 horas.

Os pais/nais non accederán ao centro nas horas de entrada e saída para acompañar aos seus fillos e fillas, agás no alumnado de 4º de EI que non é transportado.

**SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.*

Durante os últimos anos estiveronse a realizar diversos cambios con respecto aos provedores tanto de alimentación como de subministros, tentando que sexan produtos ecolóxicos. Grazas a este cambio, o comedor do centro foi distinguido co selo SLOW FOOD KM 0, que promove a sostibilidade e a compra de produtos ecolóxicos de proximidade e de tempada, tentando reducir o impacto medioambiental.

Horario e organización:

O horario é:

** De 13.30-14:00.*

Primeiro, come o persoal de servizo do comedor e os colaboradores e os coidadores do centro.

** De 14:20-14:55.*

Come o alumnado de Infantil e o de 1º a 5º de primaria, máis o alumnado de 6º de primaria transportado.

** De 15:00 - 15:30.*

Posteriormente, come o alumnado de 6º de Educación Primaria non transportado.

No comedor pequeno come: 6º de Educación Infantil, 3º, 4º e 5º de Educación Primaria.

No comedor grande come: 4º e 5º de Educación Infantil, 1º, 2º e 6º de Educación Primaria.

Menús:

Exponse no taboleiro de anuncios do comedor e na páxina web cunhaprogramación de 4 semanas.

Hai alumnos que presentan problemas de alerxias alimentarias que, cando é preciso, reciben menú adaptado.

A atención aos usuarios será realizada por responsables do alumnado, segundo a ratio legalmente establecida. Este curso están realizando esas funcións 21 coidadoras.

** ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.*

De 15:20h a 17:20h de luns a xoves contamos con actividades extraescolares organizadas polo Concello de Carral.

Carral, a 26 de xuño de 2023

A directora,

Cristina Pedreira Fuentes

MEMORIA FINAL DO EQUIPO DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

A seguinte memoria corresponde a todo o rexistrado nas programacións didácticas dos tres cursos correspondentes ao segundo ciclo de Educación Infantil para o curso 2022 / 2023, con rexistro das modificacións, ampliacións e reducións do previsto inicialmente. É o resultado dun proceso de avaliación interna, dun proceso de análise e de constatación do grado de consecución dos obxectivos propostos na Etapa de Educación Infantil.

Para a elaboración desta memoria, partiuse da Programación de ciclo realizada a inicio do curso e enmarcada no Proxecto Educativo do Centro (incluídos os diferentes plans que forman parte do mesmo) tomándose tamén como referencia o Deseño curricular Base da Comunidade Autónoma de Galicia establecido pola Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE) publicado no Decreto 105/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia . Tívoise tamén en conta a Orde do 25 de xuño do 2009 sobre a implantación, desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil, así como na Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Grao de consecución dos obxectivos.

Os obxectivos que se expuxeron para o curso escolar 2022/2023, que se poden extraer do conxunto das programacións dos respectivos niveis de Educación Infantil propostas para este curso escolar, así como o seu grao de consecución, son:

4º Educación Infantil	
OBXECTIVOS PROPOSTOS	GRAO DE CONSECUCIÓN
- Manifestar interese por interpretar e producir mensaxes utilizando diferentes linguaxes.	Conseguido

<ul style="list-style-type: none"> - <i>Progresar no coñecemento do esquema corporal e no control do seu propio corpo adecuando as súas acción á realidade da contorna.</i> - <i>Recoñecer e regular as súas emocións e sentimentos expresándoas a través de diversas canles.</i> - <i>Adquirir progresivamente normas básicas e hábitos saudables a través das rutinas diarias de xeito autónomo.</i> - <i>Establecer as primeiras interaccións sociais cos iguais, respectando aos demais abandonando progresivamente a etapa egocéntrica.</i> - <i>Potenciar o desenvolvemento sensorial a través a través da manipulación de obxectos e materiais, adquirindo cada vez unha maior destreza nas capacidades lóxico matemáticas.</i> - <i>Amosar interese por participar nas festas populares que se celebran na contorna, achegándose á cultura galega.</i> - <i>Fomentar o coidado e respecto pola contorna natural, a conservación e o coidado do medio.</i> 	<p><i>Conseguido</i></p> <p><i>Parcialmente conseguido</i></p> <p><i>Parcialmente conseguido</i></p> <p><i>Parcialmente conseguido</i></p> <p><i>Conseguido</i></p> <p><i>Conseguido</i></p> <p><i>Conseguido</i></p>
5º Educación Infantil	
OBXECTIVOS PROPOSTOS	GRAO DE CONSECUCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - <i>Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.</i> - <i>Participar nas actividades propostas do PDI do centro.</i> - <i>Fomentar as relacións do alumnado entre as dúas aulas.</i> - <i>Favorecer a coordinación entre o nivel de 5º de Educación Infantil.</i> - <i>Progresar na adquisición de hábitos de autonomía e responsabilidade que lles axuden a actuar en actividades cotiás.</i> - <i>Descubrir e utilizar recursos cognitivos (lingüísticos, lóxicos, sociais, naturais, plásticos e musicais) que lles axuden a ir progresando na súa construción persoal.</i> 	<p><i>Parcialmente conseguido</i></p> <p><i>Conseguido</i></p> <p><i>Parcialmente conseguido</i></p> <p><i>Conseguido</i></p> <p><i>Parcialmente conseguido</i></p> <p><i>Conseguido</i></p>

6º Educación Infantil	
OBXECTIVOS PROPOSTOS	GRAO DE CONSECUCIÓN
- <i>Participar en actividades relacionadas cos textos escritos mostrando interese e curiosidade.</i>	<i>Conseguido</i>
- <i>Valorar a diversidade lingüística e dialectal da contorna.</i>	<i>Parcialmente conseguido</i>
- <i>Progresar no coñecemento e control do seu corpo.</i>	<i>Conseguido</i>
- <i>Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións.</i>	<i>Parcialmente conseguido</i>
- <i>Establecer relacións sociais saudables valorando a importancia da amizade, o respecto e a empatía.</i>	<i>Conseguido</i>
- <i>Progresar nas habilidades lóxico matemáticas.</i>	
- <i>Explorar e observar activamente o entorno iniciándose no método científico e as destrezas do pensamento computacional.</i>	<i>Conseguido</i>
	<i>Conseguido</i>
Lenda:	
<i>Conseguido Parcialmente conseguido Non Conseguido</i>	

2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.

Programáronse unidades didácticas, proxectos e secuencias didácticas en cada unha das aulas tratando de levar a cabo unha coordinación entre as dúas aulas de cada un dos niveis. Traballamos todo o ano o PDI "Cole animal" integrado na aula. Ademais celebráronse as seguintes festas e conmemoracións tanto en cada unha das aulas a nivel de titoría, como no centro, a nivel grupal (Orde do 20 de maio de 2022, artigo 8):

TRIMESTRES	DATAS CONMEMORATIVAS <i>establecidas na Orde do 20 de maio de 2022</i>	ACTIVIDADES DESENVOLTAS
1º TRIMESTRE	<i>20 de novembro de 2022. Día Universal da Infancia.</i>	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Silueta neno e animal para traballar de maneira paralela os dereitos da infancia e dos animais con motivo do PDI do centro. As siluetas puxéronse na cortiza da entrada do centro. O obxectivo foi traballar mensaxes positivos da infancia.</i> - <i>6º El A: Faladoiro sobre os dereitos da infancia e as nosas actividades favoritas.</i>
	<i>25 de novembro de 2022. Día Internacional contra a Violencia de Xénero.</i>	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Replicamos a instalación de Elina Chauvet titulada "Zapatos vermellos". Cada aula pintou de cor vermella un par de zapatos. O día 25 saímos todo o centro o patio e cos zapatos escribimos unha frase. O alumnado de Ed. Primaria leu un manifesto creado por todas as aulas do centro pola megafonía.</i>
	<i>Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022. Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.</i>	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Nas aulas de 4º de infantil escoitamos o himno galego e bailamos cancións propias do folclore popular da nosa terra.</i> - <i>Conmemoración que se festexou a nivel aula, de forma individualizada. Traballouse ou ben con contos, vídeos ou con algunha outra actividade.</i> - <i>6º El: Faladoiro sobre o tema e votación conxunta da canción da entrada.</i>

	<i>3 de decembro de 2022. Día Internacional das Persoas con Discapacidade.</i>	- <i>Para sensibilizar e dar visibilidade aos dereitos das persoas con diversidade funcional, todo o alumnado realizou unha carreira de obstáculos dentro do recinto co lema "todos somos diferentes, todos capaces".</i>
	<i>10 de decembro de 2022. Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</i>	- <i>Levamos a cabo un intercambio de postais e comida solidario para axudar a quen máis o precisen.</i>
	<i>24 de xaneiro de 2023. Día Internacional da Educación.</i>	- <i>A nivel de aula elaboramos unhas normas conxuntas que fotografamos e decoramos (4º E.I).</i> - <i>Conmemoración que se festexou a nivel aula, de forma individualizada. Tráballouse ou ben con contos, vídeos ou con algunha outra actividade.</i> - <i>6º E.I: Faladoiro sobre por que imos ao cole, que pasaría se non puidésemos ir...</i>
2º TRIMESTRE	<i>30 de xaneiro de 2023. Día Escolar da non Violencia e da Paz.</i>	- <i>Polos Creativos: Cos lapis 3D o alumnado tivo que facer corazóns para regalar a quen quixera (5º E.I).</i> - <i>Creación de un vídeo por parte de todo o centro onde quixemos conmemorar este día buscando no mundo animal as cousas que suceden "CON CALMA" inspirándonos no libro de Flamboyant Editorial do mesmo nome.</i>
	<i>23 de febreiro de 2023. Día de Rosalía de Castro.</i>	- <i>A nivel de centro: O 23 de febreiro é o Día de Rosalía e no cole para recordar a esta escritora fundamental da nosa literatura fixemos un mural conmemorativo no que cada clase pintou o anaco que lle tocou simulando un mosaico.</i>

		- Ademais, durante esta semana, as lecturas compartidas nos apadriñamentos foron algunhas das súas obras.
	8 de marzo de 2023. Día Internacional da Muller.	- A nivel de centro leváronse a cabo diversas actividades e propostas como a lectura de contos, elaboración de chapas, e programas de radio para conmemorar este día. - Polos Creativos: Chapas polo día da muller. O alumnado tivo que deseñar a súa chapa e despois elaborala coa máquina (5º E.I) - 6º E.I A: Debuxo e mural das "Mulleres da nosa vida" reflexionando sobre algunha muller ou nena da nosa vida e porqué a escollemos a ela.
	15 de marzo de 2023. Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.	- Levamos a cabo un xogo simbólico dun mercado entre aulas (4º E.I). - Conmemoración que se festexou a nivel aula, de forma individualizada. Tráballouse ou ben con contos, vídeos ou con algunha outra actividade. - 6º E.I A: Faladoiro na aula sobre a temática.
	Do 6 ao 10 de marzo de 2023. Semana da Prensa. Un día desta semana traballárase na aula con xornais.	- Xornal animal colaborando todo o centro utilizando o Canva proposto polo equipo TIC onde estaban as diferentes seccións. O titulámolo "Pegada animal". - 6º E.I A: Xornais durante a semana na aula e observacións das súas diferentes partes.
	7 de abril de 2023. Día Mundial da Saúde.	- En 4º de E.I falouse máis en profundidade da importancia de bos hábitos saudables. Realizamos unha actividade na que discriminar os alimentos máis e menos saudables.

		- Xogos ao aire libre propostos polo equipo de Educación Física do centro: relevo, pato-oca, encestar aros.
	1 de abril do 2023. Día das Artes Galegas.	- Escritura dunha adiviña dun animal nun papiro.
3º TRIMESTRE	Entre o 17 e o 21 de abril de 2023. Semana do Libro.	- Cada neno e nena trouxo o seu conto favorito nunha caixa. Estas caixas estiveron na biblioteca de aula para poder compartilos entre compañeiros e ir lendo na asemblea (5º Educación Infantil). - Diorama dun conto traballado na aula. - Lectura colectiva entre padriños e madriñas e afillados/as polo patio. - 6º El A: Traballamos sobre os nosos contos favoritos. Facemos un debuxo representativo dos personaxes do conto e posteriormente escribimos o título con selos. O resultado estivo no corredor.
	2 de maio de 2023. Día Internacional contra o Acoso Escolar.	- Vídeo contra o acoso con actitudes positivas e boas condutas por niveis.
	9 de maio de 2023. Día de Europa.	- En 4º de E.I observación dun mapamundi na PDI da aula e localizar por este orde: a nosa localidade, a nosa comunidade, o noso país e o noso continente. - Conmemoración que se festexou a nivel aula, de forma individualizada. Traballouse ou ben con contos, vídeos ou con algunha outra actividade. - 6º El A: Traballo con Google Maps para situar países que coñecemos e ver se están en Europa ou noutro continente.
	Do 15 ao 19 de maio do 2023. Semana das Letras Galegas.	- Carteis sobre a vida e a obra de Francisco Fernández de Riego. O alumnado de Educación Primaria deseñou e Educación Infantil decorou.

		<ul style="list-style-type: none"> - <i>Escoita dun programa de radio sobre o autor homenaxeado este ano.</i> - <i>6º El A: Facemos a asemblea en galego durante esa semana.</i>
	<i>5 de xuño de 2023. Día Mundial do Medio Ambiente.</i>	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Semana de plásticos 0. Cada aula tivo que recoller os plásticos que xeraba durante unha semana e despois pesáronse as bolsas para ver que aula conseguía xerar menos plásticos. A que menos recolleu foi a gañadora do premio que consistiu en plantar unha árbore no centro.</i>

AVALIACIÓN DE LOGROS DE OBXECTIVOS RESPECTO ÁS SAÍDAS CULTURAI, PROXECTOS, CAMPAÑAS E OUTRAS ACTIVIDADES

<i>4º Educación Infantil</i>				
<i>Obxectivos a acadar a través de:</i> <i>Saídas culturais e medio-ambientais e na participación en proxectos e campañas.</i>	<i>Logro/Realización</i>			
	<i>A</i>	<i>B</i>	<i>C</i>	<i>D</i>
<i>SAÍDAS:</i>				
- <i>Casa das Ciencias</i>	<i>X</i>	<i>X</i>		
- <i>Museo de Belas Artes</i>	<i>X</i>			
- <i>Exposición Meisel 93</i>	<i>X</i>			
- <i>Granxa Belelle</i>				

UNIDADES DIDÁCTICAS, PROXECTOS E SECUENCIAS: <ul style="list-style-type: none"> - <i>Proxecto anual "Cole Animal"</i> - <i>Outono natural</i> - <i>Piti Pitiños</i> - <i>Formigas Rabigas</i> 	X X X X			
CAMPAÑAS: <ul style="list-style-type: none"> - <i>FOGA (Froita e leite na escola)</i> 	X			
OUTRAS ACTIVIDADES: <ul style="list-style-type: none"> - <i>Samaín</i> - <i>Nadal</i> - <i>Entroido</i> - <i>Xornada interna do PDI</i> - <i>Portas abertas do PDI</i> - <i>Concerto fin de curso de Gramola Gominola</i> 	X X X X X X			
Marcar cunha cruz segundo proceda: <i>A = Logrado completamente C = Logrado só en parte</i> <i>B = Logrado en gran parte D = Non Logrado en absoluto</i>				

5º Educación Infantil				
<i>Obxectivos a acadar a través de:</i> <i>Saídas culturais e medio-ambientais e na participación en proxectos e campañas.</i>	<i>Logro/Realización</i>			
	A	B	C	D
SAÍDAS: <ul style="list-style-type: none"> - Museo Caldoval (Mugardos) - Museo Belas Artes - Exposición Meisel 93 - Granxa Belelle 	X		X	
UNIDADES DIDÁCTICAS, PROXECTOS E SECUENCIAS: <ul style="list-style-type: none"> - Proxecto anual "Cole Animal" - Actividades do día a día - Co conto ao cole - Investigamos sobre....os animais - Actividades lóxico-matemáticas - Artematicamente - Tres, dous, un, a correr! - Actividades de lingua estranxeira: inglés - Coa música a todas partes 	X			
CAMPAÑAS: <ul style="list-style-type: none"> - FOGA (Froita e leite na escola) 	X			

OUTRAS ACTIVIDADES:				
- <i>Samaín</i>	X			
- <i>Nadal</i>	X			
- <i>Taller de Hixiene bucodental</i>		X		
- <i>Entroido</i>				
- <i>Xornada interna do PDI</i>	X			
- <i>Portas abertas do PDI</i>	X			
- <i>Concerto fin de curso de Gramola Gominola</i>	X			
Marcar cunha cruz segundo proceda:				
<i>A = Logrado completamente C = Logrado só en parte</i>				
<i>B = Logrado en gran parte D = Non Logrado en absoluto</i>				

6º Educación Infantil				
<i>Obxectivos a acadar a través de:</i> <i>Saídas culturais e medio-ambientais e na participación en proxectos e campañas.</i>	<i>Logro/Realización</i>			
	A	B	C	D
SAÍDAS: <ul style="list-style-type: none"> - Museo Caldoval (Mugardos) - Museo Belas Artes - Exposición Meisel 93 - Granxa Belelle 	X X X	X		
UNIDADES DIDÁCTICAS, PROXECTOS E SECUENCIAS: <ul style="list-style-type: none"> - Proxecto anual "Cole Animal" - Proxecto Pingüíns (6º EI) - Proxecto Arañas (6º EI A) - Secuencia "Personaxes dos contos" (6º EI A) - Secuencia "A miña fin de semana" (6º EI A) - Secuencia "O noso muro de recordos" (5º e 6º EI) 	X X X	X X X		
CAMPAÑAS: <ul style="list-style-type: none"> - FOGA (Froita e leite na escola) 	X			

OUTRAS ACTIVIDADES:				
- <i>Samaín</i>	X			
- <i>Nadal</i>	X			
- <i>Taller de Hixiene bucodental</i>	X			
- <i>Taller cívico da Policía Local</i>	X			
- <i>Entroido</i>	X			
- <i>Xornada interna do PDI</i>	X			
- <i>Portas abertas do PDI</i>		X		
- <i>Concerto fin de curso de Gramola Gominola</i>	X			
Marcar cunha cruz segundo proceda:				
<i>A = Logrado completamente C = Logrado só en parte</i>				
<i>B = Logrado en gran parte D = Non Logrado en absoluto</i>				

ANÁLISE DOS OBXECTIVOS NON LOGRADOS PLENAMENTE

NAS SAÍDAS CULTURAI, PROXECTOS, CAMPAÑAS E OUTRAS ACTIVIDADES:

<i>4º Educación Infantil</i>	
<i>SAÍDAS, PROXECTOS, CAMPAÑAS E OUTRAS ACTIVIDADES</i>	<i>CAUSAS E FACTORES DE INCIDENCIA</i>
<i>SAÍDAS</i>	
<i>PROXECTOS</i>	
<i>CAMPAÑAS</i>	
<i>OUTRAS ACTIVIDADES</i>	
<i>CONCLUSIÓNS XERAIS E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO</i>	
<i>Como proposta de mellora para a campaña FOGA, especialmente coa froita, pensamos que se deberían espazar as cantidades de comida durante máis tempo ao longo do curso.</i>	

<i>5º Educación Infantil</i>	
SAÍDAS, PROXECTOS, CAMPAÑAS E OUTRAS ACTIVIDADES	CAUSAS E FACTORES DE INCIDENCIA
SAÍDAS	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Museo de Caldoval: A actividade non estaba proposta para a idade dos nenos. O mobiliario era inadecuado, así como o vocabulario empregado pola persoa monitora da actividade. Faltaron explicacións e apoio para realizar as tarefas propostas.</i>
PROXECTOS	
CAMPAÑAS	
OUTRAS ACTIVIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - <i>Taller de hixiene bucodental: A actividade cinguiuse aos tempos pedidos pero non se levou un control total da mesma.</i>
CONCLUSIÓN XERAIS E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO	
<p><i>Dende Concello deberían de ofertar algunha actividade máis para Educación Infantil e así poder facer máis actividades ao longo do curso. A inexistencia de actividades na contorna fai que non se poidan realizar moitas saídas debido a que o custe dos autobuses é moi elevado.</i></p>	

6º Educación Infantil	
SAÍDAS, PROXECTOS, CAMPAÑAS E OUTRAS ACTIVIDADES	CAUSAS E FACTORES DE INCIDENCIA
SAÍDAS	<ul style="list-style-type: none"> - Museo Cadoval Mugardos: non estaba adaptada a estas idades polo que non resultou tan proveitosa como debería.
PROXECTOS	<ul style="list-style-type: none"> - Proxecto anual "Cole Animal" (PDI): bastantes actividades propostas dende o centro sen tempo suficiente para a súa realización. Intentouse seguir un fío condutor dentro de cada aula pero é complexo intercalar as actividades do PDI có día a día da aula. - Proxecto Arañas: boa acollida pero quedou algo escaso o tempo para realizalo.
CAMPAÑAS	
OUTRAS ACTIVIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Secuencia do "Personaxe dos contos": tivo boa acollida pero ás veces tivemos que deixar de realizalo para poder dedicar o tempo a actividades de centro... - Xornada interna do PDI: Pouco tempo nos diferentes espazos, case non puideron interactuar coas actividades.
CONCLUSIÓNS XERAIS E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO	

Intentar promover máis a participación das familias no día a día da aula.

Menor número de actividades de centro, con máis marxe e pensando en todos os niveis.

3. Motivo das modificacións.

Realizar a programación permite anticipar e organizar a actuación docente e as interaccións que se producen para acadar os obxectivos. É un proceso de reflexión e toma de decisións no que se reflicte que é e como se pretende ensinar ao longo do proceso formativo. Neste sentido a Programación de ciclo, realizada a inicio do curso, pretendeu ser unha declaración de intencións e toma de posicións ante a acción educativa que forma parte das nosas funcións titoriais e como docentes.

Toda programación é dinámica, xa que está en constante revisión e evoluciona en función da información que imos obtendo nos resultados do desenvolvemento do curso; é flexible, pois permite modificacións e a actualización dos contidos e actividades previstas en caso necesario; e é plural, porque está deseñada para accións formativas dirixidas a suxeitos de diversa índole, cultura e xénero, e contempla as características da diversidade do grupo.

En consecuencia, as modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica veñen dadas pola propia flexibilidade das mesmas, pois ao inicio de curso fórmulanse actividades que pola súa natureza deben ser modificadas ao longo do curso.

E doutra banda, todas as actividades conmemorativas e celebracións que se levaron a cabo durante este curso escolar, ao inicio de curso fórmulase unha organización para as mesmas, de xeito que tanto dende os diferentes equipos de dinamización como dende as titorías teñamos oportunidade de facer diferentes propostas, actividades, obradoiros, talleres e demais. Con todo, en función de como avanza o curso e do equipo de dinamización responsable das propostas das súas conmemoracións e celebracións as actividades van sufrindo variacións.

4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

Preséntanse os datos referentes a cada aula do ciclo en canto a alumnado e horas de apoio, así como aspectos relevantes sobre as mesmas que as titorías queren deixar constancia na presente memoria e unha valoración global dos alumnos/as do grupo.

4ºA Educación Infantil		
ALUMNADO	Nº de alumnado	18
	Incorporacións tardías Observacións	Non houbo incorporacións tardías pero houbo unha nena que se trasladou de centro no mes de maio.
APOIOS	Nº de horas totais de apoio	7 sesións semanais de apoio na aula.
	Nº de horas e uso dos desdobres	A única sesión impartida con desdobre é psicomotricidade. A clase divídese en dous grupos e cada un recibe 25 minutos de clase.
	Observacións sobre os desdobres	A valoración xeral do uso dos desdobres foi moi positiva tanto para min como titora como para o mestre especialista de psicomotricidade. Destaco o aproveitamento dese tempo xa que sendo o grupo máis pequeno notamos un tempo de atención e rendemento máis alto por parte do alumnado.
	Nº de alumnado de PT Sesións semanais	Reciben dúas sesións semanais de PT dentro da aula dous alumnos.

	<i>Nº de alumnado de AL</i> <i>Sesiões semanais</i>	<i>Reciben dous alumnos unha sesión e media á semana fóra da aula. Polas necesidades presentes do alumnado, unha sesión enteira van os dous xuntos e a outra media por separado.</i>
<i>OUTRAS OBSERVACIÓNS</i>	<i>Hai dous alumnos que acoden ao servizo de atención temperá prestado polo Concello. Os dous reciben sesións por parte dunha logopeda, unha psicóloga e unha terapeuta ocupacional. Todo isto fóra da aula cunha duración aproximada de media hora por sesión dous días por semana.</i>	
<i>VALORACIÓN GLOBAL DO GRUPO</i>	<i>Ao longo do curso o grupo evolucionou favorablemente na adquisición dos obxectivos propostos. É un grupo que presenta un bo ambiente de aprendizaxe e as relacións que presentas entre eles son máis consistentes que ao principio, manifestando cada vez máis autonomía na resolución dos conflitos que xorden.</i>	

<i>4ºB Educación Infantil</i>		
<i>ALUMNADO</i>	<i>Nº de alumnado</i>	<i>18</i>
	<i>Incorporacións tardías</i> <i>Observacións</i>	<i>Ningunha</i>
<i>A P O</i>	<i>Nº de horas totais de apoio</i>	<i>7 sesións de apoio na aula.</i>

	<i>Nº de horas e uso dos desdobres</i>	<i>1 hora para psicomotricidade en quendas de 30 minutos coa metade do alumnado.</i>
	<i>Observacións sobre os desdobres</i>	<i>Moi positivos para poder traballar co alumnado de xeito máis individualizado e levar a cabo actividades noutros espazos máis pequenos como POLOS CREATIVOS ou os espazos de contos que hai no centro.</i>
	<i>Nº de alumnado de PT Sesións semanais</i>	<i>1 alumno 3 sesións semanais</i>
	<i>Nº de alumnado de AL Sesións semanais</i>	<i>1 alumno 3 sesións semanais</i>
<i>OUTRAS OBSERVACIÓNS</i>	<i>2 alumnos tamén acoden ao servizo de Atención Temperá do concello dúas sesións semanais cada un. Ademais un dos alumnos conta co apoio do coidador durante case toda a mañá.</i>	
<i>VALORACIÓN GLOBAL DO GRUPO</i>	<i>Aínda que é un grupo cun número de alumnado non moi elevado, precisa apoios e coidador para o neno con NEAE AO LONGO DE TODA A XORNADA, dadas as súas características, así mesmo en servizo de comedor e transporte escolar.</i>	

<i>5ºA Educación Infantil</i>		
ALUMNADO	<i>Nº de alumnado</i>	<i>21</i>
	<i>Incorporacións tardías</i> <i>Observacións</i>	<i>2</i>
APOIOS	<i>Nº de horas totais de apoio</i>	<i>6 sesións</i>
	<i>Nº de horas e uso dos desdobres</i>	<i>2</i> <i>Uso dos desdobres: Psicomotricidade e PELO</i>
	<i>Observacións sobre os desdobres</i>	<i>Durante este curso os desdobres leváronse a cabo como se detalla a continuación. Nas medias sesións dos martes e xoves levouse a cabo un taller de estimulación da linguaxe oral (PELO). Nos desdobres dos venres, media aula acudía a psicomotricidade e a outra metade quedaba na aula coa titora realizando actividades máis individualizadas co alumnado.</i> <i>A vantaxe de contar cos desdobres é que se pode realizar unha ensinanza moito máis individualizada e centrada en cada neno e nena, atender as súas necesidades e respectar máis os seus ritmos de traballo e aprendizaxe.</i>
APOIOS	<i>Nº de alumnado de PT</i> <i>Sesións semanais</i>	<i>0</i>

	<p><i>Nº de alumnado de AL</i></p> <p><i>Sesións semanais</i></p>	<p>0</p>
<p>OUTRAS OBSERVACIÓNS</p>	<p><i>1 alumno acode a Atención Temperá dependente do Concello de Carral.</i></p> <p><i>Séguese á espera de que o Equipo de Orientación valore a un dos alumnos da aula.</i></p>	
<p>VALORACIÓN GLOBAL DO GRUPO</p>	<p><i>A valoración global do grupo é positiva, conseguindo unha boa evolución na actitude e na aprendizaxe do alumnado. A nivel académico están motivados cara a lectoescritura e traballamos a lóxica matemática a través das rutinas de aula (co calendario, recta numérica) e a través da arte, relacionándoa co seu entorno máis próximo aumentando así os seus intereses polas actividades planeadas.</i></p> <p><i>Hai varios nenos e nenas aos que lles custa controlar a frustración, e iso fai que non controlen os seus sentimentos e emocións. Aínda así, comparando co comezo do curso son capaces de controlalos algo máis, e teñen menos caprichos.</i></p> <p><i>Os conflitos que xorden na aula son debido ao carácter impulsivo e inquieto que teñen a maioría, o que ocasiona que a nivel social se relacionen de maneira competitiva e egocéntrica.</i></p> <p><i>Son moi ruidosos e faladores polo que custa que garden silencio cando se lles manda.</i></p> <p><i>Houbo varios casos de falta de puntualidade nas entradas ao centro, despois de avisar ás familias a situación mellorou menos cunha nena que segue chegando algo tarde moitos días.</i></p> <p><i>Son autónomos para moitas tarefas, pero seguen pedindo axuda ao adulto moi a miúdo.</i></p>	

<i>5ºB Educación Infantil</i>		
<i>ALUMNADO</i>	<i>Nº de alumnado</i>	<i>21 nenas e nenos.</i>
	<i>Incorporacións tardías</i> <i>Observacións</i>	<i>Non houbo ningunha incorporación tardía.</i>
<i>APOIOS</i>	<i>Nº de horas totais de apoio</i>	<i>6 sesións</i>
	<i>Nº de horas e uso dos</i> <i>desdobres</i>	<i>3 sesións.</i> <i>Uso dos desdobres: Psicomotricidade e PELO.</i>
	<i>Observacións sobre os</i> <i>desdobres</i>	<i>Os desdobres distribuíronse da seguinte maneira. As medias sesións dos martes e dos xoves levouse a cabo un taller de estimulación oral (PELO). Os mércores nas dúas primeiras sesións utilizáronse para levar a cabo as sesións de psicomotricidade, nas que se divide o grupo en dous pequenos grupos para poder aproveitar máis as sesións cunha ensinanza individualizada por parte da persoa titora.</i> <i>A media sesión dos luns utilizouse para apoiar na aula e os venres para realizar traballo de apoio en gran grupo.</i> <i>A posibilidade de ter desdobres na aula e contar só coa metade do grupo á hora de traballar facilita o traballo individualizado e moito máis concreto</i>

		<i>para cada nena e neno. Ademais, en xeral o grupo está máis tranquilo e traballa de maneira continuada.</i>
	<i>Nº de alumnado de PT Sesións semanais</i>	<i>0</i>
	<i>Nº de alumnado de AL Sesións semanais</i>	<i>2 alumnos acoden a sesións de AL fóra da aula. 2 sesións semanais.</i>
<i>OUTRAS OBSERVACIÓNS</i>	<i>2 alumnos acoden a Atención Temperá dependente do Concello de Carral.</i>	
<i>VALORACIÓN GLOBAL DO GRUPO</i>	<p><i>Finalizado o terceiro trimestre podemos observar que o grupo-clase mellorou en tódolos ámbitos do desenvolvemento e ademais, é capaz de seguir non só ás rutinas senón que tamén calquera dinámica que se lle explique con anterioridade. O grupo segue sendo movido e falador pero demostran ser capaces de gardar silencio cando se lles pide que o fagan. O comportamento empeorou neste último mes tendo que modificar algunha das dinámicas da aula. Este empeora cando a persoa titora non está na aula. Segue habendo alumnado moi impulsivo que lle custa moito pensar antes de actuar.</i></p> <p><i>A asistencia e a puntualidade é boa pese a que houbo un caso no que o número de faltas é numeroso e, aínda que xa se falou coa familia, a asistencia non mellora. A esta alumna cústalle en moitos casos seguir as rutinas da aula e levar o ritmo de traballo do grupo-aula.</i></p> <p><i>A relación coas familias é bastante boa. Houbo numerosas titorías solicitadas principalmente polas propias familias.</i></p>	

Na área cognitiva destacamos que hai moitos cambios positivos no razoamento e a comprensión e os aspectos básicos lóxico-matemáticos melloraron moitísimo, asocian as grafías coa cantidade e xa mostran soltura á hora de identificar os números en aspectos da vida cotiá. Ademais, este trimestre traballáronse as formas xeométricas e a gran maioría reconece moitas delas non so en dúas dimensións senón tamén en tres dimensións.

Gañaron moita seguridade en si mesmos e cada vez piden moita máis axuda á hora de realizar as tarefas. Porén, aínda que son moi impulsivos e, ás veces, contestan sen pensar.

Xa non teñen medo a equivocarse, e se o fan, lévano con naturalidade, gañaron seguridade en si mesmos e na maneira de actuar na aula. Hai pertenza de grupo e preocúpanse polos nenos ou nenas que faltan ou os que teñen dificultades nas actividades. Aínda que non podemos esquecer o problema de impulsividade dalgúns nenos e nenas da aula que conlevan en problemas non só no ámbito cognitivo senón que tamén no ámbito social.

No relativo á comunicación e á linguaxe destacar que a gran maioría do alumnado encóntrase na etapa silábica-alfabética cunha gran soltura á hora de enfrontarse ós procesos de escritura. Hai un grupiño de nenas e nenos que se encontra a piques de romper a ler de maneira autónoma.

Na área motriz, só destacar que o grupo aínda non ten a lateralidade afianzada pero si adquirida. Ademais, as habilidades sociais son, en xeral, moi boas.

<i>6ª Educación Infantil</i>		
<i>ALUMNADO</i>	<i>Nº de alumnado</i>	<i>24 (23 promocionaban dentro do mesmo centro, 1 nova incorporación en setembro).</i>
	<i>Incorporacións tardías</i> <i>Observacións</i>	<i>1 incorporación tardía (chegou a ser un grupo de 25 alumnos/as) que posteriormente causou baixa (volvendo a ser 24).</i>
<i>APOIOS</i>	<i>Nº de horas totais de apoio</i>	<i>3 sesións semanais</i>
	<i>Nº de horas e uso dos desdobres</i>	<i>3 sesións semanais de desdobres:</i> <ul style="list-style-type: none"> <i>- 2 sesións (a sesión de psicomotricidade + 1 sesión do apoio) para desdobre psicomotricidade - aula. Na primeira sesión acode un grupo a psicomotricidade e outro queda na aula coa titora facendo traballo e na segunda sesión faise cambio de grupos.</i> <i>- 1 sesión para desdobre Polos - aula. Un grupo acorde a Polos Creativos coa titora e outro queda có mestre de apoio realizando actividades na aula. A semana seguinte faise cambio e o grupo que foi a Polos queda na aula e viceversa.</i>
	<i>Observacións sobre os desdobres</i>	<i>Moi bo resultado e aproveitamento do tempo tanto na aula coma nas outras actividades propostas (Polos Creativos e psicomotricidade).</i>

	<i>Nº de alumnado de PT</i>	<i>0</i>
	<i>Sesións semanais</i>	
	<i>Nº de alumnado de AL</i>	<i>1 (2 sesións semanais de media hora)</i>
	<i>Sesións semanais</i>	
<i>OUTRAS OBSERVACIÓN</i>	<i>Promociona todo o alumando (24) a Educación Primaria. Un alumno acode a Atención Temperá (logopedia e terapeuta ocupacional).</i>	
<i>VALORACIÓN GLOBAL DO GRUPO</i>	<i>Boa evolución, é un grupo que funciona a nivel traballo de aula aínda que bastante falador.</i>	

<i>6ºB Educación Infantil</i>		
<i>ALUMNADO</i>	<i>Nº de alumnado</i>	<i>23</i>
	<i>Incorporacións tardías</i>	<i>Unha alumna menos.</i>
	<i>Observacións</i>	
<i>APOIOS</i>	<i>Nº de horas totais de apoio</i>	<i>4</i>
	<i>Nº de horas e uso dos desdobres</i>	<i>Un desdobre á semana. Durante a hora de psicomotricidade.</i>

	<i>Observacións sobre os desdobres</i>	<i>Son moi pedagóxicos e prácticos de cara á mellora dunha atención individualizada.</i>
	<i>Nº de alumnado de PT</i> <i>Sesións semanais</i>	<i>1</i>
	<i>Nº de alumnado de AL</i> <i>Sesións semanais</i>	<i>1</i>
<i>OUTRAS OBSERVACIÓNS</i>	<i>Promocionan todos os alumnos/as a Educación Primaria.</i>	
<i>VALORACIÓN GLOBAL DO GRUPO</i>	<i>É un grupo moi unido, cunha convivencia bastante positiva, aínda que ás veces xorden conflitos habituais debido ao momento evolutivo no que se atopan. Son moi participativos e teñen iniciativa para calquera proposta de traballo. Están motivados de cara ao aprendizaxe e preparados para este gran cambio que supón, pasar a primaria.</i>	

5. Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte e propostas de mellora.

Unha vez rematado o curso 2022/2023 podemos destacar unha serie de propostas que van encamiñadas á mellora da nosa práctica educativa e, polo tanto, á mellora da calidade da etapa no centro.

En canto á organización da xornada do ciclo, consideramos imprescindible non ter especialistas a primeira hora da mañá. Isto altera a dinámica da aula e o alumnado que chega tarde queda sen a sesión, sendo bastante xustas. No caso de 4º de Educación Infantil as primeiras e últimas horas da mañá deben estar coa persoa titora para asegurar unha estabilidade e unha rutina nas aulas. Neste mesmo sentido, as medias sesións das especialidades funcionan bastante ben e, consideramos que os desdobres deberían de ser, canto menos, para todas as aulas, polo menos en psicomotricidade. Os coidadores deberían de terse propostos desde un inicio de curso para poder establecer unha boa organización nos horarios das aulas e poder xestionar paralelamente os apoios das aulas.

Ademais, tendo en conta a nova incorporación do alumando de 4º de Educación Infantil, a organización dos apoios nas aulas de 4º non pode ser única e exclusiva xa que o resto do alumnado queda sen psicomotricidade (tal e como o plantexamos este curso), as titoras teñen toda a xornada continua e, ademais a coordinadora queda sen as súas horas de coordinación.

Porén, o curso pasado, incluíuse como proposta de mellora a reunión coas familias que incorporan aos seus nenos e nenas por primeira vez ao sistema escolar no mes de xullo, para dar unhas pautas para traballar con eles no período estival. Este curso esta reunión tivo lugar a finais de xuño e parécenos unha boa idea para seguir facendo xa que axuda á hora de comezar co novo alumnado.

A coordinación do Equipo de Ciclo de Educación Infantil debe ser adxudicada a un dos mestres de apoio, pois en moitas ocasións, a coordinación faise complicada de compatibilizar coas funcións de titoría ademais de ser membro dun equipo de dinamización, no que se traballa acotío. Porén, un dos apoios oponse a que a coordinación se leve a cabo por un dos apoios. As funcións entre os membros do equipo de ciclo de Educación Infantil deben ser homoxéneas, tendo responsabilidades nas mesmas proporcións. O mesmo ocorre coas demais coordinacións. Non deben ser coordinadores dous ou máis titores de infantil, xa que iso, vai en detrimento tanto da organización como da optimización dos recursos.

Asemade, deberían de promoverse actividades interetapa mellorando, unha vez máis, a interacción entre iguais e as relacións entre os docentes de ambas etapas.

Por outra banda, as actividades relacionadas co PDI e as actividades conmemorativas son excesivas e moitas veces realízanse soamente por facer e non dá tempo nin a traballalas co alumnado. Deberían limitarse o número de actividades por conmemoración. Asemade, as xornadas do PDI foron moi longas e deberían de realizarse antes de final de curso xa que o alumnado está canso e non sae como debería de saír. A maiores, débense secuenciar os obxectivos e contidos para os diferentes niveis tendo así unha coherencia e continuidade en toda a etapa.

En canto ao mobiliario do comedor de Educación Infantil consideramos que, debe adaptarse ao propio alumnado xa que é un momento educativo máis e, incluso, para que á hora de xantar poidan estar ben sentados e desfrutar así da comida.

Os xogos e materiais do areeiro teñen que substituírse por materiais novos e debemos, entre todos e todas aproveitar os momentos na zona para facer expurgo. Ademais gustaríanos poder por un espazo na saída do patio de infantil (areeiro) para poder por as botas de auga que levan cando saen a ese espazo e, así non encher os corredores e as aulas de area.

MEMORIAS FINAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA**MEMORIA FINAL DO 1º NIVEL****1. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

O 1º nivel de Educación Primaria rematou o curso con 49 alumnos/as repartidos/as en tres grupos:

1º A: 16 alumnos/as. Un alumno promociona a 2º curso coas áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas suspensas. Conta con REFORZO EDUCATIVO nas áreas suspensas e a maiores en Música e Danza, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Lingua Inglesa.

Outro alumno suspende a área de lingua galega no 3º trimestre pero aproba a avaliación ordinaria. Conta co REFORZO EDUCATIVO nas áreas de Música e Danza, Educación Plástica e Visual, Lingua Galega, Lingua Castelá e Lingua Inglesa.

Hai dous alumnos pendentes da valoración do Departamento de Orientación solicitado ao finalizar o 2º trimestre.

1º B: 17 alumnos/as. Promocionan todos para 2º curso. Un alumno promociona con 1 área suspensa: matemáticas, despois de recibir REFORZO EDUCATIVO todo o presente curso nesta área así como tamén recibiu RE nas áreas das linguas e nas áreas de música e danza e inglés por amosar dificultades na súa linguaxe e comunicación. Unha alumna promociona con 1 área suspensa: lingua galega, esta alumna recibiu REFORZO EDUCATIVO nesta área así como na área de lingua castelá debido a que amosa dificultades na iniciación ao proceso lectoescritor. Estes dous alumnos están pendentes da valoración do Departamento de Orientación solicitado ao longo de todo o curso, para a alumna solicitouse a valoración psicopedagóxica no 2º trimestre do presente curso e para o alumno solíciase un seguimento da súa valoración psicopedagóxica, xa que foi valorado na etapa de Educación Infantil.

1º C: 16 alumnos/as. Promociona todo o alumnado para o 2º curso. Un alumno promociona con REFORZO EDUCATIVO nas áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas. Outro alumno recibiu REFORZO EDUCATIVO nas áreas de lingua galega, lingua castelá e música e

danza ao longo de todo o curso. Unha alumna tivo REFORZO EDUCATIVO na área de lingua galega a partir do 2º trimestre. Outro alumno recibiu REFORZO EDUCATIVO ao longo de todo o curso nas áreas de lingua galega e lingua castelá e lingua inglesa a partir do 2º trimestre. Outra alumna recibiu REFORZO EDUCATIVO ao longo de todo o curso nas áreas de lingua galega, lingua castelá, matemáticas e música e danza. Ademais, suspendeu a 1º avaliación, a 2º e a avaliación ordinaria de música e danza.

2. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Producíronse algunhas modificacións na programación didáctica:

- *Realizamos as seguintes actividades complementarias:*
 - *Samaín e Magosto: celebración conxunta na que o alumnado veu disfrazado e degustamos castañas asadas.*
 - *Día da Discapacidade: neste día levamos a cabo unha carreira de obstáculos por niveis rematando todos/as no pavillón do centro.*
 - *Nadal: Recollida de alimentos a cambio de postais e chocolatada con churros.*
 - *Día da paz: participamos facendo un vídeo inspirándonos no libro Con calma. 50 historias de la naturaleza, no que se contan situacións que dan paz e calma aos animais.*
 - *O alumnado de 1º participou nun taller de reciclaxe organizada polo Concello de Carral.*
 - *Entroido: actividade que aproveitamos para traballar o PDI. O alumnado de 1º disfrazouse de "Pingüíns" tamén fixemos un percorrido polos arredores do Centro e despois tivemos a degustación dos produtos típicos do Entroido. Tamén participamos nun photocall. Durante toda a semana do Entroido as nosas aulas tamén participaron nos mandadiños do Meco.*
 - *Participamos nunha xornada de diferentes deportes organizada polo profesorado de Educación Física*
 - *Día contra o acoso escolar. O alumnado de 1º participou na montaxe dun vídeo onde se amosaban situacións de acoso que se poden vivir no día a día dun colexio.*
 - *Día do libro: Participamos realizando dioramas de contos de animais.*

- *Saída as Brañas de Valga en Mesía. As 3 aulas visitamos a Aula da Natureza onde fixemos un taller de modelaxe de barro e un breve percorrido pola lagoa.*
- *Participamos no produto final do PDI do centro "Cole Animal", onde o 1º nivel de Primaria escolleu colaborar cunha protectora de cans (Apadan) e expoñer os seus traballos nun Museo dos cans". Realizamos un vídeo para animar a todo o centro a participar nunha recollida voluntaria de produtos para a citada protectora e, a cambio, levaban unha chapa deseñada polo alumnado do nivel.*
- *Actuación de fin de curso de Gramola Gominola.*
- *Durante o presente curso tamén quedaron sen impartir os 2 temas finais de Ciencias da Natureza ("Os materiais e a enerxía" e "As máquinas e as forzas") e 2 temas de Ciencias Sociais ("Medimos o tempo" e "O noso pasado").*

3. MOTIVO DAS MODIFICACIÓNS.

Os motivos das modificacións veñen dados por todas as actividades que foron xurdindo ao longo do curso e das cales participamos.

Houbo que cambiar a temporalización dalgúns estándares para adaptarse ás necesidades que ían xurdindo ao longo do curso.

Debido á cantidade excesiva de contidos nas áreas das Ciencias, quedaron temas sen afondar os últimos temas destas áreas, aínda que si foron traballados de xeito transversal ao longo da explicación dos outros temas.

A canle de comunicación coas familias foi Abalar Móbil, aula virtual e as axendas escolares.

4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS EN RELACIÓN A CURSOS ANTERIORES.

En xeral, os nenos e nenas de 1º teñen adquiridos os obxectivos mínimos correspondentes a todas as áreas deste curso afondando na adquisición e afianzamento do proceso lectoescritor así como os contidos básicos da área de matemáticas que supoñen a promoción a 2º.

Cabe destacar que nos grupos de 1º non houbo problemas graves de conduta.

Atendendo a cada clase en particular, podemos dicir que:

En 1º A :

- *Aproban todo 14 alumnos/as.*
- *Un alumno suspende as áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas. Presenta RE nestas áreas e tamén en Música e Danza, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Lingua Inglesa. Dende o comezo do 3º trimestre conta con 2 sesións semanais de Pedagogía Terapéutica. Tamén recibe unha sesión semanal de apoio por parte dunha mestra con liberación horaria así como o reforzo por parte da titora. Está solicitada a Valoración Psicopedagóxica. O alumno non acudiu de maneira asidua na etapa de Educ. Infantil por problemas de saúde.*
- *Un alumno suspende a área de lingua no 3º trimestre, aínda así aproba a materia na avaliación ordinaria. Conta co REFORZO EDUCATIVO nas áreas de Música e Danza, Educación Plástica e Visual, Lingua Galega, Lingua Castelá e Lingua Inglesa. Tamén recibe apoio de Audición e Linguaxe 2 sesións semanais.*
- *Unha alumna aproba todas as materias pero está solicitada a Valoración Psicopedagóxica xa que presenta moitas dificultades a nivel de atención, relación con compañeiros/as de aula, comportamentos non axeitados para a súa idade...*
- *Un alumna empezou no 2º trimestre a recibir apoio de Audición e Linguaxe 2 sesións á semana.*
- *Un alumno recibiu apoio de Audición e Linguaxe durante os 2 primeiros trimestres e foi dado de alta no último trimestre xa que superou as súas dificultades articulatorias.*

En 1º B:

- *Aproban todo 15 alumnos/as.*
- *Un alumno promociona con 1 área suspensa: matemáticas. Este alumno recibiu Reforzo Educativo nas áreas de lingua, lingua, matemáticas, inglés e música e danza. Este alumno tivo apoio por parte da mestra con dispoñibilidade horaria (mestra de 1º) así como pola miña parte como mestra titora. Así mesmo acudiu á aula de AL durante todo o curso. Comezou o 1º curso acudindo ao servizo de Atención Temperá pero deixou de acudir a ese servizo a finais do 2º trimestre por decisión dos proxenitores. Solicítase*

para este alumno un seguimento da súa valoración psicopedagóxica (que se realizou en 3 anos) así como tamén se solicita que reciba apoio de PT xa que presenta moitas dificultades a nivel académico ademais das súas dificultades na fala e na linguaxe.

- *Unha alumna promociona con 1 área suspensa: lingua galega. Esta alumna recibe Reforzo Educativo nas áreas de lingua galega e lingua castelá por parte da mestra con dispoñibilidade horaria así como pola miña parte como mestra titora debido ás súas dificultades no seu inicio do proceso lectoescriptor. No 2º trimestre solicítase a súa valoración psicopedagóxica ao DO, decídese que reciba apoio da mestra de AL durante todo o 3º trimestre e queda pendente de realizar a súa valoración psicopedagóxica.*
- *Catro alumnos recibiron apoio por parte da mestra de AL por presentar dislalias e foron dados de alta ao longo do curso.*

En 1ºC:

- *Aproban todo 15 alumnos/as.*
- *Unha alumna promociona con Música e Danza suspensa. Trátase dunha alumna que recibe REFORZO EDUCATIVO nas áreas de lingua galega, lingua castelá, matemáticas e a materia suspensa. Cabe destacar que se trata dunha alumna que non se comunica de forma oral cos seus iguais e, só nalgunhas ocasións, movendo afirmativa ou negativamente a cabeza. Ademais, ten dificultades para comunicarse co resto de persoas do centro, incluso coa persoa titora. Esta alumna recibiu apoio do profesorado de PT (dentro da aula) e de dispoñibilidade horaria. Ademais, asistiu dende o mes de outubro ao servizo de Atención Temperá.*
- *Un alumno recibiu RE nas áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas. Presenta dificultade para entender algunhas situacións sociais que se dan no día a día dunha aula, reaccionando cando non as entende de forma negativa. Presenta temas de interese moi limitados (animais) levando os temas de conversación sempre a ese tema. Ademais, recibiu apoio por parte do profesorado de PT (dentro da aula) e de AL do centro.*
- *Outro alumno recibiu RE nas materias de lingua galega, lingua castelá e música e danza. Ademais, recibiu apoio por parte do profesorado de AL.*

- *Un alumno recibiu RE nas áreas de lingua galega e lingua castelá ao longo de todo o curso e en lingua inglesa a partir do segundo trimestre. Trátase dun alumno que presenta dificultades para prestar atención e en contidos académicos, por exemplo, na lectoescritura.*
- *Unha alumna recibiu REFORZO EDUCATIVO na área de lingua galega a partir do segundo trimestre para solventar dificultades na lectura e na comprensión lectora.*
- *Un alumno tivo apoio de AL ao longo do segundo trimestre durante unhas poucas sesións debido á negatividade do neno a recibir a axuda por parte do profesorado. A profesora decidiu dar de alta a este alumno, coa conformidade da familia, xa que non aproveitaba as clases. Cabe destacar, que se trata dun alumno cunha baixa tolerancia á frustración que reacciona dun xeito desmesurado.*

5. PROPOSTAS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO SEGUINTE E PROPOSTAS DE MELLORA.

- *Seguir adicando tempo á resolución de conflitos como grupo para que os alumnos/as sexan quen de mediar entre eles.*
- *Seguir aprofundando nunha metodoloxía que faga partícipes aos alumnos/as no proceso de ensino-aprendizaxe, realizando tarefas de investigación, proxectos, traballo en grupo....*
- *Dedicar máis tempo á expresión oral, sobre todo en lingua galega, xa que o noso alumnado é castelán falante maioritariamente e no presente curso atopamos dificultades neste sentido.*
- *Prestar máis apoios ao alumnado con dificultades por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.*
- *Continuar coa ratio das aulas (16-17 nenos/as) para ofrecer unha atención educativa de calidade.*
- *Atender as peticións das valoracións psicopedagógicas así como asesoramento ás familias demandantes.*
- *Recibir un maior apoio por parte das mestras de PT e AL.*

MARÍA LESTA SEOANE- TITORA DE 1º B

ÁNGELA RODRÍGUEZ LÓPEZ-TITORA DE 1º C

VERÓNICA MARTÍNEZ GRANDÍO-TITORA DE 1º A (Coordinadora)

MEMORIA FINAL DO 2º NIVEL**1. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

O 2º nivel de Educación Primaria rematou o curso con 51 alumnos/as repartidos/as en tres grupos:

2º A: 17º alumnos/as. Un alumno repetirá e o resto promocionan, de entre estes últimos, 2 alumnos/as pasan con algunha área suspensa e un alumno que promociona por imperativo legal xa que repetiu en 1º. Ao longo do curso un alumno cambiou de centro.

2º B: 18 alumnos/as. Promocionan todos para 3º curso. Dúas alumna promocionan con Lingua Estranxeira suspensa.

2º C: 17 alumnos/as. Promocionan todos para 3º curso, agás un alumno que non promociona.

2. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Producíronse algunhas modificacións na programación didáctica:

- Participamos no PDI do centro "Cole Animal", relacionado cos animais, sendo o produto final un puzzle dun mapamundi cos animais propios de cada continente.
- Participamos no animalario imaxinario que se fixo dende a biblioteca.
- Realizamos as seguintes actividades complementarias:
 - No día Internacional contra a violencia de xénero dende as aula pintamos zapatos de cor vermella que despois se expuxeron no patio xunto cun manifesto.
 - No día Internacional das persoas con Discapacidade realizamos unha carreira enki.
 - Traballamos os dereito do neno e dos animais para conmemorar o día dos Dereitos Humanos.
 - loga na biblioteca coa colaboración dunha nai.
 - Samaín e Magosto, onde os nenos/as aportaron cabazas feitas nas súas casas

- *Nadal, onde os nenos/as participaron nun concurso de postais, ademais dende a aula escribimos bos propósitos para o vindeiro ano nun racimo de uvas. Obradoiro de Nadal con material e refugallo.*
- *Día da paz, participamos na elaboración do vídeo " con calma" relacionado co PDI.*
- *Entroido, actividade que aproveitamos para traballar o PDI, escollemos as medusas para o disfraz. Tamén a semana dos mandadiños do Meco relacionado co PDI do centro.*
- *As tres aulas tamén participaron no mural colaborativo para conmemorar o día de Rosalía de Castro.*
- *Na semana da prensa as aulas de 2º participaron na elaboración do periódico cole animal, concretamente na sección anuncios por palabras.*
- *Día do libro: Participamos na exposición dun diorama e nos apadriñamentos lectores.*
- *Na semana das Letras Galegas participamos na investigación conxunta de Francisco Fernández del Riego o escritor homenaxeado este ano.*
- *Día Mundial do Medio Ambiente, as aulas de 2º participaron en " plásticos 0 "*

3. MOTIVO DAS MODIFICACIÓNS.

Os motivos das modificacións veñen dados por todas as actividades que foron xurdindo ao longo do curso e das cales participamos.

Houbo que cambiar a temporalización dalgúns estándares para adaptarse ás necesidades que ían xurdindo ao longo do curso.

Os alumnos iniciáronse no uso da aula virtual no terceiro trimestre onde se expuxeron diferentes tipos de información e actividades de cara ao curso que ben.

4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS EN RELACIÓN A CURSOS ANTERIORES.

Os nenos e nenas de 2º teñen adquirido o proceso lectoescritor.

Atendendo a cada clase en particular, podemos dicir que:

En 2º A :

- *Aproban todo 14 alumnos.*
- *Un alumno promociona por imperativo legal con 4 áreas suspensas xa que repetiu en 1º. Contou cun mestre PT durante 3 sesións semanais e durante a hora de ler, ademais de Reforzo Educativo por parte da titora, contou tamén con apoio da mestra PT na hora de ler.*
- *Unha alumna permanecerá un ano máis no mesmo nivel. Recibiu Reforzo Educativo por parte da titora e do profesorado con dispoñibilidade horaria. Ten iniciado un expediente de absentismo escolar. As súas dificultades veñen dadas polas faltas reiteradas de asistencia e non por falta de capacidade. Solicitouse á xefatura do DO unha avaliación psicopedagóxica que xa está realizada. Tamén recibiu apoio da mestra PT na hora de ler.*
- *Un alumno promociona con 2 área suspensas. Recibiu Reforzo Educativo por parte da titora. Contou con dúas sesións semanais fóra da aula coa mestra AL.*
- *Un alumno recibiu 2 sesións de AL por dificultades na fala, sendo superada esta dificultade pero continuará o curso que ben debido as dificultades que presenta na ordenación do discurso, falta de vocabulario e dificultades para distinguir o xénero e o número.*
- *Un alumno comezou no segundo trimestre con apoio por parte de dous mestres AL, tras a solicitude ao DO no mes de setembro.*
- *Ademais dun mestre con dispoñibilidade horaria durante dúas sesións semanais que apoia ao conxunto da aula.*

En 2º B:

- *Aproban todo 16 alumnos*

Desenvolveron medidas de Reforzo Educativo 6 alumnos/as:

- *Un neno desenvolveu medidas de R.E. en Matemáticas, C. da Natureza, C. Sociais, Música, Plástica, Lengua, Lingua e Inglés.*
- *Unha nena desenvolveu medidas de R.E. en Matemáticas.*
- *Un neno desenvolveu medidas de R.E. en Música e Inglés.*
- *Unha nena desenvolveu medidas de R.E. en Matemáticas, Lengua, Lingua e Inglés).*
- *Unha nena desenvolveu medidas de R.E. en Lengua, Lingua e Inglés.*
- *E, un neno desenvolveu medidas de R.E. en Lengua, Lingua, Música e Plástica.*
- *Dous alumnos reciben 2 sesións de apoio semanal dentro da aula ordinaria por parte da mestra de P.T.; no 1º e no 2º trimestre recibiron apoio desta mestra en dúas sesións semanais da hora de ler (40 minutos). Un destes alumnos tamén recibe 2 sesións de apoio semanal fóra da aula ordinaria por parte da mestra de A.L.*
- *Unha alumna recibe 2 sesións de apoio semanal fóra da aula ordinaria por parte da mestra de A.L.*
- *Unha alumna recibe 1 sesión de apoio semanal fóra da aula ordinaria por parte da mestra de A.L.*
- *Ademais, este alumnado tamén contou con 1 sesión semanal apoio por parte da mestra-titora de 2º C.*

En 2ªC:

- *Aproban todo 16 alumnos.*
- *Unha alumna permanecerá un ano máis en 2º.*
- *Dous alumnos recibiron apoio por parte do mestre PT. Una alumna 3 sesións semanais fora da aula e outras dentro da aula. O outro alumno recibiu 3 sesións semanais compartidas coa outra alumna ademais de 2 sesións de AL Ademais de medidas de Reforzo por parte da titora.*

- *Outros 2 alumnos recibiron 1 sesión de AL compartida fóra da aula.*
- *Ademais dun mestre con dispoñibilidade horaria durante dúas sesións semanais que apoia ao conxunto da aula*
- *Apoio na hora de ler por parte da mestra PT.*

5. PROPOSTAS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO SEGUINTE.

- *Seguir dedicando tempo á resolución de conflitos como grupo para que os alumnos/as sexan quen de mediar entre eles.*
- *Seguir afondando nunha metodoloxía que faga partícipes aos alumnos/as no proceso de ensino-aprendizaxe, realizando tarefas de investigación, proxectos, traballo en grupo....*
- *Dedicar máis tempo á expresión oral, sobre todo en lingua galega, xa que o noso alumnado é castelán falante maioritariamente e no presente curso atopamos dificultades neste sentido.*
- *Prestar máis apoios ao alumnado con dificultades por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.*

MARÍA EVA ANDÚJAR VILAS

MARÍA CARMEN GARCÍA CALVO

M^a CARMEN LÓPEZ YÁÑEZ

MEMORIA FINAL DO 3º NIVEL

O 3º nivel de Educación Primaria está formado por 56 alumnos/as repartidos/as en tres grupos. Aula de 3ºA: 19, 3ºB 20 e 3ºC 17.

Na aula de 3º B houbo unha incorporación na metade do 1º trimestre dun neno procedente de Perú. Este alumno tivo algúns problemas de adaptación ao principio e non tiña adquirida a lingua escrita. Co paso dos meses foi mellorando tanto a nivel de integración no grupo clase como académico.

1. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS.

As xuntanzas de coordinación de nivel realizáronse de maneira ordinaria e algunha reunión extraordinaria sempre que foi necesario. Na clase de 3ºA, ao ser a súa titora a directora do centro, a titora 3ºC imparte a área de Lingua Castelá e a titora de 5ºC Proxecto Competencial.

No grupo de 3ºA acadáronse os obxectivos propostos e cumpriuse a programación establecida ao inicio de curso en canto a contidos se refire. Ao inicio de curso resultou complicado o establecemento de normas e rutinas que facilitarán a adquisición de bos hábitos de traballo fundamentalmente por dificultades de agardar a quenda de palabra, non interromper as explicacións da mestra, a falta de autonomía no traballo individual, dificultades para traballar en parella ou equipo, conflitos entre eles... Todas estas dificultades iniciais foron evolucionando positivamente ao longo do curso.

No grupo de 3ºB acadáronse os obxectivos propostos e cumpriuse a programación establecida ao inicio de curso en canto a contidos se refire. As relacións que se estableceron entre o grupo clase non sempre foron as correctas e iso fixo que a atención se centrara sobre todo e dous nenos un deles diagnosticado de TDAH e outro con actitudes desafiantes e liortas con bastante asiduidade. Apréciase nesta clase un liderado do alumnado que xoga ao fútbol en detrimento dos outros nenos e nenas. Cabe destacar que na actualidade os problemas de convivencia non se dan tanto nas horas de clase como nos tempos de lecer nos que si soe haber problemas.

No grupo de 3ºC Cómpre dicir que o grao de consecución dos obxectivos non foi de todo satisfactorio debido ás circunstancias persoais do alumnado e o tipo de interaccións sociais que se produciron entre as crianzas, isto provocou desaxustes que incidiron na correcta marcha

da programación e estado emocional en xeral do alumnado e o profesorado que se viu falto de apoio institucional de cara a atender a eses nenos e nenas . Foi unha tarefa ardua levar a cabo a programación, xa que os conflitos xurdidos na aula retrasaron o cumprimento da temporalización establecida. Aínda así acadáronse os obxectivos.

Non houbo ningún alumno/a que requirira de Adaptación Curricular Significativa nas aulas, pero si houbo que levar a cabo reforzos educativos nalgunhas áreas, principalmente nas instrumentais.

Valoramos como moi positivo o apoio recibido dentro das aulas por parte dos mestres con dispoñibilidade horaria. Ademais tivemos alumnado que recibiu apoio de AL fóra da aula varias sesións semanais e apoio de PT dentro da aula. O equipo docente considera que o vindeiro curso sería convinte que recibiran tamén este apoio integramente dentro da aula, dada a circunstancia persoal de determinado alumnado (sobre todo en 3ºB) e a posibilidade ou necesidade de aumentalo de cara ao vindeiro curso.

En 3ªA:

** Acudiron a facer apoio dúas horas á semana a mestra de 4ºA e unha hora á semana a mestra de 1ºB.*

** Un alumno recibiu apoio por parte da mestra especialista en PT, na aula ordinaria.*

** O DO realizou dúas avaliacións psicopedagógicas das que unha foi derivada aos servizos sanitarios e estamos á espera dos resultados. Outra das avaliacións realizadas conclúe que unha alumna precisa apoio de PT dentro da aula de cara o vindeiro curso. Queda pendente de avaliar un alumno que xa foi solicitado ao DO no mes de marzo.*

** Ademais, outros 5 alumnos reciben RE por parte da titora, da mestra de Lingua Castelá e Literatura e da mestra de Lingua estranxeira.*

** Houbo un neno que foi avaliado externamente con resultado de AACC.*

** 1 alumna suspende lingua estranxeira e outro alumno suspende 2 (lingua estranxeira e música e danza).*

** Durante o 1º trimestre houbo na aula unha mestra de prácticas na aula que foi de gran axuda para adoptar as rutinas de traballo na aula e atender á diversidade da aula.*

En 3ºB.

* Acudiu a facer apoio dúas horas á semana a mestra de 2ºB.

* Ademais 1 alumno recibiu apoio por parte da mestra de AL dentro e fóra da aula ordinaria unha sesión e media á semana. Intercalouse neste sentido o traballo da escrita a partir dos diferentes tipos de texto cunha intervención máis específica relacionada coas habilidades pragmáticas (role playing, imaxes, simulación de actos comunicativos...) e inferenciais. Este neno ao principio estaba asignado a unha AL e despois por razóns de horario e compatibilidade cambiou. Así acudiu fóra da aula acompañado doutro neno que recibe apoio de AL por problemas de discriminación auditiva que transcribe na escrita, disgrafía e disortografía. Destacar que o alumno con TDAH transmite continuamente á súa titora que non quere saír da aula cos mestres de apoio, so acude contento se sae co outro neno.

* Estes dous nenos tamén recibiron catro sesións de apoio da mestras especialista en PT na área de matemáticas (3 sesións) e ciencias (1 sesión) dentro da aula ordinaria maioritariamente para favorecer a inclusión educativa e optimizar os recursos. Un destes nenos promociona a 4º con dúas suspensas inglés e música e reforzo en todas excepto en plástica e educación física. O outro recibe reforzo nas dúas linguas e en música aprobando así todo.

* Houbo unha incorporación a finais da primeira avaliación dun neno procedente do Perú, a súa adaptación académica foi boa pero necesita reforzo nas áreas das linguas sobre todo na escrita (cando chegou so coñecía as letras do abecedario) con erros de omisións, ortografía, unións e fragmentacións..., tamén por problemas de comprensión do galego (avanzou moitísimo), e de gramática (acentuación, tipos de palabras...). O mesmo sucede nas áreas de ciencias sociais e naturais, unido tamén ás diferenzas culturais e descoñecemento da cultura galega e española (por exemplo: comunidades autónomas). Neste neno centrouse a axuda da mestra con dispoñibilidade horaria, contou cos dúas sesións de AL fóra da aula ordinaria e beneficiouse do apoio da mestra de PT. Este neno promociona a 4º coas áreas de lingua galega, matemáticas e inglés suspensas e reforzo no resto das áreas excepto en educación plástica e educación física.

* Unha nena recibe reforzo en música e outros dous en inglés.

** Houbo que facer varias intervencións coas relacións sociais dun neno e doutro grupo de tres que tiveron problemas co resto da aula e mesmo con alumnado de outras clases, tamén houbo que facer cambios na disposición da clase porque non se relacionaba adecuadamente. Colocalos en grupos de catro trouxo bos resultados no social e académico.*

**Durante o mes de febreiro houbo nesta aula un alumno do Prácticum I.*

En 3ºC:

** Acudiron a facer apoio unha sesión á semana a mestra de 1ºB*

** Hai unha alumna que foi valorada polo DO este curso por dificultades nas linguas con perfil de dislexia sen informe do SERGAS a petición da familia. Recibiu apoio e modificación do lugar na aula para facilitarlle o desempeño curricular.*

** Outra nena recibiu apoio na aula por parte da especialista en PT tres sesións semanais. Esta alumna ten dificultades de aprendizaxe nas áreas de linguas e matemáticas.*

** Xurdiron conflitos sociais derivados de malos entendidos entre nenas e nos nenos por situacións asociadas ao fútbol, pois hai nenos de outra aula que consideran a súa destreza deportiva por riba da dos demais e marxinan, burlan e insultan a nenos que ven menos competentes dentro desta aula.*

2. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

A programación establecida foise respectando en tódalas áreas en todas as aulas, salvo en 3ºC onde se retrasaron temas nas linguas no segundo trimestre e tamén no terceiro.

Fixemos as actividades que estaban previstas na programación, o alumnado participou en varias actividades complementarias como o intercambio postal entre alumnado dunha mesma aula con Visita á oficina de correos de Carral a pé, a excursión ao Museo de Historia Natural de Ferrol, ao Acuario da Casa dos Peixes na Coruña e a Aula da Natureza de Marcelle no Concello de Lugo (unha saída por trimestre). Participamos en todas as actividades propostas polos equipos do centro e todas as aulas usaron tanto a biblioteca como a radio escolar, tanto para gravar os programas do Día da Muller como outros: Día dos dereitos dos animais, día dos pingüíns, vermes de seda...

As conmemoracións nas que participamos partindo das propostas dos equipos do centro ou outras propostas foron:

1. *Magostomaín: partindo dun gorro creamos un animal terrorífico. Tamén escribimos palabras en galego relacionados co outono, fundamentalmente para traballar o vocabulario en galego no noso alumnado que cada vez amosa máis dificultades para expresarse na nosa lingua. E, para rematar fixemos a tradicional degustación de castañas.*
2. *Polo Día dos Dereitos da Infancia cada aula deseñou unha silueta dun neno/a e dun animal(por ser o tema do noso PDI) cun dereito escrito dentro.*
3. *No Día da Violencia de xénero decoramos uns zapatos vermellos imitando a Elina Chauvet, con eles escribimos a frase "NIN 1 MÁIS" e o alumnado de 6º leu un manifesto coas frases elaboradas nas diferentes aulas.*
4. *No Día da Discapacidade fixemos un carreira solidaria.*
5. *Elaboramos unhas postais de Nadal que intercambios co resto do alumnado do centro por alimentos, produtos de hixiene... e que doamos aos Servizos Sociais do Concello de Carral para axudarlle ás persoas necesitadas no noso Concello.*
6. *Participaron nun Obradoiros de Ilustración con alumnado de Belas Artes de Pontevedra (unha das participantes é irmá de dúas nenas do colexio), neste caso sobre animais imaxinarios e mitolóxicos para 3º de EP na Biblioteca do centro.*
7. *Día da Non Violencia e Paz cada aula fixo un vídeo explicando o que facía un animal elixido por eles, en paz e con calma.*

8. *Entroido: dado que o PDI do cole se titula "Cole Animal", cada nivel elixiu un animal para o disfrace, facer o tradicional pasarrúas e a degustación de filloas e rosquillas.*
9. *Asistimos a unha visita do Hematocrítico que firmou libros da "Alcaldesa vermella", lido neste curso como parte do Plan Lector.*
10. *O día de Rosalía participaron nun apadriñamento lector temático con motivo da conmemoración do nacemento da escritora. Ademais de decorar un anaco dun mural para facer un collage coa cara de Rosalía que foi exposta na entrada do centro.*
11. *Trouxeron fotos das súas mascotas da casa para expoñer na cortiza do corredor da entrada do colexio.*
12. *Participamos na elaboración dun xornal de todo o centro na semana da Prensa.*
13. *Elaboraron dioramas con libros que falaban de animais e expuxéronnos xunto co resto de dioramas feitos por todo o alumnado.*
14. *Unha vez máis tiveron a sorte de asistir a un encontro participativo con Sabela Fernández Trelles, autora do libro "Que queres ser de maior, pequena?" e unha das lecturas que fixeron nas aulas de 3º.*
15. *Visita de Malibú (unha canciña abandonada) e charla sobre o tema do abandono animal co persoal deste programa pertencente á Casa Grande de Xanceda.*
16. *Tamén elaboraron traballos, xogos e dinamizaron a Feira final do PDI durante os días 19 e 20 de xuño, asistindo pola tarde do día 20 numerosos nenos e familias do 3º nivel.*
17. *Varios alumnos e alumnas elaboraron obradoiros para os Recreos de Talentos, desde lettering ata concertos de violín, pasando pola elaboración de debuxos.*
18. *Participamos na actividade "Residuos cero plásticos" que se propuxo para concienciar ao alumnado para reducir o emprego de envases, plásticos.. con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente.*
19. *No último día do curso escoitaron un concerto da "Gramola Gominola" onde bailaron e fixeron coros das letras que aprenderan nas aulas.*

20. *Limos cada trimestre un libro e os intercambiamos entre as tres aulas. Un día á semana o alumnado de 3ºB e 3ºC subiu na hora de lectura a ler co alumnado de 5º B e A respectivamente á Biblioteca no que chamamos Apadriñamentos lectores; o alumnado de 3º A facía estes apadriñamentos co alumnado de 5º EI.*
21. *Derivado da participación dos nenos e nenas de 3º no Consello da Infancia o noso alumnado formou parte voluntariamente das patrullas ecolóxicas formadas no centro para manter o noso patio limpo e tamén foron encargados de repartir e organizar os xogos e xoguetes que se poden empregar na hora do recreo.*
22. *Participamos nas propostas do Concello de Carral como:*
 - * Visita do Carteiro Real no Nadal.*
 - * Recibimos sesións do programa de Educación Emocional nas aulas.*
 - *Asistimos a unha charla educativa sobre seguridade viaria na aula con prácticas no pavillón do centro escolar.*

3. MOTIVO DAS MODIFICACIÓNS.

A meirande parte das modificacións feitas sobre a programación anual para o nivel foron debidas a: situacións de conflitos entre o alumnado e xestión a nivel emocional de determinadas circunstancias persoais dos nenos e nenas.

A titora de 3ºA é a directora do centro, o que supuxo un cambio de horarios na súa clase e unha sobrecarga horaria para ela polo que iso implica ademais da perdas de tempo entre os intercambios de mestres.

As modificacións na área de Lingua Galega de 3ºC leváronse a cabo debido a que parte das horas foron empregadas para o desenvolvemento das actividades de obrigada conmemoración propostas polos diferentes equipo, actividades que consideramos que son importantes porque están relacionadas coa realidade diaria e identidade cultural do alumnado inda que a maior parte de ditas conmemoracións estaban xa integradas na programación e nesta clase foi complicado respectar a temporalización de todas elas polo que carrexaron retrasos.

En canto ás actividades complementarias, dicir que estaban planificadas desde o principio de curso e se foron respectado e levando a cabo segundo o previsto.

As modificacións incluídas no referido á metodoloxía garanten a atención individualizada, a inclusividade e non penalizan a realidade socioeconómica ou personalísima máis próxima dos discentes, adaptando isto último ao nivel, intereses e contexto en cada momento do proceso de ensino-aprendizaxe porque os membros do equipo entendemos a programación como un documento aberto que debe ser flexible e adaptarse a todo o citado neste parágrafo.

4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS DOS ALUMNOS/AS EN RELACIÓN A CURSOS ANTERIORES.

En 3ºA promociona todo o alumnado pero hai que sinalar que:

- *Un alumno, diagnosticado de TDAH, promociona con dúas suspensas (Lingua Estranxeira e Música e Danza) ademais de levar reforzo en Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.*
- *Unha alumna promociona con Lingua Estranxeira suspensa e leva RE en Música e Danza.*
- *Unha alumna leva RE en Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Lingua Estranxeira e Música e Danza.*
- *Un alumno leva RE en Música e Danza e Lingua Estranxeira.*
- *Un alumno leva RE en Música e Danza.*

En 3ºB un alumno promociona a 4º con dúas suspensas inglés e música e reforzo en todas excepto en plástica e educación física. Outro alumno recibe reforzo nas dúas linguas e en música aprobando así todo. Hai un neno que promociona a 4º coas áreas de lingua galega, matemáticas e inglés suspensas e reforzo no resto das áreas, excepto en educación plástica e educación física. Finalmente, unha nena recibe reforzo en música e outros dous en inglés.

En 3ºC promociona todo o alumnado a 4º inda que:

- *Suspenden e levan reforzo en Ciencias Naturais dúas nenas.*

- *Suspenden e levan reforzo en Lingua Galega tres nenas.*
- *Suspenden e levan reforzo en Matemáticas catro nenas.*
- *Catro alumnos suspenden Lingua Estranxeira e cinco levan reforzo.*

A avaliación do alumnado foi concibida como reguladora da aprendizaxe e tamén formativa. A información obtida do proceso de avaliación serviu para orientar o proceso educativo e indicou ao profesorado e alumnado onde se atopaban con respecto ao desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos establecidos.

5. PROPOSTAS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO SEGUINTE E PROPOSTAS DE MELLORA.

- * *Seguir adicando tempo á resolución de conflitos e a adquisición de habilidades sociais que permitan que as relacións entre os alumnos/as sexan mellores.*
- * *Continuar empregando unha metodoloxía activa que faga partícipes aos alumnos/as no proceso de ensino-aprendizaxe, realizando tarefas de investigación, proxectos, traballo en grupo.... Nas aulas de 3ºA e B iniciáronse agrupamentos de tipo cooperativo (grupos base, grupos cooperativos formais e informais) xa que as mestras participan no PFPP que se está levando no centro con esta temática.*
- * *Incidir na expresión oral, sobre todo en lingua galega, xa que o noso alumnado é castelán falante maioritariamente e no presente curso atopamos dificultades neste sentido.*
- * *Continuar cos apoios ao alumnado con dificultades por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria que valoramos moi positivamente.*
- * *Asemade, consideramos que se debe continuar con programas de Reforzo (PROA) para atender ao alumnado vulnerable ou a aquel que presenta dificultades de aprendizaxe.*
- * *Consideramos que o alumnado siga participando no PDI do centro e traballar así a alfabetización informacional así como nas actividades propostas desde os diferentes Equipos e Organismos.*

MEMORIA FINAL DO 4º NIVEL

O cuarto nivel de E.P. está formado por 53 alumnos/as, repartidos/as en tres grupos. A aula de 4º A contou con 18 nenos/as, a aula de 4ºB con 18 alumnos/as e a de 4ºC con 17 alumnos/as.

1. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Os estándares propostos acadáronse na súa maior parte sen dificultade. Sen embargo, houbo algún estándar que non se conseguiu por falta de tempo.

O grao de consecución dos obxectivos do alumnado de cuarto foi bastante bo.

En 4ºA:

- Un alumno non acadou os obxectivos nas áreas de Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Inglés e Valores. Recibiu RE en Música e en Inglés.*
- Outro alumno non acadou os obxectivos de Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias da Natureza e Inglés. Tivo RE en Música, Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Inglés.*
- Dúas alumnas non acadaron os obxectivos de Matemáticas e inglés e dous alumnos non acadaron os obxectivos de Inglés. Unha delas tivo RE en música e as dúas en Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Inglés.*
- Un alumno non acadou os obxectivos en Inglés e tivo RE nesta materia.*
- Unha alumna non acadou os obxectivos de Inglés e tivo RE en Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Inglés.*
- O resto do grupo superou todas as áreas.*
- Non promocionan dous alumnos.*

En 4º B:

- *Unha alumna non acadou os obxectivos en seis áreas (Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Inglés). Un dos motivos polo que non acadou os obxectivos é debido ao absentismo escolar, sen embargo, tivo RE nas áreas de Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, Inglés e Música.*
- *Outra alumna non acadou os obxectivos de Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Galega e Inglés. Tivo RE nas áreas de Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Música e Inglés.*
- *Dous alumnos non acadaron os obxectivos de Inglés. Tiveron RE nesta área.*
- *Dúas alumnas que acadaron todos os obxectivos tiveron RE en Música e unha delas ademais en Inglés.*
- *Un alumno que acadou todos os obxectivos ten ACS.*
- *O resto do grupo superou todas as áreas.*
- *Non promociona unha alumna e promocionan dous por imperativo legal.*

En 4º C:

- *Un alumno non acadou os obxectivos en Matemáticas, Lingua Galega, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Inglés. Recibiu RE en Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Música e Inglés.*
- *Unha alumna non acadou os obxectivos en Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas e Inglés. Tivo RE en Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Música, Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.*
- *Dous alumnos non acadaron os obxectivos en Inglés e tiveron RE nesa área. Un deles tivo RE en Música.*
- *Un alumno acadou os obxectivos en todas as áreas, pero tivo RE en Ciencias Naturais, Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.*
- *O resto do grupo superou todas as áreas.*
- *Unha alumna promociona por imperativo legal.*

2. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO NIVEL

Ao longo do curso producíronse as seguintes modificacións:

1. *Reforzos educativos: nove en Matemáticas, nove en Lingua Castelá, nove en Lingua Galega, trece en Inglés, dez en Música, tres en Ciencias da Natureza e dous en Ciencias Sociais . Unha ACS en todas as áreas.*
2. *Algúns contidos de Matemáticas (rectas, ángulos, polígonos e corpos xeométricos) que son comúns a área de Plástica traballáronse nas dúas áreas.*
3. *Realizáronse as seguintes actividades complementarias:*
 - a. *Celebración da consecución do bambán adaptado para un compañeiro de clase, para o que se recolleran sinaturas o curso anterior.*
 - b. *Investigación sobre pingüíns (a nosa mascota) por mor do Día das Bibliotecas.*
 - c. *Decoración do vestíbulo coa temática de Samaín.*
 - d. *Interpretación dunha canción en sistema bimodal coa temática do Samaín.*
 - e. *Exposición de cabazas.*
 - f. *Participación na elaboración dun mural con palabras en galego referidas ao Magosto ou ao outono en forma de follas e elaboración dun castañeiro para comer as castañas da festa.*
 - g. *Participación no "Consello da Infancia".*
 - h. *Apadriñamentos lectores dos nenos/as de 1º.*
 - i. *Conmemoración do día "Contra a violencia de xénero" elaborando un manifesto e zapatos vermellos.*
 - j. *Participación na elaboración de siluetas de animais e de persoas, escribindo neles dereitos e deberes, con motivo da conmemoración dos dereitos da infancia.*
 - k. *Conmemoración do día da discapacidade participando na carreira "Enki".*

- l. Exposición de máquinas simples feitas polos alumnos/as.*
- m. Intercambio de alimentos e produtos de necesidade por postais de Nadal feitas polos alumn@s.*
- n. Visita do Carreiro Real.*
- o. Participación na decoración do vestíbulo con acios de uvas da sorte con mensaxes para o Ano Novo.*
- p. Visita educativa á Domus.*
- q. Participación na gravación dun vídeo "Os animais en calma", para conmemorar o Día da Paz.*
- r. Participación nas actividades propostas para celebrar o Entroido.*
- s. Elaboración dunha peza dun mural pola conmemoración do día de Rosalía.*
- t. O alumnado de 4º B asistiu a un taller de globoflexia.*
- u. Saída educativa ao Museo Etnolúdico Galego (MELGA).*
- v. Elaboración de volcáns por parte do alumnado e explicación e exposición da súa erupción ao alumnado de Ed. Infantil.*
- w. Participación no programa "Educando na biosfera": Ecomedores da Biosfera.*
- x. Participación na elaboración dunha revista dixital con motivo da Semana da Prensa.*
- y. Participación nun taller no que se conxugan animais e arte (Animalario Imaxinario).*
- z. Elaboración de dioramas sobre contos de animais con motivo do día do libro.*
- aa. Realización, nun pergamiño, de adiviñas de animais en galego para conmemorar o día das artes galegas coñecendo a Martín Códax e o Pergamiño Vindel.*
- bb. Representación teatral de "A árbore testemuña" 4ºA, "O Oso Canso" 4ºB e " Un saúdo inicia a amizade" 4ºC.*
- cc. Participación nun taller de elaboración de programas de radio.*
- dd. Actividades relacionadas con Francisco Fernández del Riego para a celebración das Letras Galegas.*
- ee. Participación na actividade "Plásticos Cero" para conmemorar o día do medio ambiente. A aula gañadora, neste caso 4ºB, plantou un mandarino.*

ff. Participación no PDI para a elaboración dun produto final relacionado cos animais, no noso caso os animais mitolóxicos.

gg. Visita a Poboaventura.

hh. Asistencia ao concerto de "Gramola Gominola" como actividade de fin de curso.

Algunhas destas actividades eran de carácter voluntario e non participou nelas a totalidade do alumnado.

- 4. Ao longo de todo o curso estivo en funcionamento a Aula Virtual a cal lles permitiu desenvolver destrezas relacionadas coa competencia dixital.*
- 5. Este curso seguiuse co blogue das aulas de 4º EP para facilitar a comunicación entre a escola e as familias de tal xeito que estas últimas podían ver e seguir as actividades que facían os seus fillos e fillas e comentalas.*

3. MOTIVOS DAS MODIFICACIÓNS

1.- Adecuar a metodoloxía, os recursos materiais e humanos, a temporalización e a flexibilización da avaliación ás necesidades que presentaban os alumnos.

2.- Para acadar así unha maior comprensión dos contidos.

3.- Coa finalidade de favorecer a participación activa do alumnado nas distintas actividades do centro, fomentando así a colaboración entre alumnos, a súa socialización e o seu enriquecemento persoal.

4.- Practicar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación en previsión de posibles confinamentos.

5.- Acercar ás familias ao ámbito escolar.

4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS DOS ALUMNOS/AS EN RELACIÓN A CURSOS ANTERIORES

Os alumnos con NEAE serán valorados a principio de curso para continuar ou non coas medidas propostas ata agora ou iniciar novas actuacións e/ou a necesidade de que reciban apoio por parte de AL ou PT.

En xeral, podemos dicir que:

- *Dous alumn@s de 4ºA non acadaron os resultados esperados debido á falta de interese e traballo.*
- *Unha alumna de 4º B non acadou os resultados esperados, tendo en conta as súas posibilidades, debido á falta de interese, traballo e absentismo escolar.*
- *Unha alumna de 4º C non acadou os resultados esperados, tendo en conta as súas posibilidades, debido á falta de interese e traballo.*

5. PROPOSTAS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO SEGUINTE

- *Revisión exhaustiva de cada un dos puntos da programación, para axustala ás indicacións de inspección e á lei vixente.*
- *Adaptar a temporalización, tendo en conta a amplitude do currículo e as diversas conmemoracións desenvolvidas polo centro.*
- *Propónse revisar o número de actividades a realizar, estudando unha programación máis realista e prescindindo, ás veces, dalgunhas actividades repetitivas dos libros de texto e as dos distintos equipos xa que as propostas resultan excesivas impedindo levar a cabo a realización doutras programadas.*
- *Dedicar máis tempo á expresión oral, sobre todo en lingua galega, xa que o noso alumnado é castelán falante maioritariamente; ademais, somos conscientes de que o traballo da expresión oral nestas idades é fundamental para reflexionar sobre diferentes alternativas, chegar ás propias verdades e aprender a afrontar as dificultades.*
- *Seguir coa introdución e o traballo coas novas tecnoloxías, en colaboración co equipo das TICs.*
- *Continuar co blogue como medio de comunicación familia – escola.*

Carral, 23 de xuño do 2023

As titoras de 4º de EP.

MEMORIA FINAL DO 5º NIVEL

1. Grao de consecución dos obxectivos.

No relativo aos obxectivos xerais da educación primaria, podemos dicir que se traballaron de maneira ampla ao longo das diversas programacións, conmemoracións, saídas, actividades complementarias do centro etc.

Reparando no grao de consecución dos obxectivos xerais propostos nas programacións, podemos considerar o seu amplo cumprimento. Aínda así, naqueles obxectivos específicos vinculados aos criterios expostos no punto 2 -debido á análise das modificacións realizada no apartado 3- precisase afondar no seguinte curso para a súa correcta consecución.

En 5º curso de Educación Primaria contamos cun total de 54 alumnos/as. Están distribuídos en 3 aulas, existindo 18 alumnos/as tanto en 5ºA, 5ºB coma 5ºC. Todos/as os/as alumnos/as promocionan para 6º de educación primaria tal e como recolle a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Neste curso escolar 2022/2023, ante a diversidade presente nas aulas e os resultados acadados na avaliación ordinaria podemos concretar que:

- *En 5ºA: neste grupo 2 alumnos/as suspenden catro das áreas, outra alumna suspende tres delas e finalmente unha alumna non supera as matemáticas. Contan con reforzo en todas estas áreas e o grupo recibe apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria nunha sesión de Lingua Galega e tres sesións nas que se conta co apoio do profesorado PROA+, principalmente na área de matemáticas. O profesorado de pedagogía terapéutica atendeu a tres alumnas a razón de tres, tres e unha hora respectivamente.*

- *En 5ºB: hai unha alumna que suspende 2 áreas. Tamén, hai 6 alumnos que contan con reforzo educativo. Nunha hora semanal dispónse do apoio da mestra de PROA+, en dúas sesións semanais acode á aula a mestra con dispoñibilidade horaria e en dúas sesións apoia a profesora especialista de PT dentro da aula ordinaria a unha alumna en concreto.*
- *Na aula de 5ºC: un dos alumnos non supera cinco das áreas, e outra non supera a área de matemáticas. Contan con reforzo en todas estas áreas e o grupo recibe apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria nunha sesión de Lingua Galega e Literatura e outra de Matemáticas, ademais de dúas sesións nas que se conta co apoio do profesorado PROA+ na área de Lingua Galega e Literatura. Unha alumna de nova incorporación recibiu temporalmente o apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica ata acadar a suficiencia para continuar de xeito autónomo a súa progresión.*

*A continuación faise un resumo do desenvolvemento das **competencias clave** seguindo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa:*

- *Competencia en comunicación lingüística: Durante o curso desenvolvemos a competencia en comunicación lingüística nas súas catro destrezas básicas: escoitar, falar, ler e escribir. Preséntase unha ampla diversidade de niveis en calquera destas destrezas. Resulta importante facer fincapé en que, nas tres aulas, atopáronse dificultades especialmente no dominio da expresión e comprensión escrita. No relativo á expresión e comprensión oral, xa contaban cun gran desenvolvemento que foi progresivamente incrementándose. Fundamentalmente, atopáronse erros ortográficos así como a problemas de coherencia e cohesión presentados nos seus textos. Para poder traballar ditas dificultades, empregamos c distintos medios de expresión e representación; por exemplo: apoio en diferentes programas de presentación multimedia así como a elaboración de diferentes textos na escrita (descritivos, instrutivos, narrativos, expositivos e argumentativos) co emprego de diversos conectores por medio de papel ou tecnolóxico.*

Para o traballo da comprensión lectora, os titores fixemos unha escolla de 3 libros de lectura (“La buena suerte”, “O destino de Kameko” e “Vampira de Biblioteca”) que se foron rotando polas 3 aulas en cada un dos trimestres. Asemade, tamén realizamos apadriñamentos lectores e para continuar ampliando as súas destrezas na expresión oral, empregamos Radio na Biblio.

- Competencia plurilingüe: Impartíronse de maneira integrada os contidos de lingua galega e castelá, aproveitando tamén a área de inglés onde se realizaron diversos proxectos de maneira cooperativa, aproveitando especialmente o PDI do colexio sobre animais. Realizáronse: pescudas sobre mulleres que axudaron á defensa dos animais, collages sobre elas colaborando nas tres áreas etc.

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría: Referente á competencia matemática, o nivel é bastante bo. As maiores dificultades radican na resolución de problemas, derivada na meirande parte pola dificultade na comprensión, interpretación e expresión dos datos. Por esta razón, reforzouse fundamentalmente a realización de problemas matemáticos baseados no seu entorno, nos seus intereses e a súa posterior representación a través de esquemas lineais.

Por outra banda, o desenvolvemento da competencia científica e tecnolóxica nestes grupos foi moi satisfactoria debido a realización de experimentos científicos, desenvolvemento da robótica a través do uso do espazo Polos Creativos, a realización dun Stop Motion, diversas actividades con Scratch... Moitos destes aspectos foron traballados en obradoiros interdisciplinares realizados cada venres entre os distintos grupos do nivel.

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender e competencia cidadá: A valoración destas competencias realízase de xeito conxunto xa que se incidiu nun traballo integral de desenvolvemento da personalidade, habilidades sociais, valores cívicos, motivación cara a aprendizaxe etc.

A resolución de problemas sociais mellorou moito, a xestión dos conflitos dentro da propia aula, a regulación do comportamento, a expresión de situacións-conflito e a petición de axuda ante dificultades nas relacións incrementou o nivel de confianza inter e intrapersonal, favorecido pola aplicación de estratexias comunicativas e de desenvolvemento de habilidades emocionais. A realización de diversas asembleas preventivas ou para a solución de conflitos supuxo un gran avance no seu desenvolvemento da súa responsabilidade emocional. Habilidades sociais coma a empatía, o diálogo, o sentido da responsabilidade, comunicación e cooperación entre iguais víronse potenciadas e deron pé para solucionar problemáticas de convivencia xurdidas.

O traballo cooperativo estivo moi presente ao longo do curso, contribuíndo á mellora da convivencia. Deste xeito, puxéronse en marcha as estratexias adquiridas por parte do profesorado no Programa de Formación Permanente do Profesorado "Metodoloxías activas: iniciación á aprendizaxe cooperativa" que se iniciou neste curso 22/23 no centro e que terá continuidade no vindeiro curso. Ademais, neste curso traballamos o Programa de Educación Emocional, apoiados polo persoal do Concello de Carral.

Por outro lado, no aspecto de aprender a aprender, destaca o traballo con resumos, esquemas, mapas de pensamento para facilitar o traballo e o estudo nas áreas con gran carga informacional. Seguen tendo algunha dificultade para organizar as ideas e sintetizar a información. Asemade, cómpre seguir afianzando a posta en común á hora de levar a cabo traballos grupais nos que todos os integrantes dos mesmos teñan un peso específico no desenvolvemento deste tipo de traballos.

- *Competencia dixital. O uso de recursos virtuais, as diferentes aplicacións e programas traballados, contribuíron ao desenvolvemento da alfabetización mediática e informacional (AMI), que de maneira presencial potenciamos entre outros recursos co desenvolvemento do PDI do centro. Asemade, iniciáronse nun uso cotiá do EVA EDIXGAL e de xeito paulatino foron logrando destrezas e habilidades no uso funcional dos mesmos. Ademais de todo o citado ao respecto da competencia STEM.*

- Competencia en conciencia e expresión culturais. *Traballamos diferentes técnicas plásticas/artísticas, uso de materiais, a autonomía na preparación e organización dos mesmos, planificación e posta en práctica das técnicas e recursos escollidos, establecéndose nalgúns casos serias dificultades para a orde e a limpeza. O traballo realizado sobre os rudimentos do debuxo técnico, quizais sexa dos aspectos que máis dificultades presenta, por falta de destreza e precisión á hora do manexo das ferramentas propias da materia.*
- Competencia emprendedora. *Dentro desta competencia traballamos valores e actitudes como a responsabilidade grupal e individual e os roles dentro do traballo cooperativo. En concreto, todos os grupos do nivel contaban cunha gran competencia emprendedora que se continuou a desenvolver ao longo do presente curso. A través deste desenvolvemento competencial, podemos establecer que a adquisición da totalidade dos obxectivos da etapa foron alcanzados nun grao satisfactorio.*

2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.

A continuación indícanse as modificacións introducidas durante o curso nas diferentes áreas.

Matemáticas

- *A unidade didáctica 1 rematouse ao comezo do segundo trimestre. Os contidos C1.4.5, C1.5.1 da Unidade 1, non corresponden a esta unidade, se non á Unidade 2, na que xa aparecían.*
 - *A UD4 – Medindo a lonxitude, a masa e a capacidade pasou para o trimestre 3, xunto ao tempo e a superficie. Deste xeito, e vendo o peso que tivo cada unidade didáctica no trimestre, a nota do 2º trimestre constrúese cun 60% para a UD2 e un 40% para a UD3.*
- *A unidade didáctica 4, tal e como se indicou impartíuse e avalíouse no 3º trimestre en lugar do 2º. Non se avaliou a unidade didáctica 6 (xeometría) en ningunha das aulas do nivel, pasando a ser a ponderación das unidades no terceiro trimestre dun 60% para a unidade 4 e dun 40% para a unidade 5.*

Proxecto competencial

Sen modificacións.

Educación plástica e visual:

- *Por falta de tempo desbotamos o traballo de costura no primeiro trimestre, que se traballa dende Polos Creativos.*
- *O contido 2.3 non se traballou no 1º trimestre nin no 3º, se non no 2º (no que xa se incluía).*
- *O contido 2.7 non se traballou no 1º e 2º trimestre, se non que se traballou no 3º (no que xa se incluía).*
- *Os contidos 4.2, 4.3 e 4.6 non se traballaron no 1º trimestre, si se traballaron no 3º trimestre (no que xa se incluían).*

Ciencias sociais:

Nas aulas de 5ºB e 5ºC, algúns contidos do trimestre 1 avaliáronse no trimestre 2, polo que o CA2.1 ten un peso na segunda avaliación dun 10%, pasando os CA 3.1 e 3.4 a ter un 25% en lugar do 30% previo. Todos se avalían mediante Proba escrita.

Os contidos 1.2 e 1.7 foron traballados xa na UD1, aínda que se enmarcaran na UD2.

Ciencias da natureza:

Nas clases de 5ºB e 5ºC optouse por comezar pola UD2 en lugar da UD1, por coherencia cos contidos. Algúns contidos da unidade 1 rematáronse ao comezo do 2º trimestre, por todo isto, modificouse o peso de cada unha das unidades didácticas, avaliando ao completo a unidade 1 no propio segundo trimestre nestas aulas.

Deste xeito o 2º trimestre pasou a organizarse do seguinte xeito:

- *UD1: 30%*
- *UD3: 35%*
- *UD4: 35%*

Polo que se procede da seguinte maneira para calcular a nota final:

- *Nota da 1ª avaliación: 20%*
- *Nota da 2ª avaliación: 40%*
- *Nota da 3ª avaliación: 40%*

Os contidos C4.2.1 e C4.2.2 non se traballaron na UD3, xa que pertencían á UD1, na que foron traballados.

Lingua castelá e literatura:

Cumpriuse a programación en todos os trimestres. Quedaron só pendentes algunhas cuestións relativas a ortografía e análise sintáctico.

Lingua galega e literatura:

Cumpriuse a programación en todos os trimestres. Quedaron só pendentes algunhas cuestións relativas a ortografía e análise sintáctico.

3. Motivo das modificacións , sobre estratexias metodolóxicas e criterios de cualificación, promoción e titulación.

A nivel metodolóxico producíronse certas modificacións sobre o previsto, tendo en conta a participación dunha parte importante do claustro no Plan de Formación Permanente do Profesorado iniciado neste curso 2022/2023 "Iniciación á metodoloxías activas", onde se desenvolveron contidos da aprendizaxe cooperativa que se considerou preciso engadir ao día a día da aula. Nunha das aulas debido á diversidade existente, empregouse moito material visual, axustáronse as explicacións a diversas formas de expresión e representación (p. ex. uso de presentacións, fichas, cancións, dinámicas orais... en definitiva: adaptación ás necesidades individuais da aula tendo en conta de xeito especial os protocolos publicados pola Consellería de Educación en materia de atención á diversidade. En todas as aulas se realizou unha adaptación de tempos e instrumentos de avaliación para facilitar o desempeño de probas escritas por parte do alumnado que así o precisara.

Na área de matemáticas complementáronse os contidos achegados por E-Dixgal con material de elaboración propia do profesorado, xunto con outros recursos en liña que apoiaron todos os contidos traballados e especialmente reforzaron a práctica.

En canto aos criterios de cualificación foron modificados tal e como se recolle no punto 2 desta memoria, sendo este cambio motivado por o atraso acumulado no primeiro trimestre por diversos factores como poden ser: coñecer o alumnado, a adaptación do profesorado funcionario en prácticas á contorna educativo, o cambio de ciclo do alumnado, as carencias de material relacionadas coa implantación do libro dixital neste 5º curso, así como a adaptación do alumnado á contorna dixital. Tamén foi moi relevante a necesidade de reforzar certos contidos que non tiñan completamente asentados e que se consideran indispensables para o avance en materias como as matemáticas e as linguas.

4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

A avaliación, como feito global e continuo, considérase o punto de partida imprescindible para coñecer a verdadeira evolución do alumnado. Na maioría de casos, con respecto aos cursos anteriores, houbo unha salientable progresión; non só observada ao longo das distintas probas de avaliación, senón nas autoavaliacións do propio alumnado, quen recoñece progresión individual na maior parte dos casos. Aínda así, cómpre reparar no vindeiro punto para reforzar aqueles aspectos que resultaron máis complexos.

A continuación, como resultado do anteriormente mencionado, preséntase unha táboa co número de suspensos por aula, soamente naquelas materias onde existiu algún.

	Lingua galega	Lingua castelá	Matemáticas	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Inglés	Educación plástica e visual
5ªA	3	3	5	0	0	2	0
5ªB	0	0	1	0	0	0	1
5ªC	1	1	2	1	1	2	0

Porén, podemos concluír que dos 54 alumnos que hai en 5º de educación primaria, o número de aprobados por área distribúese do seguinte modo:

- O número de aprobados en lingua galega e lingua castelá é do 92,59%
- O número de aprobados en matemáticas é do 85,18%
- O número de aprobados en ciencias da natureza, ciencias sociais e educación plástica e visual é do 98,15%
- O número de aprobados en inglés é do 96,29%
- No resto de áreas, o aprobado é do 100%

5. Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte.

Unha vez rematado o presente curso 2022/2023 as persoas titoras do nivel consideran preciso para o seguinte curso:

- Na área de matemáticas comezar por todos os contidos relacionados coa xeometría, reforzar fraccións con materiais manipulativos, incidir de novo nas magnitudes e unidades de medida e de xeito especial na comprensión e resolución de problemas, así como verbalizar o proceso de resolución e ser capaces de propoñer solucións alternativas.
- Na área de proxecto competencial facer unha proposta conxunta de tódolos cursos do nivel.

- *En educación plástica e visual proponse reducir o número de produtos finais e aumentar a dedicación a cada un deles redundando nuns produtos de maior calidade.*
- *Na área de ciencias sociais proponse combinar nos contidos relacionados coa historia as probas escritas coa realización de investigacións/proxectos.*
- *En ciencias da natureza proponse comezar de novo por os contidos relacionados coa materia, enerxía e tecnoloxía; pero combinando as probas escritas con máis proxectos de investigación e/ou experimentos, conferíndolle un carácter máis práctico á materia.*
- *Nas linguas obsérvase a necesidade de reforzar a gramática e traballar a análise sintáctica, xa que neste curso só se fixo unha aproximación a ela. Tamén é convinte reforzar a ortografía, a comprensión lectora, a expresión escrita (tendo especialmente en conta a cohesión e a adecuación á tipoloxía textual) e afondar nos diferentes tempos verbais.*

MEMORIA FINAL DO 6º NIVEL

1) Grao de consecución dos obxectivos

Para empezar, en 6º curso de Educación Primaria contamos ao final de curso cun total de 72 alumnos/as. Están distribuídos en 3 aulas de tal forma que en 6ºA hai 25 alumnos/as, en 6ºB hai 25 alumnos/as e en 6ºC 23. Neste último caso, un alumno cambiou de centro educativo durante o segundo trimestre, polo tanto, o número de alumnos/as en 6ºC descendeu a 22.

Todos/as os/as alumnos/as promocionan para a Educación Secundaria Obrigatoria excepto un alumno de 6ºA por non ter adquirido as competencias clave e os obxectivos correspondentes ao seu curso. Ademais, tres destes alumnos/as promocionan por imperativo legal por non promocionar nalgún curso anterior, tal e como recolle a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación no sistema educativo de Galicia.

Neste curso escolar 2022/2023, ante a diversidade presente nas aulas e os resultados acadados na avaliación ordinaria podemos concretar que:

- En 6ºA hai un alumno que suspende nove áreas, un alumno que suspende tres materias, un alumno que suspende dúas áreas e unha alumna que suspende unha única área. Por outro lado, hai un total de cinco alumnos que contan con reforzo educativo nalgunha das áreas. Concretamente, hai unha alumna que recibe o apoio fóra da aula da mestra especialista de AL en tres sesións semanais. Asemade, este grupo clase recibe o apoio da mestra con dispoñibilidade horaria en tres sesións semanais dentro da aula.
- En 6ºB hai un alumno que suspende seis áreas, tres alumnos que suspenden tres materias e un alumno que suspende dúas. Ademais, hai oito alumnos/as que contan con reforzo educativo. En dúas horas semanais dispón do apoio dunha mestra con dispoñibilidade horaria e en tres sesións o apoio da profesora especialista de PT fóra da aula ordinaria. Neste grupo, hai un alumno que dispón dunha adaptación curricular na materia de lingua estranxeira (inglés).

- *Na aula de 6°C hai unha alumna con dúas materias suspensas e tres alumnas cunha única área suspensa. Neste caso, hai oito alumnos/as con reforzo educativo nalgunha das materias. Este grupo recibe o apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria nunha sesión semanal. A maiores, dous alumnos/as contan co apoio de mestres especialistas en PT en seis sesións semanais fóra da aula ordinaria. Nesta aula, hai unha alumna que presenta unha adaptación curricular nas materias de lingua estranxeira (inglés) e en matemáticas.*

Asemade, houbo seis alumnos/as de cada unha das aulas de 6° de educación primaria que recibiron o apoio da mestra de PROA+ en dúas sesións semanais excepto en 6°B que foron tres sesións á semana.

A continuación faise un resumo do desenvolvemento das competencias clave seguindo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se regula o currículo da Educación Primaria en Galicia.

COMPETENCIAS CLAVE:

- *Competencia en comunicación lingüística: Durante este curso desenvolvemos a competencia en comunicación lingüística nas súas catro destrezas básicas: escoitar, falar, ler e escribir. Preséntase unha ampla diversidade de niveis en calquera destas destrezas. En xeral, é importante facer fincapé nas dificultades detectadas en relación ao dominio da expresión oral e expresión escrita debido fundamentalmente a erros ortográficos así como a problemas de coherencia e cohesión presentados nos seus textos. Por iso, durante este curso escolar, levamos a cabo exposicións orais sobre traballos nas diversas materias usando como apoio diferentes programas de presentación multimedia así como a elaboración de diferentes textos na escrita (descritivos, instrutivos, narrativos, expositivos e argumentativos) co emprego de diversos conectores en soporte papel ou tecnolóxico. Asemade, fixemos diversas actividades na radio da biblio para mellorar a expresión oral do alumnado e a planificación previa; chegando a presentar un podcast, os tres grupos clase, no V Concurso de Podcasts Radio na Biblio resultando gañador.*

Para o traballo da comprensión escrita, os titores fixemos unha escolla de 3 libros de lectura ("Invisible", "Lúa en Ningures" e "Neko"),

dous en lingua galega pois é a lingua na que se mostran máis dificultades por non ser falada no seu entorno social e familiar. Por outro lado, para traballar a comprensión escrita, fixemos uso do periódico a través do Programa Prensa Escuela así como o desenvolvemento dos apadriñamentos lectores co alumnado de infantil, unha vez á semana, co fin de mellorar a lectura e as relacións interpersoais entre o alumnado do centro. Unha das actividades a destacar no desenvolvemento da expresión escrita foi o obradoiro de escritura creativa levado a cabo coa colaboración dun familiar na biblioteca do centro. Consistía en crear un animal fantástico a partir da fusión de dous animais da fauna galega. Dita actividade serviunos como punto de partida para o desenvolvemento do noso proxecto "Animais fantásticos de Carral" para o PDI do centro.

- *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: Referente á competencia matemática, o nivel é bastante axeitado. As maiores dificultades radican na resolución de problemas, derivada na meirande parte pola dificultade na comprensión e interpretación dos datos. Por esta razón, reforzouse fundamentalmente a realización de problemas matemáticos baseados no seu entorno e nos seus intereses e a súa posterior representación a través de esquemas lineais.*

Por outra banda, o desenvolvemento da competencia científica e tecnolóxica nestes grupos foi moi satisfactoria debido a realización de experimentos científicos e do desenvolvemento da robótica a través do uso dos Mbot, da placa Makey Makey, Tinkercad, Microbit, kits de Nezha, impresora 3D e do programa de Scratch. Así mesmo, a participación dos titores no programa Digicraft serviu para profundizar no uso de programas como, por exemplo, Cloud Stop Motion e o Kit Croc&Play.

- *Competencia social e cívica: As maiores dificultades encontradas en dita competencia radican na competitividade que mostran xogando aos diferentes deportes. Non obstante, podemos dicir que a resolución de problemas sociais mellorou considerablemente así como a xestión dos conflitos dentro da propia aula, a regulación do comportamento e a petición de axuda ante dificultades nas relacións. Tamén incrementou o nivel de confianza inter-intrapersonal, favorecido pola aplicación de estratexias comunicativas e de desenvolvemento de habilidades emocionais. Habilidades sociais coma a empatía, o diálogo, o sentido da responsabilidade, comunicación e cooperación entre*

iguais víronse potenciadas e deron pé para solucionar problemáticas de convivencia xurdidas. Esta melloría débese en gran parte á utilización de estratexias de aprendizaxe cooperativa como, por exemplo, o establecemento de grupos base un día á semana. Isto serviunos para que o alumnado establecera máis confianza entre eles/as e coñeceran datos da súa vida persoal como, por exemplo, o seu animal, lugar e familiar favorito, o mellor día da súa vida, etc.

Asemade, a nosa participación do Plan Proxecta Aprendo Programando serviunos para profundizar no coñecemento e concienciación sobre as persoas refuxiadas a través de libros como "Migrantes" de Issa Watanabe.

- *Competencia dixital: As maiores dificultades detectadas son na busca de información debido á falta de sentido crítico á hora de analizar ou discernir a información obtida das redes. Na súa gran maioría, seleccionan a primeira entrada encontrada no buscador como fonte de información para os seus traballos. Por outro lado, o uso de recursos virtuais, as diferentes aplicacións e programas traballados, contribuíron ao desenvolvemento da alfabetización mediática e informacional (AMI), que de maneira presencial potenciamos para o desenvolvemento do PDI do centro. Asemade, continuaron usando os dispositivos EDIXGAL que lles serviu para afianzar destrezas e habilidades no uso funcional dos mesmos.*

- *Competencia conciencia e expresións corporais: O traballo realizado sobre os rudimentos do debuxo técnico, son dos aspectos que máis dificultades presenta o alumnado, por falta de destreza e precisión á hora do manexo das ferramentas propias da materia. Así mesmo, mostran dificultades na orde e na limpeza nalgúns dos traballos presentados. Para mellorar tales aspectos, traballamos diferentes técnicas plásticas e artísticas incidindo na autonomía, preparación e organización dos traballos por parte deles/as mesmos/as.*

- *Competencia aprender a aprender. Destaca o traballo con resumos, esquemas, mapas de pensamento, Lapbooks para facilitar o traballo e o estudo nas áreas con gran carga informacional. Seguen tendo algunha dificultade para organizar as ideas e sintetizar a información, e que a expresión da mesma non se limite a un simple copia-pega. Asemade, cómpre seguir afianzando na participación dos integrantes dos*

grupos nos diferentes traballos para que esta sexa o máis equitativa posible e non recaia a responsabilidade do traballo nunha soa persoa.

- *Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Dentro desta competencia traballamos valores e actitudes como a responsabilidade grupal e individual e diferentes roles da aprendizaxe cooperativa.*

A través deste desenvolvemento competencial, podemos establecer que a adquisición da totalidade dos obxectivos da etapa foron alcanzados nun grao satisfactorio aínda que é importante seguir traballando na Educación Secundaria Obrigatoria tales aspectos para que o alumnado poida seguir progresando axeitadamente.

2) Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.

Durante o curso tivemos que realizar diversas modificacións.

No primeiro trimestre, atendendo aos resultados das avaliacións iniciais, tivemos que profundizar en aspectos de cursos anteriores que resultaban fundamentais para un correcto desempeño de 6º curso, como podían ser o repaso de operacións básicas en áreas como matemáticas ou a estruturación textual nas linguas. Por iso, tivemos que facer reaxustes ao longo dos tres trimestres en base ás dificultades que iamos atopando. Algúns dos contidos das diversas materias estipulados para o primeiro trimestre tiveron que ser trasladados para o segundo trimestre e outros contidos do segundo trimestre para o terceiro.

3) Motivo das modificacións sobre estratexias metodolóxicas, criterios de cualificación, promoción e titulación

Dende comezo de curso planificouse o traballo a realizar: traballos individuais, en grupo, gran grupo, tarefas e pequenos proxectos. En xeral, as modificacións realizadas foron dirixidas cara a simplificación dos contidos e a complementación con recursos dixitais, medios e ferramentas axustadas ás necesidades, ritmos e posibilidades dos/as alumnos/as.

Como neste curso escolar os titores participamos no CPIInnova, unha das modificacións metodolóxicas aplicadas durante o curso escolar

foi a implementación de grupos base na aula nunha sesión á semana para mellorar as relacións interpersoais do alumnado así como a posta en funcionamento de agrupamentos formais e informais de aprendizaxe. En relación a isto, cada trimestre modificamos os grupos de traballo na aula empregando sociogramas para que o alumnado estivese en contacto con outros/as compañeiros/as da aula. Outras estratexias metodolóxicas modificadas foron en relación á atención á diversidade, os recursos, a atención individualizada na aula así como a modificación ou adaptación dos instrumentos de avaliación foron tornándose segundo as dificultades presentadas no alumnado nas diferentes actividades propostas, atendendo á Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia.

4) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores.

En relación coas áreas curriculares quedou sen abordar:

Matemáticas: Profundizar máis en proporcionalidade e porcentaxes así como nos números negativos.

Ciencias Sociais: Profundizar máis na poboación.

Ciencias da Natureza: Quedou sen abordar as máquinas.

Lingua galega e lingua castelá: Profundizar máis na morfoloxía e sintaxe.

Valores, sociais e cívicos:_____

Educación plástica: _____

Scratch: _____

Os resultados académicos foron en xeral positivos, porén hai bastante alumnado con reforzo educativo e dificultades de aprendizaxe que requiren de medidas de atención á diversidade. Son 3 grupos moi numerosos e heteroxéneos, o que dificulta a individualización permanente do proceso de EA; algo fundamental dentro dun marco a prol da eliminación de barreiras cun enfoque DUA.

5) Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte.

Cómpre ser críticos de novo coas editoriais de EDIXGAL, pois non presentan recursos que sexan de proveito con alumnado diverso, nin materiais de reforzo, ampliación, avaliación...É algo que non depende de nós como docentes, pero que dificulta o noso día a día nas aulas, pois delega en nós a creación permanente de moitos contidos.

Asemade, é importante recalcar a gran cantidade de estándares de avaliación que hai por materias pois impiden profundizar en cada un dos mesmos para unha adecuada aprendizaxe.

Tamén é recomendable seguir contando con profesorado PROA+ e co apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria para contribuír a unha mellor atención á diversidade nas aulas.

Por último, cómpre seguir empregando metodoloxías activas, como a aprendizaxe cooperativa. En 6º, iniciáronse agrupamentos de tipo cooperativo (grupos base, grupos cooperativos formais e informais) aproveitando o PFPP que realizamos os tres titores e algún especialista que aborda esta temática.

MEMORIA DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

1. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

O traballo realizado ao longo do curso en xeral foi desenvolvido axeitadamente, e a programación realizada ao principio de curso desenvolveuse de maneira xeral con normalidade, e co traballo realizado e os contidos dados todo o alumnado acadou dunha maneira satisfactoria o grao mínimo de consecución de estándares de aprendizaxe que marcan o Decreto 105/201, os cales estiveron marcados na programación didáctica dos diferentes niveis, acadando a maioría do alumnado niveis maiores, co cal de maneira xeral, o grao de consecución dos obxectivos foi positivo.

Igual que o curso pasado, un dos obxectivos prioritarios para este a cumprir era a consecución de actividade física moderada-intensa que paliara os efectos do sedentarismo motivado pola situación sanitaria e social postpandémica e conseguiuse dunha maneira notable, pois o alumnado de xeito moi xeral presentou unha alta motivación cara ás actividades propostas.

Outro dos obxectivos prioritarios para este curso a cumprir era a inclusión do alumnado con diferentes capacidades nas actividades do grupo-clase de maneira o máis normalizada posible o cal conseguiuse dunha maneira notable, aínda que nalgún caso non significou a incorporación en todas as actividades propostas ou a realización dunha actividade única para todos/as.

Destacar, aínda que non é correcto, que algúns estándares foron complicados de avaliar pola complexidade dos mesmos e co engadido da falta de tempo dispoñible. Ademais, algúns estándares non están referidos a contidos específicos asociados coa área de Educación Física e a actividade física, polo que son complicados de incluír e avaliar, e que suporían a perda de movemento do alumnado para realizar outro tipo de actividades na aula ordinaria. Así, houbo estándares que non se avaliaron xa que non se chegaron a traballar. É o referido aos estándares de:

PRIMEIRO NIVEL

EFB1.2.1 (referido ao uso guiado das tecnoloxías para buscar información), EFB5.1.2 e EFB5.1.3 (referidos á adopción dos hábitos alimentarios e á actividades física na súa vida diaria) e EFB6.3.1 e EFB6.3.2 (referidos á realización de actividades no medio natural e ao respecto do medio ao efectuar actividades fóra do centro).

SEGUNDO NIVEL

EFB1.1.1 (referido a imaxe corporal publicitaria), EFB1.2.1 (referido ao uso guiado das tecnoloxías para buscar información) e EFB5.1.2 e EFB5.1.3 (referidos á adopción dos hábitos alimentarios e á actividades física na súa vida diaria).

TERCEIRO NIVEL

EFB1.1.1 (referido a imaxe corporal publicitaria), EFB1.2.1 (referido ao uso das tecnoloxías para buscar información), EFB1.3.2 (referido ás normas de educación viaria), EFB5.1.2, EFB5.1.4 e EFB5.1.5 (referidos á búsqueda de información sobre os hábitos alimentarios e á adopción de hábitos posturais e quecementos autónomos), EFB6.4.1 (referido á eliminación de residuos) e EFB3.1.6 e EFB6.4.2 (referidos á realización de actividades no medio natural, flora e fauna).

CUARTO NIVEL

EFB1.1.1 (referido a imaxe corporal publicitaria), EFB1.2.1 (referido ao uso das tecnoloxías para buscar información), EFB1.3.6 (referido ás normas de educación viaria), EFB5.1.4 e EFB5.1.5 (referidos á adopción de hábitos posturais e quecementos autónomos), EFB6.4.1 (referido á eliminación de residuos) e EFB3.1.6 e EFB6.4.2 (referidos á realización de actividades no medio natural, flora e fauna).

CUARTO NIVEL - XOGOS POPULARES E DANZAS DE GALICIA

EFB1.1.1 (referido a imaxe corporal publicitaria); EFB1.2.1 e EFB1.2.2 (referidos ao uso das tecnoloxías para buscar información e presentación de traballos); EFB1.3.6 (referido ás normas de educación viaria); EFB2.2.1 e EFB2.2.3 (referidos aos tipos de respiración e músculos e articulacións); EFB5.1.4 e EFB5.1.5 (referidos á adopción de hábitos posturais e quecementos autónomos); EFB6.4.1 (referido á eliminación de residuos) E EFB3.1.6 e EFB6.4.2 (referidos á realización de actividades no medio natural, flora e fauna).

QUINTO NIVEL

EFB1.2.1 e EFB1.2.2 (referido ao uso das tecnoloxías e presentación de traballos); EFB4.1.1, EFB4.1.3 e EFB4.2.1, E.F.B. 4.1.4 (referidos ás actividades físicas artístico expresivas) e EFB5.1.2, EFB5.1.4 e EFB5.3.1 (referidos á saúde, adopción dos hábitos alimentarios e á actividades física na súa vida diaria e lesións e primeiros auxilios) e EFB6.4.1 (referido á eliminación de residuos).

SEXTO NIVEL

EFB1.2.1 e EFB1.2.2 (referido ao uso das tecnoloxías e presentación de traballos); EFB1.3.6 (referido ás normas de educación viaria); EFB4.1.1, EFB4.1.2 e EFB4.1.3 e EFB4.1.4 (referidos ás actividades físicas artístico expresivas); EFB5.1.4, EFB5.2.4 e EFB5.3.1 (referidos á saúde, adopción dos hábitos alimentarios e á actividades física na súa vida diaria, as lesións e primeiros auxilios e a probas de valoración de capacidades físicas) e EFB6.4.1 (referido á eliminación de residuos).

A área de Educación Física contribuíu á avaliación xeral dos perfís competenciais dos diferentes niveis mediante a ponderación de certos estándares elixidos nalgunhas das competencias

2. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E MOTIVO DAS MODIFICACIÓNS

Tratouse de dar prioridade ao movemento e a actividade física en detrimento de actividades que teñen que ver co uso das Tics. Por outro lado, este curso non houbo case ningunha perda de sesións, nin ningunha dificultade para a aplicación da programación, para ter que adaptarse á realización de actividades complementarias e extraescolares e actividades conmemorativas a nivel de centro. Houbo que realizar pequenos axustes no número de sesións adicadas a cada unidade didáctica programadas inicialmente.

Así, o traballo da totalidade dos estándares de aprendizaxe e os seus contidos así como das competencias foi completo salvo algúns casos concretos. No que ten que ver coa ponderación de estándares, aos que non se avaliou déuselles a puntuación máxima para non reponderar todos os traballados.

Así, os motivos das modificacións foron:

- 1. A continua adaptación a unha metodoloxía que nos permita avaliar os estándares de maneira obxectiva reprogramando a práctica de maneira continuada para responder ás necesidades puntuais do alumnado e aos seus intereses.*
- 2. A escaseza de tempo adicado á educación física, aínda que é o que marca o decreto, e a continua reorganización do espazo do que dispoñemos no centro para a realización práctica da actividade física no pavillón, pista exterior, patio cuberto e aula de psicomotricidade por ter que compartir o mesmo espazo con outros cursos ao mesmo tempo e as condicións climáticas e obras que non permitiron utilizar a pista exterior todo o desexado.*
- 3. A presenza de alumnado con diferentes capacidades que obrigou a darlle unha resposta diferente ao plantexamento das actividades nas diferentes sesións.*
- 4. A diferenza de actitude á hora de enfrontarse á materia entre un grupo e o outro do mesmo nivel.*
- 5. As deficiencias do pavillón de entradas de auga polo tellado e de mal mantemento do mesmo en canto a limpeza xeral, tendo en conta ademais a entrada de paxaros no último trimestre.*

3. PROPOSTAS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO SEGUINTE

En moitos aspectos, non terá demasiada importancia a revisión da programación xa que polas características da área, a maioría dos contidos son tratados de maneira global e practicamente a totalidade deles son traballados na maioría das veces a través dun tipo ou outro de actividades, polo que é doado reforzar contidos adaptando actividades aos diferentes niveis.

Aínda así, o máis importante será:

- Incidir nalgún contido específico para ter en conta no seguinte curso correspondente.*
- Manter o grao de dificultade nalgún contido específico.*
- Adiantar ou ampliar algún contido na temporalización.*

A valoración da evolución do alumnado é positiva a nivel xeral, partindo da idea dunha educación física inclusiva.

A valoración do traballo realizado por parte dos docentes do departamento de Educación Física foi positivo, guiándonos polo modelo de rúbricas de Blázquez "como avaliar en E.F."

As propostas de revisión e mellora son:

- 1. Continuar coa posta en práctica dunha programación competencial tentando programar actividades e algunha tarefa para avaliar os estándares que aportan ás competencias.*
- 2. Continuar axustando a práctica docente coa programación plasmada no papel pois as unidades didácticas, a temporalización, os procedementos e instrumentos de avaliación..... de cursos pasados en ocasións non dan resposta a un modelo novo.*
- 3. Como tarefa pendente dar resposta ao cumprimento de estándares que teñen que ver co manexo das Tics e a xestión da información apoiándonos en espazos como a biblioteca e as aulas Edixgal e creando recursos axeitados á súa capacidade e que sexan motivantes para a súa consulta diaria.*

4. *Manter unha constante revisión da programación en aspectos referidos a NEAE, para dar resposta conxunta ao alumnado que o precise de maneira permanente ou ocasionalmente pois atopámonos con dificultades na práctica cando existe alumnado que non pode realizar as sesións por lesións ou enfermidades comúns.*
5. *Procurar unha dispoñibilidade horaria que nos permita incorporar programas da plataforma Proxecta da Xunta como a Plataforma Dafis e Máis e mellor actividade física sempre para complementar contidos de coidado do corpo e alimentación saudable.*
6. *Seguir tentando incluír a práctica diaria de actividade física na vida diaria do alumnado do centro con propostas de actividade física nas actividades complementarias e extraescolares e nos recreos como se levaron a cabo nos niveis de quinto e sexto (recreos deportivos).*
7. *Sería importante definir nas actividades e nalgunha tarefa a incorporación dos temas transversais e o tratamento das conmemoracións anuais de maneira coordinada con cada equipo docente de nivel e equipos de dinamización.*
8. *Compra de material para algunha actividade específica.*
9. *Procurar que se realice o mantemento semanal do pavillón de deportes en canto a limpeza, seguir insistindo nos arranxos de humidades, entradas de auga, arranxos de buratos para evitar a entrada de paxaros e procurar un espazo para almacenar o material que facilite o manexo do mesmo.*
10. *Seguir propoñendo ao centro e ao Concello a mellora e ampliación do rocódromo situado no pavillón para uso compartido de toda a comunidade educativa.*
11. *Realizar algunha actividade complementaria máis relacionada cos contidos da área.*
12. *Actualizar o inventario de material.*

4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS DOS ALUMNOS/AS EN RELACIÓN A CURSOS ANTERIORES

Dunha maneira xeral, as melloras cualitativas e cuantitativas foron positivas en relación a cursos anteriores. Neste sentido os resultados acadados son similares ao resto das áreas.

En primeiro nivel os resultados acadados nos tres grupos foron moi bos e reflexan un avance notable dos grupos neste curso que supón unha esixencia maior que a etapa anterior.

En segundo nivel os resultados foron moi similares aos acadados no curso anterior, a través do reforzo de contidos xa traballados e inclusión de outros novos con maior nivel de dificultade.

En terceiro nivel os resultados acadados foron moi bos e reflexan un avance notable dos grupos neste curso que supón unha esixencia maior que no curso anterior a través na maior parte do curso da práctica dunha variedade de actividades.

En cuarto nivel os resultados foron bos e similares aos acadados no curso anterior a través do reforzo de contidos xa traballados e inclusión de outros novos con maior nivel de dificultade orientados aos dous seguintes cursos.

Nos últimos niveis da etapa de quinto e sexto nivel, os resultados non variaron con respecto a cursos pasados. Mantívose a liña de traballo malia e o alumnado respondeu axeitadamente.

5. FUNCIONAMENTO E RECURSOS

A coordinación por parte dos dous mestres especialistas en Educación Física foi axeitado aínda que sempre mellorable, tanto na elaboración da proposta didáctica como no reparto dos espazos e materiais a usar para o desenvolvemento das sesións nos espazos dispoñibles de pavillón polideportivo, pista exterior, patio cuberto e aula de psicomotricidade.

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Este curso académico recuperáronse dúas das actividades complementarias que se perderan por mor da pandemia:

- 1. Recreos deportivos: En cada trimestre, o alumnado de 5º e 6º nivel participaron en competicións deportivas durante os recreos, participando nas tomas de decisión, organización e execución das actividades. Foi todo un éxito, onde máis da metade de cada nivel participou activamente en cada un dos trimestres.*
- 2. XOGADE: recuperouse tamén, para o alumnado de 5º e 6º nivel, as actividades deportivas intercentros a través da citada plataforma. O alumnado gozou de 4 días (dous cada nivel) onde participaban en xogos e deportes variados xunto a rapaces e rapazas doutros centros educativos da zona, ás veces viaxando a outro colexio e outras recibindo.*

Por outro lado, durante o primeiro trimestre, achegáronse ao centro educativo un grupo experto en escalada para realizar dúas sesións no rocódromo cos niveis de 3º, 4º e 5º. Así mesmo, no segundo trimestre, o club de Balonmán de Carral realizou dúas sesións deste deporte con cada un dos 6 niveis educativos.

7. MEDIDAS EMPREGADAS NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Sinalar que neste área, como en todas as demais a atención á diversidade é un dos principios que guía a actividade diaria.

En segundo C unha alumna con dificultades integrouse progresivamente na dinámica das sesións sen apoio específico pero con axuda do mestre de Educación Física para o entendemento das actividades a realizar.

En cuarto A unha alumna con mobilidade reducida que estivo integrada na clase sen apoio específico pero si con axuda por parte do mestre de Educación Física adaptando algunhas actividades para ser realizadas co resto do grupo na medida do posible contando coas súas posibilidades e noutras ocasións facendo un traballo máis individual manual de tren superior a través de actividades de lanzamentos e recepcións, traballo manipulativo...

En cuarto B un alumno tivo apoio no desenvolvemento das sesións por un mestre específico do centro.

En sexto B un alumno foi axudado nalgúns momentos das sesións debido a súas limitacións motoras.

Destacar que a participación deste alumnado nas actividades das diferentes sesións foi correcta e positiva sobre todo en canto a implicación e esforzo.

As medidas adoptadas en todos os casos resultaron suficientes para incluílos no grupo aínda que en ocasións non acadaron cualificacións del todo positivas nos niveis competenciais.

DAVID MORÁN MARTÍNEZ E BORJA LÓPEZ MUIÑOS.

MEMORIA DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS

1. ED. INFANTIL

O proxecto de Anticipación da Primeira Lingua Estranxeira levouse a cabo tendo en conta o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009) e a Orde do 30 de abril de 2007 pola que se convoca a realización de proxectos de anticipación da lingua estranxeira no segundo ciclo de educación infantil. O Proxecto de Anticipación da Primeira Lingua Estranxeira do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel impartíuse nos tres cursos de Educación Infantil unha hora semanal dividida en media cada día.

A mestra especialista de lingua estranxeira inglés neste curso é Andrea Mosquera Suárez. Contamos con 37 alumnos e alumnas en cuarto, 42 alumnos e alumnas en quinto e 48 alumnos e alumnas en sexto.

1.1. OBXECTIVOS E GRAO DE CONSECUCIÓN:

Os obxectivos xerais deste curso propostos para a lingua estranxeira en Educación Infantil, divididos en bloques, son os seguintes:

- 1. Recoñecer e levar a cabo instrucións sinxelas.*
- 2. Comprender as fórmulas básicas de interacción social: saúdos, fórmulas de cortesía, ...*
- 3. Memorizar e/ou recoñecer cancións e rimas sinxelas, pertencentes á tradición oral infantil nos países de fala inglesa.*
- 4. Interiorizar patróns melódicos, fonéticos e rítmicos da lingua inglesa.*
- 5. Discriminar fonemas propios da lingua inglesa.*
- 6. Apreciar o idioma como medio para relacionarse e comunicarse.*
- 7. Coñecer festas e tradicións dos países de fala inglesa.*

8. *Personalizar actividades artísticas con mensaxes moi sinxelas en inglés ou relacionadas con celebracións típicas dos países de fala inglesa (como Halloween).*
9. *Mostrar unha actitude positiva e respectuosa de cara ó inglés e a cultura anglosaxona.*
10. *Participar de xeito responsable nas tarefas e actividades das clases*
11. *Establecer unhas rutinas que favorezan a aprendizaxe.*
12. *Utilizar recursos non lingüísticos para comprender e facerse comprender: técnicas plásticas, resposta física, entre outras.*

O grao de consecución dos obxectivos resultou moi satisfactorio, xa que o alumnado estase a familiarizar coa lingua estranxeira e amosa unha actitude moi positiva cara ela. A maior parte do alumnado mostra interese por intervir en interaccións orais e gústalle participar en actividades propostas de imitación, repetición de sons, cancións, palabras e de combinación de lingua e xestos. O alumnado acadou a cualificación de "Sen dificultade".

Algúns dos obxectivos que se pretendían alcanzar foron os seguintes: familiarizar ao alumno coa lingua e a cultura inglesa, cos sons, o ritmo e a entoación da lingua inglesa; promover a participación activa do alumnado no proceso de aprendizaxe, empregando o inglés con obxectivos concretos co fin de que a aprendizaxe sexa significativa no entorno social da aula e integrar a aprendizaxe da lingua inglesa con outras áreas do currículo da Educación Infantil. Para acadar estes obxectivos intentouse que o alumnado comprendera o senso global de mensaxes orais (contos sinxelos, ordes, cancións, etc.) centrándose en informacións sinxelas e concretas cun vocabulario axeitado ás súas experiencias e centros de interese, con apoio mímico, xestual, gráfico, audiovisual e sonoro.

1.2. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

Non se introduciron cambios na programación xa que se empregou a metodoloxía activa que estaba exposta no devandito documento. O alumnado foi en todo momento protagonista da aprendizaxe, sendo autónomo e independente mentres o profesor o guiaba ata os seus obxectivos. É importante recordar a fin última da ensinanza do inglés é a adquisición da competencia comunicativa e, polo tanto, todas as actividades foron destinadas a esa fin.

A maioría dos contidos propostos foron desenvolvidos. Os contidos relaciónanse cos seguintes campos semánticos e léxicos: saúdos e despedidas, cores, o tempo atmosférico, os números ata o 10, a familia, os sentimentos, adxectivos (rápido, lento, grande, pequeno, alto, baixo, ruidoso, silencioso, etc.), animais, o corpo, festas (Christmas, Halloween, Easter), comida, gustos e preferencias (I like, I don't like), etc.

Partiuse dos seus intereses e motivacións para así chegar a unha aprendizaxe significativa, tendo en conta as diferenzas de carácter individual que o alumnado presenta. Establecéronse rutinas que facilitaron o uso oral da lingua nun contexto significativo para o alumnado. Estas rutinas permiten o uso do inglés dunha forma natural e empregábanse para socializar (saudar, agradecer, pedir algo con cortesía, despedirse, respostas breves, preguntar polo tempo,...) e para identificarse (presentarse, dicir a idade) utilizando o léxico máis elemental (cores, números, animais, partes do corpo, estados de ánimo, xoguetes, membros da familia, tamaño, obxectos da clase, do cole,...). Outro dos obxectivos primordiais é introducir elementos relacionados coa cultura propia de países de fala inglesa (Halloween, Easter...).

As sesións tiveron un esquema básico que ía da presentación á practica produtiva coa lingua e remate de sesión. Os repasos dos novos contidos foron continuos e cíclicos e as actividades repetitivas sobre todo ao comezo do curso, pois deste xeito ,o neno ou nena estará máis seguro/a dado que sabe en todo momento que facer e como facelo.

A metodoloxía empregada estivo tamén baseada no Total Physical Response (resposta física total), na que se relaciona o son da lingua coa acción para facilitar a súa comprensión e asimilación ,a integración das novas tecnoloxías foi outro aspecto clave na maioría das sesións levadas a cabo ao longo do ano.

1.3. MOTIVOS DAS MODIFICACIÓNS

Como ben se explicou anteriormente, debido a que os contidos son moi básicos e sinxelos na lingua estranxeira da etapa de Infantil non se introduciron modificacións.

1.4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS EN RELACIÓN AOS CURSOS ANTERIORES

A avaliación foi continua e globalizadora, tendo en conta o nivel inicial de cada un dos alumnos ademais dos distintos niveis madurativos. Fíxose un continuo “feed-back” para non esquecer o aprendido e poder ter unha boa base para adquirir novos contidos. Nesta etapa os instrumento de avaliación foi a observación diaria na que valorei como os alumnos participaban nas actividades, o seu esforzo e relación co inglés, así como o grado de adquisición dos contidos. A maior parte do alumnado seguiu a mesma liña, algúns nenos e nenas que ao inicio de curso non participaban por vergonza acabaron estando totalmente involucrados.

Con referencia aos anos anteriores, cómpre dicir que a maioría do alumnado acadara xa a categoría de “sen dificultade” nos ítems de inglés.

1.5. PROPOSTA DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO SEGUINTE E PROPOSTAS DE MELLORA.

En xeral creo que a programación se corresponde co que foi desenvolto. Ademais, a pizarra dixital interactiva proporcionou recursos foron moi útiles ao final do curso como material complementario. Como proposta de mellora poderíanse introducir máis material tanxible co cal os nenos interactuasen, dado que a mestra é itinerante, o material en inglés é transportado por dita mestra. Sería moi útil un espazo con materiais en inglés que os nenos poidan manipular.

2. ED. PRIMARIA

2.1. LINGUA ESTRANXEIRA NIVEL: 1º ED. PRIMARIA

A área de inglés tratará de abordar nos primeiros cursos da Educación Primaria contidos relacionados coa súa contorna máis próxima, levando a cabo unha ensinanza activa e motivadora, dándolle énfase á oralidade e adquisición de estruturas sinxelas e vocabulario enriquecedor. O noso alumnado está, na súa maioría, motivado cara a aprendizaxe da lingua estranxeira. No curso de primeiro de primaria contamos con 49 estudantes divididos en tres grupos.

2.1.1. Grao de consecución dos obxectivos:

Os obxectivos establecidos para este nivel foron acadados pola grande maioría do alumnado de primeiro. Hai un alumno que non os acadou.

2.1.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica:

Desenvolvéronse todos os contidos e criterios de avaliación establecidos na programación. Así, introducíronse os contidos dun xeito coordinado e globalizado partindo dos intereses dos nenos/as e favorecendo o proceso de ensinanza- aprendizaxe. Comezamos traballando a linguaxe oral para abordar posteriormente a lingua escrita. Houbo modificacións neste bloque, xa que se lle deu pouco peso ás habilidades escritas (lectura e escritura), xa que o alumnado está en fase de adquisición da lectoescritura na súa lingua e para chegar a isto na lingua estranxeira precisan ter unha boa conciencia fonolóxica, aspecto que traballamos exhaustivamente para favorecer, máis adiante a lectura e escritura en lingua estranxeira.

2.1.3. Motivos das modificacións:

A maior modificación foi facer maior fincapé no traballo da conciencia fonolóxica do alumnado, para o que prescindimos e tardamos máis en introducir a escrita. Isto foi motivado polas carencias observadas no alumnado neste aspecto, xa que ata o momento, o seu contacto coa lingua estranxeira fora con mascarillas, o que dificulta enormemente a comprensión e habilidade para producir os sons específicos do inglés.

2.1.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores:

En xeral, os resultados foron positivos.

Este alumnado viña de infantil, e aínda que algún alumno e alumna tivera entón a cualificación de "en proceso" nalgún ítem de inglés, non supuxo unha dificultade neste ano.

Observouse o beneficio de traballar a lingua estranxeira tamén a través da área de Educación Plástica e Visual, o que supón un maior tempo de exposición á lingua estranxeira.

2.1.5. Propostas de revisión da programación didáctica para o curso seguinte:

A programación creo que foi acorde co desenvolvemento do curso.

Propónse incluír na programación o traballo de "phonics" como base do proceso lecto-escritor en lingua estranxeira, comezar neste primeiro nivel e darlle continuidade no 2º, para así dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan ser máis autónomos no inglés.

Incluir unha tarefa por trimestre na que o traballo final consista nunha breve exposición oral diante das compañeiras e compañeiros.

Así mesmo, sería positivo programar conxuntamente a Educación Plástica e Visual, o que favorecería unha aprendizaxe máis significativa da lingua estranxeira.

2.2. LINGUA ESTRANXEIRA NIVEL: 2º ED. PRIMARIA

2.2.1. Grao de consecución dos obxectivos:

En liñas xerais acadáronse os obxectivos propostos cun resultado satisfactorio.

Obsérvase unha maior dificultade para que o alumnado entenda e identifique sons iniciais e finais de palabras, así como na comprensión e produción escrita, se ben é habitual nestas idades.

2.2.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica:

Non se fixeron modificacións nos elementos significativos da programación. Dadas as dificultades observadas, si se incluíron máis actividades de traballo oral e fichas de ampliación e reforzo na escrita.

2.2.3. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores:

En xeral os resultados foron bos, o 90% do alumnado ten unha avaliación positiva. Oito alumnos recibiron reforzo educativo en diferentes momentos ao longo deste curso.

O alumnado amosouse disposto e motivado cara a lingua estranxeira, o que repercutiu positivamente nos seus resultados. Sinalar que o traballo da oralidade mellorou ao ter grupos máis reducidos aos do curso anterior.

2.2.4. Propostas de revisión da programación didáctica para o curso seguinte:

Proponse incluír rutinas orais máis consistentes que axuden ao alumnado a adquirir certas estruturas básicas (data, tempo atmosférico, secuencias numéricas, como se senten, descrición/localización de obxectos na clase...)

Proponse incluír na programación un plan para traballar "phonics" como base do proceso lecto-escritor en lingua estranxeira.

Incrementar o traballo con manipulativos, xogos e tarefas máis motivadoras e que esixan ao alumnado o uso da lingua estranxeira de xeito máis significativo (xogos de cartas, xogos de mesa, masa de modelar, letras manipulativas, role-play: visita ao doctor, ir á tenda,...)

Proponse eliminar libro de texto

2.3. LINGUA ESTRANXEIRA NIVEL: 3º ED. PRIMARIA

A área de inglés tratará de abordar nos primeiros cursos da educación primaria contidos relacionados coa súa contorna máis próxima, levando a cabo unha ensinanza activa e motivadora, dándolle énfase á oralidade e adquisición de estruturas sinxelas e vocabulario enriquecedor.

En liñas xerais acadáronse os obxectivos propostos, aínda nun nivel inferior ao programado. Houbo contidos que non deu tempo a traballar porque se traballaron cuestións básicas que non tiñan adquiridas.

2.3.1. Grao de consecución dos obxectivos:

Os obxectivos foron acadados pola maioría do alumnado.

2.3.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica:

Non se introduciron grandes modificacións. Empregamos os libros de texto pero para complementalos e axudar ao desenvolvemento das competencias e da educación multicultural empregáronse materiais diversos tales como: os contos, as cancións, xogos de mesa, flashcards...

2.3.3. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores:

En xeral os resultados foron bos, o 85% do alumnado ten unha avaliación positiva. Trece alumnos recibiron reforzo educativo en diferentes momentos ao longo deste curso.

O alumnado amosouse disposto e motivado cara a lingua estranxeira, o que repercutiu positivamente nos seus resultados. Sinalar que o traballo da oralidade mellorou ao ter grupos máis reducidos aos do curso anterior.

2.3.4. Propostas de revisión da programación didáctica para o curso seguinte:

A programación creo que foi acorde co desenvolvemento do curso pero si que se pode considerar incluír rutinas orais máis consistentes que axuden ao alumnado a afianzar estruturas básicas e impliquen revisar ao longo de todo o curso o traballado.

Propónse máis traballo con xogos e tarefas máis motivadoras e que esixan ao alumnado o uso da lingua estranxeira de xeito máis significativo (xogos de cartas, xogos de mesa,...), así como máis propostas en grupo, que este ano foi complicado debido ás características dos grupos.

Incluír, como mínimo, unha tarefa en cada trimestre de "show and tell" na que o traballo final consista nunha breve exposición oral diante dos compañeiros e unha tarefa final escrita por trimestre ou por tema traballado que pase a formar parte do portfolio do alumnado, que se propón implantar como un instrumento máis de avaliación.

2.4. LINGUA ESTRANXEIRA NIVEL: 4º ED. PRIMARIA

2.4.1. Grao de consecución dos obxectivos:

En liñas xerais acadáronse os obxectivos propostos, aínda nun nivel inferior ao programado. Houbo contidos que non deu tempo a traballar porque se traballaron cuestións básicas que non tiñan adquiridas.

2.4.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica:

Fixéronse modificacións na temporalización, debido a que houbo moitos aspectos que foi preciso traballar durante máis tempo do previsto. O alumnado ten pouco hábito de escoitar e tentar imitar sons, detectáronse carencias en vocabulario que se dá por sabido, falta de estruturas traballadas en cursos anteriores...

2.4.3. Motivo das modificacións:

Atopámonos con carencias e lagoas no eido da competencia lingüística en lingua estranxeira, maioritariamente na expresión oral e escrita. Tivemos que adicar máis tempo do programado á interiorización de estruturas, a propostas orais, ...

2.4.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores:

Os resultados non foron tan bos como se esperaba, en torno ao 75% do alumnado ten unha avaliación positiva. 13 alumnos recibiron reforzo educativo ao longo deste curso.

Observáronse carencias importantes nos hábitos de traballo, na comprensión e expresión escrita e na expresión oral, sendo o alumnado reacio a expresarse en inglés sobre todo ao principio (isto foi mellorando ao longo do curso, pero precisamos traballar máis esta destreza).

2.4.5. Propostas de revisión da programación didáctica para o curso seguinte:

Propónse incluír rutinas orais máis consistentes que axuden ao alumnado a afianzar estruturas básicas e impliquen revisar ao longo de todo o curso o traballado.

Propónse incluír tarefas máis motivadoras e que esixan ao alumnado o uso da lingua estranxeira de xeito máis significativo (xogos de cartas, xogos de mesa,...), así como máis propostas de traballo en grupo.

Incluír, como mínimo, unha tarefa en cada trimestre de "show and tell" na que o traballo final consista nunha breve exposición oral diante dos compañeiros. Propónse establecer unha tarefa final escrita por trimestre ou por tema traballado que pase a formar parte do portfolio do alumnado, que se propón implantar como un instrumento máis de avaliación.

2.5. LINGUA ESTRANXEIRA NIVEL: 5º ED. PRIMARIA

2.5.1. Grao de consecución dos obxectivos:

En liñas xerais acadáronse os obxectivos propostos, aínda que cun nivel inferior ao que se supón para este nivel, sobre todo no referente á expresión oral e escrita.

2.5.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica:

Fixáronse modificacións na temporalización, adicando máis tempo a certas tarefas sobre todo ás referentes á expresión oral, que requiren un traballo específico co apoio do docente.

Houbo que reforzar aspectos de niveis anteriores para acadar un bo andamiaxe no que se sustente a aprendizaxe da lingua estranxeira. Houbo tamén que modificar certas tarefas e actividades programadas contando coa auxiliar de conversa, xa que comezou un mes máis tarde do previsto e abandonou o programa en xaneiro en vez de en maio que era cando remataba o seu contrato.

2.5.3. Motivo das modificacións:

Atopámonos con carencias e lagoas no eido da competencia lingüística en lingua estranxeira, maioritariamente na expresión oral e escrita espontánea. O alumnado ten pouco hábito de escoitar e tentar imitar sons, detectanse carencias en vocabulario que se dá por sabido. Obsérvase que hai dificultades para memorizar vocabulario e estruturas. Tamén engadir que para o alumnado de 5º de primaria era o primeiro curso empregando e-Dixgal, o que requeriu un tempo de afacerse ao traballo coas novas ferramentas, de aprender a empregar os ordenadores e a plataforma, ...

2.5.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores:

En xeral os resultados foron bos, aproximadamente o 92% do alumnado ten unha avaliación positiva.

Destacar a dificultade para aplicar o aprendido en diferentes contextos así como para interiorizar e automatizar as estruturas aprendidas.

2.5.5. Propostas de revisión da programación didáctica para o curso seguinte:

Proponse incluír rutinas orais máis consistentes que axuden ao alumnado a afianzar estruturas básicas e impliquen revisar ao longo de todo o curso o traballado anteriormente.

Tentaremos afianzar a estrutura de traballo por estacións de aprendizaxe que introducimos este curso e que nos permitiu traballar de xeito máis dinámico, desenvolver estratexias de aprendizaxe cooperativo e traballar de xeito máis inclusivo. Para desenvolver esta forma de traballo sería convinte poder contar cun aula de lingua estranxeira, espazo asociado ao idioma e cunha disposición flexible que permita desenvolver tarefas comunicativas, traballo en equipo e actividades que requiren movemento (TPR, dramatización, read the room...)

Proponse tamén incluír na programación un libro de lectura ou caderno de traballo con lecturas e audios co que traballar diferentes aspectos.

Incluír, como mínimo, unha tarefa en cada trimestre de "show and tell" na que o traballo final consista nunha breve exposición oral diante dos compañeiros e/ou algunha actividade de dramatización. Tamén se propón establecer unha tarefa final escrita por trimestre ou por tema traballado que pase a formar parte do portfolio do alumnado, que empregaremos como instrumento de avaliación.

Sería preciso elaborar un plan de actuación, coa colaboración do centro escolar, no caso dos alumnos que se incorporan dende outros países nos que non se estuda a lingua inglesa. Neste nivel non é suficiente traballar só co reforzo educativo que pode impartir

a docente nas 3 sesións de clase. Este alumnado, na maioría dos casos, ven sen ter tido antes clases de inglés, e este é o idioma vehicular durante as sesións, o que fai inviable, sen un reforzo máis específico, que poidan acadar uns mínimos.

2.6. LINGUA ESTRANXEIRA NIVEL: 6º ED. PRIMARIA

2.6.1. Grao de consecución dos obxectivos:

En liñas xerais acadáronse os obxectivos propostos, aínda que cun nivel inferior ao que programado para este nivel. O alumnado ten carencias sobre todo na expresión oral e escrita debidas, entre outras cousas, ao tempo de confinamento de hai tres cursos, ao uso de máscaras que dificultaron enormemente traballar a lingua estranxeira nos cursos anteriores, ao feito de ser grupos tan numerosos,...

2.6.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica:

As modificacións foron principalmente na temporalización, xa que en todas as unidades tivemos que adicar máis tempo do proposto. Houbo que retomar aspectos doutros cursos, facer traballo específico de moitas cuestións básicas para a andamiaxe (automatización de estruturas, adquisición de vocabulario, aplicar o aprendido a diferentes contextos, traballar estratexias de comprensión lectora...)

Tamén houbo que reprogramar algunhas actividades e tarefas específicas debido á baixa da auxiliar de conversa, que comezou un mes máis tarde do previsto e abandonou o programa en xaneiro en vez de en maio.

2.6.3. Motivo das modificacións:

Atopámonos con carencias e lagoas no eido da competencia lingüística en lingua estranxeira, maioritariamente na expresión oral e escrita. O alumnado ten pouco hábito de escoitar e tentar imitar sons, detectanse carencias en vocabulario que se da por sabido. Obsérvase que hai dificultades para memorizar vocabulario e estruturas e aplicalas en diferentes contextos.

2.6.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores:

En xeral os resultados foron bos, o 90.3% do alumnado ten unha avaliación positiva.

Si se observaron carencias sobre todo na expresión oral, amosando o alumnado dificultades á hora de expresarse en inglés sobre todo ao principio, isto foi mellorando ao longo do curso pero promocionan á seguinte etapa con carencias notables neste aspecto.

Así mesmo, destacar a dificultade para aplicar o aprendido en diferentes contextos así como para interiorizar e automatizar as estruturas aprendidas.

2.6.5. Propostas de revisión da programación didáctica para o curso seguinte:

Propónse incluír rutinas orais máis consistentes que axuden ao alumnado a afianzar estruturas básicas e impliquen revisar ao longo de todo o curso o traballado anteriormente.

Propónse tamén incluír na programación un caderno de traballo que inclúa lecturas co que traballar diferentes aspectos.

Incluír, como mínimo, unha tarefa en cada trimestre de "show and tell" na que o traballo final consista nunha breve exposición oral diante dos compañeiros e/ou algunha actividade de dramatización. Tamén se propón establecer unha tarefa final escrita por trimestre ou por tema traballado que pase a formar parte do portfolio do alumnado, que empregaremos como instrumento de avaliación.

Sería preciso elaborar un plan de actuación, coa colaboración do centro escolar, no caso dos alumnos que se incorporan dende outros países nos que non se estuda a lingua inglesa. Neste nivel non é suficiente traballar só co reforzo educativo que pode impartir o docente nas 3 sesións de clase. Este alumnado ven sen ter tido antes clases de inglés, e este é o idioma vehicular durante as sesións, o que fai inviable, sen un reforzo máis específico, que poidan acadar uns mínimos.

MEMORIA DA ÁREA DE RELIXIÓN

Durante o curso 2022/2023, a área de Relixión Católica foi impartida por dúas docentes, Teresa del Río Boquete (4º,5º e 6º de Educación Infantil) e Mª José Millán Martínez (Educación Primaria). Neste curso as programacións de Educación Infantil, 1º, 3º e 5º de Primaria foron realizadas na aplicación PROENS, programación aprobada cando foi enviada a Inspección.

1. EDUCACIÓN INFANTIL

1.1. 4º EI

1.1.1. Grao de consecución dos obxectivos

Neste nivel, acadáronse os obxectivos aínda tendo en conta as diferencias respecto á atención, á aceptación de normas, á capacidade de traballo.... Obxectivos formulados tendo en conta que son alumnos/as de 3 anos, que se escolarizan por primeira vez e en xeral lles costa adaptarse ás rutinas da aula e a establecer relación de grupo.

1.1.2. Modificacións introducidas durante o curso na Programación Didáctica.

Non se realizou ningún cambio na Programación.

1.1.3. Motivos das modificacións.

Adaptáronse os tempos, ritmos de traballo pero non se produciu ningunha modificación. Engadir que o espazo no que se desenvolveu a actividade non resultou especialmente motivador para eles, tanto polo seu tamaño (aula de psicomotricidade, como polos estímulos externos e alleos á materia que había na aula.

1.1.4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

Non houbo grandes diferencias con respecto a cursos anteriores, no sentido de que é a primeira vez que se escolarizan. A maioría dos alumnos remataron os ítems SD, exceptuando un que polas súas necesidades e desenvolvemento, tardará mais en acadar resultados positivos

1.1.5. Propostas de revisión da Programación Didáctica para o curso seguinte.

- *Revisar se os materiais permiten a manipulación, se son atractivos e suficientes*
- *Revisar a duración das actividades, o seu nivel de dificultade, se están baseadas nos intereses dos alumnos con obxectivos ben definidos, se inclúen propostas de aprendizaxe colaborativo, se motivan e espertan a curiosidade dos alumnos.*

1.2. 5º EI

1.2.1. Grao de consecución dos obxectivos

Neste nivel, a consecución dos obxectivos foi desigual entre un e outro grupo. Nun dos grupos en xeral a capacidade de atención, aceptación das normas, responsabilidade no traballo, faltas de asistencia constante, cohesión do grupo non foi todo o boa que se esperaba. Pola contra no outro grupo non se produciu ningunha das dificultades sinaladas máis arriba, polo que o traballo resultou mais motivador para discentes e docente.

1.2.2. Modificacións introducidas durante o curso na Programación Didáctica.

Non se realizou ningún cambio na Programación.

1.2.3. Motivos das modificacións.

Adaptáronse os ritmos de traballo pero non se produciu ningunha modificación.

1.2.4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

As diferencias que poideran xurdir no curso anterior resolvéronse con dificultade ás veces, tendo en conta que a docente do curso anterior era outra. Aínda así e co paso do curso, os dous grupos quedaron algo mais igualados e todos os alumnos remataron cos ítems SD.

1.2.5. Propostas de revisión da Programación Didáctica para o curso seguinte.

- *Revisar se os materiais permiten a manipulación, se son atractivos e suficientes*
- *Revisar a duración das actividades, o seu nivel de dificultade, se están baseadas nos intereses dos alumnos con obxectivos ben definidos, se inclúen propostas de aprendizaxe colaborativo, se motivan e espertan a curiosidade dos alumnos.*

1.3. 6º EI

1.3.1. Grao de consecución dos obxectivos

O grao de consecución dos obxectivos neste nivel foi en xeral positivo, seguindo a liña iniciada en 4º de infantil. Co avance do curso, os ritmos de traballo dos alumnos viuse en xeral substancialmente incrementado

1.3.2. Modificacións introducidas durante o curso na Programación Didáctica.

Non se realizou ningunha modificación da programación didáctica por non considerarse necesaria.

1.3.3. Motivos das modificacións.

Non houbo ningún motivo que xustificara a modificación da programación didáctica

1.3.4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

Obxectivos, contidos e temporalización foron axeitados; a metodoloxía correcta e a avaliación fíxose conforme á programación. A avaliación foi en todos os casos positiva e a cualificación dos ítems resultou Sen Dificultade na liña dos dous cursos anteriores.

1.3.5. Propostas de revisión da Programación Didáctica para o curso seguinte.

- *Revisar se os materiais permiten a manipulación, se son atractivos e suficientes*
- *Revisar a duración das actividades, o seu nivel de dificultade, se están baseadas nos intereses dos alumnos con obxectivos ben definidos, se inclúen propostas de aprendizaxe colaborativo, se motivan e espertan a curiosidade dos alumnos.*

1.4. 1º NIVEL / RELIXIÓN CATÓLICA

1.4.1. Grao de consecución dos obxectivos

Neste nivel, a consecución dos obxectivos foi bastante desigual. Unha porcentaxe presentou moitas dificultades no ámbito da lecto-escritura, posiblemente derivados da falta de motivación que existe nas familias, conclusión sacada despois de ter falado coas titoras. Aínda que a adquisición dos contidos, nos seus distintos ámbitos foron positivos e o alumnado amosaba un gran interese, os resultados, en moitos dos casos, foron baixos. Unha alumna non se comunicou comigo en todo o curso, polo que deberemos realizar algún tipo de reforzo no curso próximo.

1.4.2. Modificacións introducidas durante o curso na Programación Didáctica.

Non se realizou ningún cambio na Programación PROENS.

1.4.3. Motivos das modificacións.

Non se produciu ningunha modificación.

1.4.4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

Non houbo grandes diferencias con respecto a cursos anteriores, aínda que neste nivel houbo algún alumno/a suspenso durante os trimestres non así na avaliación ordinaria .

1.4.5. Propostas de revisión da Programación Didáctica para o curso seguinte.

- Proponse unha revisión dos obxectivos e mínimos esixibles para adecualos ás diferenzas individuais e fomentar a aprendizaxe colaborativa e reforzar a unidade dos diferentes grupos. Realizarase un RE para a alumna que non é capaz de comunicarse.

1.5. 2º NIVEL/RELIXIÓN CATÓLICA

1.5.1. Grao de consecución dos obxectivos

O nivel de consecución dos obxectivos foi satisfactorio. Os contidos, nos seus distintos ámbitos foron positivos pois o alumnado amosou un gran interese.

1.5.2. Modificacións introducidas durante o curso na Programación Didáctica.

Non se realizou ningún cambio na Programación, aínda que si se realizou un Reforzo Educativo nunha alumna que , na avaliación ordinaria, suspende a materia e repite curso. O documento que especifica o reforzo realizado permanecerá no seu expediente.

1.5.3. Motivos das modificacións.

Nos diferentes grupos deste ciclo, atopámonos con que os alumnos presentaban unha gran diversidade de coñecementos previos, de aptitudes e de intereses con respecto á materia. Polo tanto, foi necesario establecer unha serie de medidas e estratexias de orde metodolóxico para poder dar atención a todas esas diversidades. O Reforzo Educativo realizouse a unha alumna que ten unhas dificultades extremas de atención e de falta de coñecementos, influído pola baixa implicación familiar nos asuntos escolares, o que repercute no ritmo de traballo na clase. O documento que especifica o reforzo realizado permanecerá no seu expediente.

1.5.4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

Non houbo grandes diferencias con respecto a cursos anteriores, aínda que neste nivel houbo algún alumno/a suspenso durante os trimestres. Na avaliación ordinaria houbo unha alumna suspensa.

1.5.5. Propostas de revisión da Programación Didáctica para o curso seguinte.

- Proponse unha revisión dos obxectivos e mínimos esixibles para adecualos ás diferenzas individuais e fomentar a aprendizaxe colaborativa e reforzar a unidade dos diferentes grupos e a continuación do Reforzo Educativo na alumna que repite curso.

1.6. 3º NIVEL/RELIXIÓN CATÓLICA**1.6.1. Grao de consecución dos obxectivos**

O nivel de consecución dos obxectivos foi satisfactorio. Os contidos, nos seus distintos ámbitos foron positivos pois o alumnado amosou un gran interese.

1.6.2. Modificacións introducidas durante o curso na Programación Didáctica.

Non se realizou ningún cambio na Programación PROENS, aínda que si se realizaron 2 Reforzos Educativos a alumnos.

1.6.3. Motivos das modificacións.

Nos diferentes grupos deste ciclo, atopámonos con que os alumnos presentaban unha gran diversidade de coñecementos previos, de aptitudes e de intereses con respecto á materia. Polo tanto, foi necesario establecer unha serie de medidas e estratexias de orde metodolóxico para que, dentro do principio de educación individualizada, puideramos atender de forma igualitaria a diversidade de ritmos e estilos de aprendizaxe. Estas medidas foron xurdindo ao longo do curso gracias ao proceso de avaliación continua, que nos orientou para as diferentes modificacións e próximas actuacións.

Un dos Reforzos Educativos realizouse a un alumno que ten un diagnóstico que lle implica moita falta de atención de dispersión durante as clases, o que repercute no ritmo de traballo na clase. O documento que especifica o reforzo realizado permanecerá no seu expediente. Outro RE realizouse a un alumno que chegou ao centro no mes de novembro, procedente dun país sudamericano. Aínda que o alumno non coñecía o idioma e tivo grandes dificultades de relación nun primeiro momento, fixo un final de curso excelente e está totalmente integrado no noso centro. Queda recoñecido o seu gran esforzo e a súa vontade para mellorar academicamente.

1.6.4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

Non houbo grandes diferencias con respecto a cursos anteriores, aínda que neste nivel houbo algún alumno/a suspenso durante os trimestres. Na avaliación ordinaria, o alumnado acadou o 100% de aprobados .

1.6.5. Propostas de revisión da Programación Didáctica para o curso seguinte.

- *Propónse unha revisión dos obxectivos e mínimos esixibles para adecualos ás diferenzas individuais e fomentar a aprendizaxe colaborativa e reforzar a unidade dos diferentes grupos.*
- *Continuar cos Reforzos Educativos para os alumnos que xa o tiveron neste curso.*

1.7. 4º NIVEL/RELIXIÓN CATÓLICA

1.7.1. Grao de consecución dos obxectivos

O nivel de consecución dos obxectivos foi satisfactorio. Os contidos, nos seus distintos ámbitos foron positivos pois o alumnado amosou un gran interese.

1.7.2. Modificacións introducidas durante o curso na Programación Didáctica.

Non se realizou ningunha modificación na programación, pois o alumnado acadou positivamente tódolos estándares.

1.7.3. Motivos das modificacións.

Nos diferentes grupos deste ciclo, atopámonos con que os alumnos presentaban unha gran diversidade de coñecementos previos, de aptitudes e de intereses con respecto á materia. Polo tanto, foi necesario establecer unha serie de medidas e estratexias de orde metodolóxico para poder dar atención a todas esas diversidades.

1.7.4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

Non houbo grandes diferenzas con respecto a cursos anteriores, e aínda que durante os trimestres houbo algún suspenso, finalmente o alumnado acadou neste nivel un 100% de aprobados.

1.7.5. Propostas de revisión da Programación Didáctica para o curso seguinte.

- Proponse unha revisión dos obxectivos e mínimos esixibles para adecualos ás diferenzas individuais e fomentar a aprendizaxe colaborativa e reforzar a unidade dos diferentes grupos.

1.8. 5º NIVEL/RELIXIÓN CATÓLICA

1.8.1. Grao de consecución dos obxectivos

Curso con docencia Edixgal.

O nivel de consecución dos obxectivos foi satisfactorio. Os contidos, nos seus distintos ámbitos foron positivos pois o alumnado amosou un gran interese.

1.8.2. Modificacións introducidas durante o curso na Programación Didáctica.

Non se realizou ningunha modificación na Programación PROENS, pois o alumnado acadou positivamente tódolos estándares. Si se modificou a forma da presentación da materia durante o 1º trimestre, no que o alumnado tardou en afianzarse no uso do ordenador e continuamos co caderno. A plataforma Edixgal tivo maior uso no 2º e 3º trimestres.

1.8.3. Motivos das modificacións.

Nos diferentes grupos deste ciclo, atopámonos con que os alumnos presentaban unha gran diversidade de intereses con respecto á materia. Polo tanto, foi necesario establecer unha serie de medidas e estratexias de orde metodolóxico para que, dentro do principio de educación individualizada, puideramos atender de forma igualitaria a diversidade de ritmos e estilos de aprendizaxe. Estas medidas foron motivadas pola deixadez de certo alumnado na presentación dos traballos nas datas establecidas na plataforma, aspecto que ía a repercutir seriamente nas cualificacións do alumnado.

1.8.4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

Non houbo grandes diferenzas con respecto a cursos anteriores, e, na avaliación ordinaria, o alumnado acadou o 100% de aprobados .

1.8.5. Propostas de revisión da Programación Didáctica para o curso seguinte.

- Proponse unha revisión dos obxectivos e mínimos esixibles para adecualos ás diferenzas individuais e fomentar a aprendizaxe colaborativa e reforzar a unidade dos diferentes grupos. Cabe resaltar que neste nivel o alumnado non estivo afeito á docencia Edixgal ata ben entrado o 1º trimestre. En xeral, os grupos están máis atentos a poder xogar co ordenador que á presentación de traballos. Polo tanto, para o curso seguinte sería máis convinte compaxinar o Edixgal con outros métodos máis tradicionais na presentación dos traballos.

1.9. 6º NIVEL/RELIXIÓN CATÓLICA**1.9.1. Grao de consecución dos obxectivos**

Curso con docencia Edixgal.

O nivel de consecución dos obxectivos foi satisfactorio. Os contidos, nos seus distintos ámbitos foron positivos pois o alumnado amosou un gran interese.

1.9.2. Modificacións introducidas durante o curso na Programación Didáctica.

Non se realizou ningunha modificación na programación, pois o alumnado acadou positivamente tódolos estándares .

1.9.3. Motivos das modificacións.

Nos diferentes grupos deste ciclo, atopámonos con que os alumnos presentaban unha gran diversidade de coñecementos previos, de aptitudes e de intereses con respecto á materia. Polo tanto, foi necesario establecer unha serie de medidas e estratexias de orde

metodolóxico para que, dentro do principio de educación individualizada, puidéramos atender de forma igualitaria a diversidade de ritmos e estilos de aprendizaxe. Estas medidas foron xurdindo ao longo do curso gracias ao proceso de avaliación continua, que nos orientou para as diferentes modificacións e próximas actuacións.

Este curso continuou a deixadez dalgún alumnado ao que se lle tiña que solicitar a presentación dos traballos varias veces. Ao igual que o curso pasado, moitos dos alumnos/as non tiveron a conciencia de que o ordenador era un recurso para traballar, non para xogar.

1.9.4. Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos/as en relación a cursos anteriores.

Non houbo grandes diferencias con respecto a cursos anteriores, aínda que houbo algún suspenso na avaliación ordinaria, un alumno que repite curso.

1.9.5. Propostas de revisión da Programación Didáctica para o curso seguinte.

- Proponse unha revisión dos obxectivos e mínimos esixibles para adecualos ás diferenzas individuais e fomentar a aprendizaxe colaborativa e reforzar a unidade dos diferentes grupos.

MEMORIA DA ÁREA DE MÚSICA

1. EDUCACIÓN INFANTIL

1.1. Grao de consecución dos obxectivos

Acadados na súa maioría en canto a ritmo, canción, movemento e práctica instrumental. No apartado participación e atención, houbo máis dificultades nos cursos baixos.

1.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica

Non foron necesarias modificacións significativas máis que as pertinente en actividades ou momentos puntuais, debido ao ambiente xerado polo grupo ou ao seu estado emocional.

Este curso académico, as sesións víronse reducidas á metade, 25 minutos, pola falta de horario do docente. Isto implicou unha diminución da programación musical para infantil.

A aula de psicomotricidade é compartida con relixión, algunhas sesións de educación física e psicomotricidade. Polo que houbo que axustar o horario para compatibilizar todas esas sesións.

1.3. Motivo das modificacións

As pequenas e puntuais modificacións realizadas estiveron relacionadas con cambios nunha actividade que non resultou motivadora ou reforzar outra que resultaba máis difícil de realizar. A música é unha disciplina que permite e facilita flexibilidade e adaptación. Encerra en si mesma un poder inclusivo, xa que adáptase ás diferentes capacidades do alumnado.

1.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores

Resultados satisfactorios en xeral, incluso mellores que anos anteriores nos que xurdiron problemas de tipo emocional, vocal, condutual,... a causa da pandemia, protocolo covid, confinamentos,...

1.5. Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte e propostas de mellora

Continúase coa teima do excesivo uso das pantallas polos rapaces. Isto ten consecuencias negativas como estrés, insomnio, cansazo, mal humor, falta de estímulos naturais, problemas de socialización, apatía,..... Buscarase ofertar xogos, actividades musicais e dinámicas que implique un uso restritivo de pantalla.

2. 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

2.1. Grao de consecución dos obxectivos

Acadados na súa totalidade.

2.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica

En xeral, non foron necesarias modificacións significativas máis que as pertinente en actividades ou momentos puntuais, debido ao ambiente xerado polo grupo ou ao seu estado emocional.

Houbo 5 alumnos de 49 que necesitaron reforzo durante todo o curso.

2.3. Motivo das modificacións

A propia disciplina musical xa integra en si mesma a posibilidade de adaptación ou flexibilización. Así pois, cando foron necesarias algunhas pequenas modificacións puntuais porque a actividade, os tempos, o estado emocional ou madurativo do alumnado o requirían, realizáronse de forma sinxela e non significativa. Algunha outra vez as conmemoracións, actividades ou proxecto de centro, tamén

requiriron cambios na programación. Ademais o alumnado que necesitou reforzo, foi a consecuencia de dificultades na atención-concentración, coordinación, mutismo ou falta de motivación.

2.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores

Resultados satisfactorios en xeral.

2.5. Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte e propostas de mellora

Continuar coa programación prevista.

3. 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

3.1. Grao de consecución dos obxectivos

Acadados na súa totalidade.

3.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica

Non foron necesarias modificacións significativas máis que as pertinente en actividades ou momentos puntuais, debido ao ambiente xerado polo grupo ou ao seu estado emocional.

Houbo 10 alumnos de 51 que necesitaron reforzo nalgún momento do curso ou durante todo o curso.

3.3. Motivo das modificacións

A propia disciplina musical xa integra en si mesma a posibilidade de adaptación ou flexibilización. Así pois, cando foron necesarias algunhas pequenas modificacións puntuais porque a actividade, os tempos, o estado emocional ou madurativo do alumnado o requirían, realizáronse de forma sinxela e non significativa. Algunha outra vez as conmemoracións, actividades ou proxecto de centro, tamén

requiriron cambios na programación. Ademais o alumnado que necesitou reforzo, foi a consecuencia de dificultades na atención-concentración, coordinación, retraso madurativo, absentismo escolar ou falta de motivación.

3.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores

Resultados satisfactorios en xeral.

3.5. Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte e propostas de mellora

Continuar coa programación prevista.

4. 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

4.1. Grao de consecución dos obxectivos

Acadados na súa totalidade.

4.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica

Non foron necesarias modificacións significativas máis que as pertinente en actividades ou momentos puntuais, debido ao ambiente xerado polo grupo ou ao seu estado emocional.

Houbo 10 alumnos de 56 que necesitaron reforzo nalgún momento do curso ou durante todo o curso.

4.3. Motivo das modificacións

A propia disciplina musical xa integra en si mesma a posibilidade de adaptación ou flexibilización. Así pois, cando foron necesarias algunhas pequenas modificacións puntuais porque a actividade, os tempos, o estado emocional ou madurativo do alumnado o requirían, realizáronse de forma sinxela e non significativa. Algunha outra vez as conmemoracións, actividades ou proxecto de centro, tamén

requiriron cambios na programación. Ademais o alumnado que necesitou reforzo, foi a consecuencia de dificultades na atención-concentración, hiperactividade, ven doutro país, coordinación, ou falta de motivación.

4.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores

No primeiro trimestre os resultados foron bastante negativos. Realizáronse algúns reaxustes para reforzar e incidir máis nos aspectos de maior dificultade. No resto do curso, resultados satisfactorios en xeral.

4.5. Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte e propostas de mellora

Continuar coa programación prevista.

5. 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

5.1. Grao de consecución dos obxectivos

Acadados na súa totalidade.

5.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica

Non foron necesarias modificacións significativas máis que as pertinente en actividades ou momentos puntuais, debido ao ambiente xerado polo grupo ou ao seu estado emocional.

Houbo 12 alumnos de 53 que necesitaron reforzo nalgún momento do curso ou durante todo o curso. Hai tamén 1 alumno que ten unha AC con contidos de primeiro nivel de infantil.

5.3. Motivo das modificacións

A propia disciplina musical xa integra en si mesma a posibilidade de adaptación ou flexibilización. Así pois, cando foron necesarias algunhas pequenas modificacións puntuais porque a actividade, os tempos, o estado emocional ou madurativo do alumnado o requirían, realizáronse de forma sinxela e non significativa. Algunha outra vez as conmemoracións, actividades ou proxecto de centro, tamén requiriron cambios na programación. Ademais o alumnado que necesitou reforzo, foi a consecuencia de dificultades na atención-concentración, hiperactividade, retraso madurativo, coordinación, inmovilidade das extremidades inferiores ou falta de motivación.

5.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores

Resultados satisfactorios en xeral.

5.5. Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte e propostas de mellora

Continuar coa programación prevista.

6. 5º EDUCACIÓN PRIMARIA**6.1. Grao de consecución dos obxectivos**

Acadados na súa totalidade.

6.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica

Non foron necesarias modificacións significativas máis que as pertinente en actividades ou momentos puntuais, debido ao ambiente xerado polo grupo ou ao seu estado emocional.

Houbo 5 alumnos de 54 que necesitaron reforzo nalgún momento do curso ou durante todo o curso

6.3. Motivo das modificacións

A propia disciplina musical xa integra en si mesma a posibilidade de adaptación ou flexibilización. Así pois, cando foron necesarias algunhas pequenas modificacións puntuais porque a actividade, os tempos, o estado emocional ou madurativo do alumnado o requirían, realizáronse de forma sinxela e non significativa. Algunha outra vez as conmemoracións, actividades ou proxecto de centro, tamén requiriron cambios na programación. Ademais o alumnado que necesitou reforzo, foi a consecuencia de dificultades na atención-concentración, coordinación, ven doutro país ou falta de motivación.

6.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores

Resultados satisfactorios en xeral.

6.5. Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte e propostas de mellora

Continuar coa programación prevista.

7. 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

7.1. Grao de consecución dos obxectivos

Acadados case na súa totalidade.

7.2. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica

Non foron necesarias modificacións significativas máis que as pertinente en actividades ou momentos puntuais, debido ao ambiente xerado polo grupo ou ao seu estado emocional. Aínda que si foron necesarias modificacións significativas no terceiro trimestre, xa que adicamos varias sesión a preparar as actuacións de do día da graduación; deixando algúns aspectos do movemento e a danza.

Houbo 10 alumnos de 73 que necesitaron reforzo nalgún momento do curso ou durante todo o curso

7.3. Motivo das modificacións

A propia disciplina musical xa integra en si mesma a posibilidade de adaptación ou flexibilización. Así pois, cando foron necesarias algunhas pequenas modificacións puntuais porque a actividade, os tempos, o estado emocional ou madurativo do alumnado o requirían, realizáronse de forma sinxela e non significativa. Algunha outra vez as conmemoracións, actividades ou proxecto de centro, tamén requiriron cambios na programación. Ademais o alumnado que necesitou reforzo, foi a consecuencia de dificultades na atención-concentración, coordinación ou falta de motivación.

7.4. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación a cursos anteriores

Resultados satisfactorios en xeral.

7.5. Proposta de revisión da programación didáctica para o curso seguinte e propostas de mellora

Continuar coa programación prevista.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998(DOG 31/07/98), refírese no artigo 15.2 á memoria do Departamento de Orientación como un documento que deberá redactar o/a orientador/a, e determina que deberá recoller polo menos:

- As modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas.*
- Os cambios na realidade educativa.*
- O grao de consecución dos obxectivos establecidos no plan.*
- A implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.*
- As conclusións e propostas concretas de mellora.*

Así, dando cumprimento á lexislación, este Departamento presenta a avaliación-memoria do presente curso, que foi elaborada a partir do establecido no Plan de Orientación, das actas das reunións de DO, dos informes do centro adscrito (CEIP de Tabeaio) e tendo en conta cada un dos seus subprogramas, empregando os procedementos e instrumentos previamente determinados, co obxecto de constatar a idoneidade e adecuación das actuacións desenvolvidas e os aspectos sobre os que será necesario incidir no curso próximo.

Esta memoria será entregada ao equipo directivo para a súa inclusión na memoria final do centro.

1. Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio, se procede, da realidade educativa.

O plan de orientación deseñado polo departamento de orientación para o curso académico 2022/2023, foi elaborado no mes de setembro.

Para a implementación deste plan, lévanse a cabo unha serie de subprogramas que serán avaliados para plasmar a consecución dos obxectivos propostos. Para desenvolvelos o departamento de orientación foi constituído polo seguinte persoal:

- *Lidia Bello Novo: mestra especialista de Pedagogía Terapéutica, con destino definitivo no centro.*
- *María Ángela Precedo No: mestra especialista de Audición e Linguaxe, con destino definitivo no centro.*
- *Emilio Manuel González Villamil: mestre especialista de PT en comisión de servizo, en posto de escolarización de alumnado de atención preferente, e coordinador do 2º internivel/ciclo de Educación Primaria.*
- *Raquel Rodríguez Costa: mestra especialista de PT, con destino provisional no centro, e coordinadora do 1º internivel de Educación Primaria.*
- *Noemi Vázquez López: mestra especialista de AL, con destino provisional no centro.*
- *Iria Sánchez Prieto: coordinadora de 2º ciclo de Educación Infantil.*
- *Nicole García Moledo: coordinadora do 3º internivel de Educación Primaria.*
- *Carmen Fenández Andón: responsable do CEIP de Tabeaio (CEIP adscrito ao DO do CEIP Vicente Otero Valcárcel), Substituída por Pablo Reimúndez no mes de febreiro.*
- *Priscila Vilas Vicente: mestra PROA+*
- *Eva Mª López Díaz: xefatura do D.O.*

Tendo en conta a autonomía organizativa e pedagóxica do noso centro e sempre favorecendo a coordinación docente, todos os luns en horario non lectivo pero si de permanencia no centro, as mestras e o mestre especialistas de PT, as mestras especialistas de AL, a mestra PROA+ e máis a orientadora, realizaban unha reunión para tratar as actividades do departamento. Un luns ao mes, celebrouse unha reunión á que acudiron todos os membros do DO anteriormente citados para informar e tratar as actuacións desenvolvidas.

2.1. Memoria do Plan de Acción Titorial.

O plan de Acción Titorial é un documento propio dentro do plan de orientación. Recolle as actuacións que desde o PAT deben realizarse e, relaciónanse co Proxecto Educativo, as Normas de Organización Funcionamento e Convivencia, o Plan de Orientación, o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acollida.

Así e todo, podemos dicir que:

- *A maioría das actuacións do PAT foron levadas a cabo.*
- *Os titores e titoras ao longo do curso, atenderon ás familias na hora de atención a pais/nais/titores-as legais, os luns de 16:30 a 17:30 h., e sempre que o solicitaron contaron coa presenza nas titorías dalgún membro do DO.*
- *Os titores/as atenderon ás demandas do seu alumnado (axuda cos contidos das áreas, resolución de conflitos, problemas familiares, dificultades de relacións sociais,...), sempre que o solicitaron. Moitos dos titores/as empregaban unha ou varias sesións lectivas para traballar estes aspectos. A sesión de titoría debería estar recollida no horario de EP ao igual que está recollida no horario de secundaria. Isto é unha necesidade e unha demanda feita á Administración educativa.*
- *Os membros do DO ao igual que a orientadora, estiveron á disposición das titoras e titores, sempre que eles/as o solicitaron.*
- *Ao final de curso, as titoras e titores elaboraron os informes individuais sobre as medidas de reforzo educativo (RE) que se incluíron nos expedientes do alumnado.*

En canto aos plans específicos de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, as titoras e titores deberán elaboralos e aplicarlos no vindeiro curso, sempre contando co asesoramento do DO. Para favorecer esta aplicación, os titores/as contan cos modelos dentro dos anexos do PAT.

2.2. Memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade

O plan Xeral de Atención á Diversidade, regulado no Decreto 229/2011 do 7 de decembro, e na Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, foi especificado no punto de concreción dos criterios de aplicación das MAD para a PXA no mes de setembro, atendendo ás necesidades, particularidades e características dos nenos e nenas cos que contábamos para o presente curso escolar 2022/2023.

Facendo referencia ás actuacións do PXAD, remarcar que:

- *A xefatura do DO fixo as avaliacións psicopedagóxicas (33) e redactou os informes psicopedagóxicos, seguindo as demandas dos titores/as ou familias para detectar as necesidades dos seus alumnos e alumnas ou fillos/as.*

- *Nas reunións semanais do DO, fíxose un seguimento dos apoios das mestras especialistas de PT e de AL.*
- *O punto 7. "Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición", recollido na estrutura do PXAD (art.12 do D.229/2011 do 7/12), cumpriuse neste curso atendendo a xefatura de DO ás titoras e titores no momento no que o precisaron. A coordinación con outras etapas fíxose a través de reunións presenciais, telefonicamente e a través do correo electrónico. Desenvolvéronse as xornadas de convivencia que se viñan facendo en cursos anteriores: Xornada de convivencia co alumnado da Galiña Azul de Carral (8 de xuño), Xornada de convivencia co alumnado do CEIP de Tabeaio (7 de xuño), Xornada de información e convivencia para o alumnado de 6º de EP no IES de Carral (14 de xuño) e Xornada de convivencia para o alumnado de 6º de EI co alumnado de 1º de EP. Por último, a coordinación e intervención no centro adscrito, CEIP de Tabeaio, levouse a cabo segundo a demanda de intervención e necesidades de dito centro, tal como está recollido no PAAO.*
- *O punto 8. "Liñas de colaboración coas nais, pais ou titores/as legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro", recollido na estrutura do PXAD (art.12 do D.229/2011 do 7/12), cumpriuse na medida en que, tanto os membros do DO como a orientadora, sempre atenderon ás demandas das familias do alumnado e reuníronse con eles, moitas veces incluso fóra da hora de atención a familias. Tamén se estableceron coordinacións periódicas con SS.SS. do Concello de Carral (contacto mensual) coa Unidade de Atención Temperá do Concello (contacto semanal) e outros servizos sanitarios ou psicopedagóxicos externos que atenden ao alumnado do centro. Estas coordinacións periódicas fixéronse mediante reunións presenciais e, ocasionalmente a través do correo electrónico ou telefonicamente.*

1.3. Memoria do Plan de Acollida.

No noso centro contamos cun Plan de Acollida, ante a crecente escolarización de alumnado que procede doutros países. Era unha necesidade do centro elaborar un documento que organizase as actuacións a levar a cabo os primeiros días de escola dos nenos e nenas de incorporación tardía, sobre todo para facilitarlles a estancia e chegada ao colexio, tendo en conta que non é doado para as familias e

menos aínda para os menores, chegar a un novo centro noutro país e moitas veces xa comezado o curso. Este documento revísase cada curso, para introducir as modificacións que sexan precisas.

Dende o curso pasado temos tamén en marcha o Plan de escolarización e acollida do alumnado desprazado polo conflito en Ucraína, para facilitar a escolarización de dous nenos procedentes dese país.

1.4. Memoria de Actividades

Ao principio do presente curso elaborouse o Plan Anual de Orientación que foi dado a coñecer a todo o persoal do centro educativo e incorporado a Programación Xeral Anual do centro.

Os ámbitos de actuación que abrangue son: o profesorado, o alumnado, as familias e o entorno.

- *Obxectivos Xerais: os obxectivos xerais propostos no plan de orientación para o curso académico 2022/2023, non foron completados na súa totalidade. Os obxectivos cumpridos, foron de forma satisfactoria aínda que deberan ser reforzados e mellorados no vindeiro curso.*

Foron revisadas as necesidades do Departamento de Orientación, quedando patente a necesidade de maior dotación de recursos persoais, para poder cubrir as necesidades existentes no centro.

Tamén desde o DO fixéronse 2 peticións de intervención ao EOE de A Coruña que foron atendidas pola especialista en discapacidades sensoriais, Esperanza López Cordido, e pola especialista en trastornos de conduta, M^a Victoria Fernández Mosquera. No presente curso propúxose como unha das liñas prioritaria de acción completar a elaboración do Plan Xeral de Atención a Diversidade e a revisión do Plan de Acollida e do Plan de Acción Titorial.

- *Alumnado: as accións prioritarias propostas para levar a cabo co alumnado do centro educativo foron realizadas. Realizáronse as oportunas avaliacións psicopedagóxicas, a demanda dos titores/as e das familias, e a redacción dos correspondentes informes*

psicopedagóxicos, tal e como se regula na Orde do 31 de outubro de 1996 e o D.229/2011 do 7/12. Ademais da aplicación das MAD correspondentes en función das necesidades detectadas. Quedaron demandas sen atender (15), que serán atendidas o vindeiro curso se, tras a avaliación inicial do alumnado, se segue considerando necesaria a intervención do DO.

- *Profesorado: as accións levadas a cabo co profesorado foron positivas, xa que o DO participou nas titorías do alumnado con NEAE, sempre que o solicitaron as titoras ou os titores, ademais de atender ás demandas do equipo docente relacionadas coa avaliación psicopedagóxica do alumnado, asesoramento na elaboración de informes escolares solicitados para diferentes especialistas do SERGAS, proporción de materiais, orientación á hora de elaborar as AC do alumnado que as precisa, e facilitar o asesoramento psicopedagóxico do seu alumnado.*
- *Centro: no ámbito de actuación do centro educativo as accións prioritarias propostas foron levadas a cabo de forma maioritaria. Revisión e aportacións feitas aos documentos de centro ademais de atender ás demandas do equipo directivo.*
- *Familias: o asesoramento ás familias foi satisfactorio en termos xerais. O curso que ven compre continuar favorecendo implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas, sendo este traballo un pilar fundamental da labor orientadora.*
- *Entorno: o traballo realizado co entorno non supuxo dificultades salientables.*

A coordinación entre o noso centro educativo e o IES de Carral ao que estamos adscritos, neste curso foi escasa, xa que so se realizaron dúas reunións de coordinación co xefe do departamento de orientación do IES, Juan Donesteve. Tal como mencionamos anteriormente, desenvolveuse a xornada de convivencia para o alumnado de 6º de Educación Primaria, e que tivo lugar no mes de xuño. Ese mesmo día organizouse unha sesión informativa para os grupos de 6º de EP sobre o cambio de etapa educativa. Por outra banda proporcionouse ao DO do IES de Carral a información pertinente sobre o alumnado que no vindeiro curso continuará os seus estudos no seu centro.

Fíxose seguimento, asesoramento e intervención por parte do DO, no CEIP de Tabeaio, adscrito ao DO do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel. Este seguimento e intervencións resultou máis difícil que en cursos anteriores debido a que non se conta con horas de permanencia no CEIP de Tabeaio dentro do horario da orientadora. O seguimento do alumnado dese centro, a realización das

avaliacións psicopedagóxicas solicitadas e as titorías/reunións coas familias realizáronse puntualmente, segundo a demanda de intervención.

Organizouse a xornada de convivencia do CEIP de Tabeaio co CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel no mes de xuño, para favorecer o coñecemento das instalacións, que consistiu unha visita ao centro e convivencia no recreo co alumnado de 2º de EP, que o vindeiro curso será o que acolla ao alumnado de CEIP de Tabeaio.

Organizáronse tamén as xornadas de convivencia coa EEI "A Galiña Azul", adscrita ao noso colexio, tal como se viña facendo en cursos anteriores.

As coordinacións cos servizos externos realizáronse de forma satisfactoria e é preciso continuar nesta liña.

- 1. Valoración do grado de consecución dos obxectivos establecidos no plan, como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboran nel.***

OBXECTIVOS XERAIS

- 1. Participar no seguimento e avaliación do Proxecto Educativo e demais documentos do centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción, etc.*
- 2. Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.*

Elaboráronse e modificáronse as AC., unha en 1º EP (CEIP de Tabeaio), unha en 4ºEP e dúas en 6º EP. Ademais de facer o seguimento dos RE nas xuntas de avaliación.

- 3. Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.*

As avaliacións iniciais realizáronse no primeiro mes de comezo de curso e para aquel alumnado de incorporación tardía ao S.E., a avaliación inicial realizouse no momento de chegada ao centro dos alumnos e alumnas, seguindo as pautas de actuación do Plan de Acollida.

Non só nas avaliacións iniciais ao comezo do curso poden detectarse necesidades, así pois moitos titores e titoras detectan dificultades no seu alumnado en calquera momento do curso, polo tanto as demandas de avaliacións psicopedagóxicas foron atendidas ao longo dos tres trimestres. Debido ao alto número de demandas de intervención as solicitudes cursadas no terceiro trimestre, e parte das cursadas no segundo, non puideron ser atendidas.

- 4. Apoiar a convivencia no centro coa implicación de toda a comunidade educativa, seguindo as directrices establecidas no Plan de Convivencia.*
- 5. Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciado a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e/ou fillas e na vida do centro educativo.*

Todos os luns de 16:30 a 17:30 os membros do DO tiñan unha hora de atención a pais/nais/familiares. Ademais se, por motivos familiares ou laborais, as familias non podían ser atendidas o luns pola tarde, atendíáselles con previa cita concertada co DO noutro horario de maior dispoñibilidade para elas.

- 6. Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.*
Establecéronse coordinacións puntuais e periódicas con SS.SS. do Concello de Carral (una vez ao mes), servizo de Atención Temperá do Hospital Teresa Herrera (Materno Infantil) (puntual), Saúde Mental do Hospital de Oza (puntual), Unidade de Atención Temperá do Concello (puntual), E.O.E., IES de Carral e persoal do ámbito médico e/ou psicolóxico (puntual).
- 7. Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo dos alumnos e alumnas e axudarlles a enfrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.*

Sempre e cando solicitaron apoio e asesoramento tanto o persoal docente, familias como o alumnado, foron atendidos polo DO.

8. *Asesorar e apoiar ao conxunto da comunidade educativa e aos órganos de goberno do colexio en particular, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en todos os ámbitos.*

O DO atendeu ás demandas tanto do equipo directivo como da comunidade educativa.

9. *Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención. Sempre que se solicitou se solicitou a intervención parte do DO, foron atendidos.*

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Con relación ao alumnado

A. Desenvolvemento persoal e social

1. *Favorecer e orientar a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a inclusión no grupo-clase.*

Este obxectivo preténdese acadar de forma satisfactoria con todo o alumnado en xeral e co alumnado de incorporación tardía ao S.E., en particular, aplicando o Plan de Acollida que se elaborou o curso pasado.

2. *Axudar a tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenvolvendo habilidades de control e autorregulación dos mesmos e logrando un desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración dos nenos e nenas no grupo.*

Este obxectivo acadouse mediante o traballo continuo de xestión emocional e autorregulación da conduta por parte dos titores e titoras nas súas aulas, e a intervención directa asesorando e axudando ao seu alumnado sempre que fixo falta.

3. *Orientar a potenciación do desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía persoal e social coa colaboración das familias.*

Este obxectivo traballouse nas reunións e entrevistas coas familias. Pero a consecución do mesmo foi moi irregular porque dependeu moito da actitude de colaboración das familias.

4. *Facilitar a inclusión educativa, escolar e social do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.*

Intentouse na medida do posible a participación do alumnado con NEAE nas actividades do centro e da aula, a participación nas actividades complementarias e o uso das dependencias escolares (pavillón, biblioteca, comedor,...)

5. *Axudar a desenvolver no alumnado un adecuado coñecemento e valoración de si mesmo/a, facilitando a progresiva toma de conciencia sobre as súas propias capacidades, posibilidades e intereses.*

Este obxectivo é preciso traballalo a nivel xeral a través de programas de mellora do autoconcepto e autoestima e de coñecemento de un mesmo. Para acadar mellor este obxectivo sería preciso incluír unha hora de titoría no horario docente, como xa se dixo anteriormente nesta memoria.

A. Atención á diversidade e apoio aos procesos de ensinanza-aprendizaxe

1. *Asesorar no desenvolvemento de estratexias e elaboración de instrumentos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos e as alumnas.*

Este obxectivo traballouse a través do Plan de Acollida, poñendo a disposición dos titores materiais para recoller a información precisa para coñecer as circunstancias do alumnado. O nivel de consecución deste obxectivo non foi bo, polo que será un aspecto a traballar no vindeiro curso.

2. *Contribuír a mellorar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.*

Este obxectivo traballouse a través de reunións cos titores e titoras para facilitar pautas de actuación, proporción de materiais, recursos e asesoramento na realización das AC e reforzos educativos, no procedemento de avaliacións, metodoloxías,...

O nivel de consecución en xeral foi bo, pero non pleno, polo que será un aspecto a seguir traballando no curso 2023/24.

3. *Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemáticos.*

Levou a cabo sempre que foi preciso, cando se solicitou o asesoramento do DO.

4. *Realizar exploracións psicopedagóxicas á totalidade do alumnado, en diferentes niveis, facilitando orientacións cara a mellora no dominio das áreas instrumentais e a implicación propia no proceso de ensino-aprendizaxe.*

Non se realizaron exploracións psicopedagóxicas á totalidade do alumnado é un obxectivo moi complicado de acadar tendo en conta a cantidade de alumnado escolarizado.

- 5. Axudar a reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado en situación de desvantaxe.*

Este obxectivo foi acadado na medida en que o equipo docente traballa sempre baixo os principios de equidade e inclusión. Aínda e todo é preciso seguir tendo en conta este obxectivo en cursos vindeiros.

- 6. Promover a busca de estratexias que favorezan a adquisición de aprendizaxes instrumentais, competencias clave, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual.*

Este obxectivo foi acadado na medida en que os titores, titoras e o resto do equipo docente solicitaron asesoramento ao DO. Aínda e todo é preciso seguir traballando na consecución deste obxectivo a través do PAT.

- 7. Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptación curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da calidade da aprendizaxe.*

Este obxectivo traballouse nas reunións ao comezo de curso para a realización das AC e nas xuntas de avaliación trimestrais facíase o seguimento das AC e RE.

- 8. Impulsar a eliminación dos obstáculos físicos, organizativos ou curriculares que dificulten a acollida, a adaptación escolar e o desenrolo educativo do conxunto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: alumnado con necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía o sistema educativo, condicións persoais ou de historia escolar.*

Este obxectivo foi acadado na medida en que os titores/as e o resto do equipo docente solicitaron asesoramento ao DO. Aínda e todo é preciso seguir traballando na consecución deste obxectivo.

A. *Orientación académica*

1. *Potenciar a adquisición de competencias relevantes no ámbito educativo tales como a responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, o traballo en equipo, a experimentación e a creatividade.*

É un obxectivo que é preciso seguir traballando a través do PAT.

A. *Convivencia*

1. *Contribuír á socialización do alumnado promovendo unha formación en valores conectada coa realidade social e comprometida cos principios universais propios dunha sociedade democrática: cooperación, convivencia, respecto e solidariedade, etc., concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.*

Para a consecución deste obxectivo foi de axuda a aplicación do Programa "Educando en Valores" para o alumnado, promovido polo Concello de Carral.

2. *Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para a mellora do clima de traballo e convivencia no centro, seguindo as indicacións do Plan de convivencia.*
3. *Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.*

Para acadar este obxectivo os titores e titoras conta co Programa de Habilidades Sociais do centro.

A. *Transición e coordinación entre etapas educativas*

1. *Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio da Educación Infantil e ao alumnado de incorporación tardía ao noso sistema educativo.*

Para a consecución deste obxectivo elaborouse o Plan de Acollida. Para mellorar no asesoramento no proceso de acollida do novo alumnado de EI sería preciso que a orientadora participara activamente no período de adaptación, no mes de setembro, axudando as titoras e mestres/as de apoio de EI á hora de recibir aos nenos e nenas e favorecer a súa adaptación ás actividades

da aula, ás instalacións e ás dinámicas do centro. Tamén a orientadora, xunto co resto de mestres/as especialistas, poderá estar presente nas reunións que organizan os titores/as de 4º nivel de E.I. coas familias ao comezo de curso.

- 2. Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.*

Este obxectivo do paso da EP a ESO acadouse co desenvolvemento da xornada de convivencia do alumnado de 6º de EP no IES de Carral no mes de xuño e resolvendo as dúbidas xurdidas sobre o cambio de etapa.

1. Con relación ás familias

- 1. Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos e/ou fillas.*
- 2. Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.*
- 3. Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo.*
- 4. Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos seus fillos e/ou fillas.*

Estes catro obxectivos foron traballados polo DO ao longo do curso a través das reunións solicitadas polas familias ou convocadas pola orientadora. Nestas reunións déronse a coñecer os resultados das avaliacións psicopedagóxicas dos seus fillos/as, asesoramento de pautas de actuación nas familias, información sobre servizos, entre outros temas.

1. Con relación ao profesorado

1. *Asesorar na elaboración dos documentos do centro.*

Este obxectivo acadouse en función das peticións do equipo docente. Cómpre mellorar a elaboración das AC do alumnado.

2. *Apoiar e asesorar no desenvolvemento das accións derivadas do desenvolvemento lexislativo da L.O.E.-L.O.M.C.E.*

Este obxectivo acadouse en función das peticións do equipo docente.

3. *Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.*

Este obxectivo acadouse relacionado co asesoramento nas AC e nos RE, metodoloxía, recursos organizativos e materiais, instrumentos de avaliación e elaboración dos perfís competenciais do alumnado con AC.

4. *Solicitar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.*

Este obxectivo foi acadado. O equipo docente que atendía ao alumnado que foi avaliado psicopedagóxicamente colaborou no proceso.

5. *Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.*

Este obxectivo acadouse en función das peticións do equipo docente.

6. *Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.*

Este obxectivo acadouse na medida en que favoreceuse a coordinación a través de reunións periódicas (C.C.P., D.O., internivel,...) e reunións puntuais.

7. *Asesorar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.*

Este obxectivo acadouse en función das peticións do equipo docente.

O seguimento dos apoios de PT e AL fíxose nas reunións semanais do DO.

8. *Colaborar no deseño dos distintos documentos que forman parte do expediente do alumno e/ou alumna: informe fin de etapa, informe de traslado...*

Este obxectivo foi acadado o obxectivo en función das demandas do equipo docente.

1. Con relación a outras institucións

1. *Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico (E.O.E.), Departamento de Orientación do I.E.S. de Carral ao que estamos adscritos e/ou Departamentos de Orientación doutros centros de Educación Primaria e/ou Infantil, así como co C.E.E. ASPANAES de A Coruña.*

Obxectivo acadado. As demandas de intervención do EOE foron atendidas e contaron coa colaboración de todo o persoal do DO implicado en cada caso.

En relación á colaboración co DO do IES de Carral, o obxectivo acadouse na medida en que se mantivo comunicación co Xefe do DO do IES en relación ao paso do alumnado de 6º de EP para ESO.

É importante destacar a coordinación co equipo de Atención Temperá ofertado polo Concello de Carral, que atendeu alumnado de Educación Infantil e 1º de EP.

2. *Coordinar actuacións cos servizos e/ou axentes externos: saúde, servizos sociais, concello, gabinetes psicopedagóxicos, ... aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofertar.*

Este obxectivo acadouse parcialmente. Realizáronse coordinacións periódicas e /ou puntuais con:

- *Traballadora social de Saúde Mental do Hospital de Oza.*
- *Traballadora social de SS.SS. do Concello de Carral.*
- *Atenderon as solicitudes de coordinación daqueles gabinetes ou entidades privadas que se consideraron beneficiosas para o desenvolvemento do alumnado.*

4. Propostas de mellora para o vindeiro curso.

Antes de establecer as proposta de mellora é preciso establecer que actuacións deben continuarse no vindeiro curso, dado o bo resultado das mesmas neste curso e en cursos anteriores:

- *Continuar co programa "Educando en valores" tanto para o alumnado de EP, como a formación e talleres para docentes e familias.*
- *Seguir facendo intervención directa no CEIP de Tabeaio.*
- *Continuar coa coordinación e as xornadas de convivencia co IES de Carral e EEI "A Galiña Azul".*
- *Seguir coas coordinacións cos axentes externos que atenden ao alumnado.*

Sabemos que a avaliación constitúe un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e os seus elementos. Desde unha reflexión crítica compartida polos integrantes da comunidade educativa acerca do desenvolvemento das actuacións levadas a cabo poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados e enriquecedores.

En consecuencia, cara a planificación do traballo do vindeiro curso, deberemos ter en conta:

Respecto ao Plan de Orientación: os obxectivos non se desenvolveron/acadaron na súa totalidade de forma satisfactoria, posto que crese conveniente seguir traballando na súa consecución para levar a cabo unha boa labor orientadora.

Respecto ao Plan de Acción Titorial, estímase adecuado o desenvolvemento dos plans que se propoñen para o vindeiro curso.

Respecto ao Plan Xeral de Atención á diversidade, estímase preciso a súa completa elaboración no vindeiro curso.

De cara ao vindeiro curso, deberase mellorar nas seguintes cuestións e que son relevantes para toda a comunidade educativa:

- a) *Continuar coa dotación ao centro dun mestre/a especialista de PT a maiores para atender as NEAE do alumnado. Tamén é precisa da dotación dun mestre/a especialista de AL e dun mestre/a especialista de PT o CEIP de Tabeaio.*

Esta petición faise porque os recursos persoais actuais no centro para a atención á diversidade, non son suficientes para atender ás demandas crecentes.

- b) Elaboración completa do PXAD.*
- c) Revisión anual dos documentos de centro.*
- d) Asesoramento do departamento de Orientación ao equipo directivo á hora de facer os grupos de aula e sobre todo tendo en conta a adscrición do alumnado con NEAE.*
- e) Ter en conta criterios pedagóxicos e as necesidades do ACNEAE á hora de elaborar os horarios das aulas e dos mestres/as de apoio.*
- f) Favorecer a participación dos docentes nas actividades e iniciativas propostas polo DO.*
- g) Establecer reunións interniveis ao comezo do curso onde se favoreza o coñecemento das características do alumnado con N.E.A.E. por parte dos titores/as e persoal docente de nova incorporación ao centro.*
- h) Orientar e asesorar ao profesorado na elaboración de plans específicos de recuperación e adaptación do currículo para permitir o avance de todo o alumnado.*
- i) Adoptar as MAD, individuais ou grupais, necesarias para dar resposta ás necesidades educativas concretas que poda ter o alumnado por mor da falta de actividade académica presencial.*

5. Agradecementos.

É preciso agradecer a colaboración e axuda na realización desta memoria de todos os membros do DO, así como do Equipo Directivo, dos docentes membros dos claustros do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel e CEIP de Tabeaio, e da comunidade educativa en xeral.

Carral, 23 de xuño de 2023

Eva M^a López Díaz

Xefa do Departamento de Orientación

**ANEXO I: MEMORIA DA MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA
PT-1 (Destino definitivo no centro)**

Alumnado que recibiu apoio de Pedagogía Terapéutica por parte da mestra de Pedagogía Terapéutica PT-1

4ª EDUCACIÓN INFANTIL:

- **A:** alumno con probable TEA, sen diagnóstico

Valoración: O alumno progresa moi lentamente nas súas aprendizaxes. Recibe catro sesións de apoio na aula de PT.

Previsión vindeiro curso escolar: Debe continuar con apoio de Pedagogía Terapéutica prioritario de xeito individualizado e personalizado.

- **I:** alumno procedente de contexto familiar desfavorecido, retraso na linguaxe.

Valoración: O alumno progresa lentamente nas aprendizaxes. Precisa mellorar a expresión e comprensión oral así como o seu comportamento. Recibe dúas sesións de apoio na aula ordinaria.

Previsión vindeiro curso escolar: Pode continuar con apoio de Pedagogía Terapéutica valorando as necesidades do centro.

- **D:** alumno con retraso na linguaxe, na expresión oral.

Valoración: O alumna progresa nas aprendizaxes. Precisa mellorar a súa conduta. Recibe dúas sesións de apoio na aula ordinaria.

Previsión vindeiro curso escolar: Pode continuar con apoio de Pedagogía Terapéutica valorando as necesidades do centro.

2º EDUCACIÓN PRIMARIA:

- **A:** alumna con TXD.

Valoración: A alumna progresa nas aprendizaxes. Precisa mellorar a autonomía. Recibe dúas sesións de apoio na aula ordinaria.

Previsión vindeiro curso escolar: Debe continuar con apoio de Pedagogía Terapéutica aumentando, de ser posible as sesións.

- **S:** alumna con situación de vulnerabilidade socioeducativa, presenta desfase curricular, falta de motivación, normas...

Valoración: a alumna presenta un desfase curricular importante en todas as áreas.

Previsión vindeiro curso escolar: A alumna non promociona. Precisa continuar con apoio de Pedagogía Terapéutica.

- **L:** alumna con situación de vulnerabilidade socioeducativa, presenta desfase curricular, convén seguir vixiando o desfase curricular.

Valoración: a alumna presenta un desfase curricular importante en todas as áreas.

Previsión vindeiro curso escolar: A alumna non promociona. Precisa continuar con apoio de Pedagogía Terapéutica.

- **S:** alumno con TEA

Valoración: o alumno progresa nas súas aprendizaxes. Precisa seguir mellorando a autonomía, e seguir afianzar o proceso lecto-escritor. Recibe dúas sesións de apoio na aula ordinaria.

Previsión vindeiro curso escolar: Precisa continuar con apoio de Pedagogía Terapéutica valorando en función das necesidades do centro.

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

- *J: alumno con diagnóstico de TDAH.*

Valoración: o alumno recibe dúas sesións da aula ordinaria. Avanza nas súas aprendizaxes e condutas especialmente grazas ás medidas tomadas pola mestra titora e a medicación que toma.

Previsión vindeiro curso escolar: Precisa seguir co apoio de PT e aumentalos de ser posible.

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

- *C: Alumna con dificultades na lecto-escritura e na motricidade fina. Ten diagnosticado un problema de visión que dificulta as súas aprendizaxes e o seu desenvolvemento xeral. Presenta tamén problemas de atención. Cústalle centrarse nas tarefas (manter a atención e o esforzo requirido).*

Valoración: A alumna conta con dúas sesións de apoio na aula ordinaria.

Previsión vindeiro curso escolar: Precisa seguir con medidas ordinarias por parte do profesorado tendo en conta o protocolo de dislexia.

- *S: alumna con dificultades de aprendizaxe.*

Valoración: a alumna evoluciona nas súas aprendizaxes. Presenta dificultades nas matemáticas sobre todo e na organización en xeral. Tivo dúas sesións de apoio na aula de apoio.

Previsión vindeiro curso escolar: precisa continuar con apoios de PT.

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

- **P:** alumno con hemiparesia e dificultades de atención.

Valoración: o alumno presenta dificultades para a realización de tarefas. Realizouse un reforzo baseado na diminución da tarefa, eliminación de actividades innecesarias (copia de enunciados), probas escritas estruturadas en diferentes días, priorización do traballo oral.

Previsión vindeiro curso escolar: necesita seguir recibindo apoios e coordinación e atención individualizada por parte de todo o equipo docente tendo en conta as súas dificultades motrices para darlle seguridade e fomentar a autonomía en todos os aspectos. Precisa a realización de reforzos nas diferentes áreas.

- **A:** o alumno presenta retraso académico permanecendo un curso máis en 1º.

Valoración: o alumno presenta moitas carencias académicas, mellorou este curso a súa motivación e esforzo pero non alcanza os mínimos.

Previsión vindeiro curso escolar: convén facer un seguimento do alumno e valorar a posibilidade de levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica para analizar a conveniencia ou non da realización dunha ACI.

- **A:** a alumna presenta retraso académico permanecendo un curso mais en 2º. Realizouse unha AC nas linguas e en matemáticas.

Valoración: a alumna tivo menos faltas de asistencia este curso a maioría xustificadas pola familia. Recibiu catro sesións de apoio.

Previsión vindeiro curso escolar: convén facer un seguimento da alumna, seguir co apoio individualizado. Resulta imprescindible levar un control das faltas da asistencia. Precisa máis sesións de apoio.

DIFICULTADES ATOPADAS DURANTE O DESENVOLVEMENTO DO CURSO ESCOLAR

O curso 2022/23 foi o curso "post pandemia" no que se puideron recuperar os agrupamentos de alumnos/as de diferentes clases. Contamos a nivel xeral con máis alumnos con dificultades, alumnos que se incorporan ao longo do curso e que presentan dificultades e polo tanto atención individualizada, moitas veces con desfase curricular o que require atención por parte dos mestres de Pedagogía Terapéutica.

Durante o presente curso foron atendidos 13 alumnos/as por parte da mestra de PT con praza definitiva, todos eles derivados pola xefa do DO con informe psicopedagóxico e/ou informes médicos.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- *Valorar trimestralmente os horarios das persoas que imparten docencia directa ao alumnado dentro do departamento e posibilitar a súa modificación se fora posible.*
- *Seguir promovendo a toma de medidas de atención á diversidade (tanto as ordinarias principalmente), como as extraordinarias recollidas no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade (traballo colaborativo, tutoría entre iguais, adaptación da avaliación, reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria...).*
- *Impulsar a atención á diversidade de todo o alumnado: O departamento de orientación deberíamos impulsar maiormente a atención educativa dos alumnos/as procurando compensar desigualdades, aportando recursos e mellorando curso a curso a nosa importante labor educativa.*
- *Os alumnos con NEE requiren recursos profesionais para o desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así o recollen as leis educativas e así debería ser unha realidade no noso centro. O CEIP Vicente Otero Valcárcel aumenta de alumnado cada ano. Os programas como ARCO, RECUPÉRATE, PROA...son desenvolvidos por profesionais a tempo parcial e/ou durante tempo limitado, estes programas axudan ao traballo co alumnado pero non suplen a necesidade dos mestres de PT nun centro que aumenta de matrícula durante todo o ano.*

Carral, 22 de xuño de 2023

Lidia Bello Novo

Mestra especialista en PT

ANEXO II: MEMORIA DA MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA PT-2 (Destino provisional no centro)

ALUMNADO ATENDIDO

Neste curso académico foron atendidos e atendidas un total de 17 alumnos e alumnas. Catro destes alumnos/as deixaron de recibir o apoio durante o curso académico, ben por traslado de centro (3 alumnos) ou ben por non precisar continuar co apoio (1 alumna). Todo o alumnado atendido por esta mestra de PT está matriculado na etapa de Educación Primaria.

O alumnado atendido recibiu sesión de 50 minutos cada unha, cunha frecuencia semanal en función das casuísticas de cada alumno/a e das posibilidades organizativas do centro. Algúns alumnos e alumnas recibiron o apoio en parella ou pequeno grupo por ser alumnado da mesma aula ou pola similitude dos aspectos a traballar. A modalidade de atención foi mixta, pois tivo lugar tanto dentro como fóra da aula ordinaria. Cabe destacar que o horario foi modificado en varias ocasións ao longo do curso debido ás necesidades que foron xurdindo. O alumnado atendido está distribuído da seguinte forma:

1º EDUCACIÓN PRIMARIA

- *A: alumno con dificultades na adquisición da lectoescritura*

Valoración: o alumno progresa adecuadamente. Recibiu, dende abril, 2 sesións de PT fóra da aula ordinaria.

Previsión para o vindeiro curso: precisa continuar recibindo o apoio de PT.

- *A: alumna con mutismo selectivo.*

Valoración: a alumna non presenta dificultades a nivel curricular. Comeza a relacionarse cos seus iguais en xogos (non o fai de forma oral) e con algún mestre si que se comunica de xeito oral. Recibiu 2 sesións dentro da aula, xunto con outro compañeiro.

Previsión para o vindeiro curso: sería recomendable valorar se precisa apoio de PT ou é suficiente con profesorado con dispoñibilidade horaria.

- **L:** Déficit no desenvolvemento social e comunicativo.

Valoración: O alumno progresa favorablemente. Precisa aumentar a tolerancia á frustración e seguir traballando aspectos pragmáticos da linguaxe. Recibiu 2 sesións de apoio dentro da aula, xunto con outra compañeira.

Previsión para o vindeiro curso: valorar a posibilidade de que reciba apoio do PT ou que o reciba por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de continuar co apoio de AL.

2º EDUCACIÓN PRIMARIA

- **E:** Dificultades de aprendizaxe.

Valoración: Aínda que a evolución é favorable segue a presentar grandes dificultades, especialmente nas linguas. Ademais, as faltas de asistencia durante o curso repercutiron no seu avance. Recibiu 3 sesións de apoio, unha fóra da aula e 2 dentro.

Previsión para o vindeiro curso: debe de continuar co apoio do especialista de PT.

3º EDUCACIÓN PRIMARIA

- **S:** TDAH e Dificultades de aprendizaxe.

Valoración: progresa nas aprendizaxes. Presenta maiores dificultades na área de matemáticas. Recibiu, xunto con outros dous compañeiros, 4 sesións de apoio dentro da aula.

Previsión para o vindeiro curso: precisa continuar co apoio de PT.

- **Y:** Dificultades de aprendizaxe e na linguaxe e comunicación.

Valoración: progresa de forma adecuada. Presenta maiores dificultades no cálculo e na escrita. Recibiu, xunto con outros dous compañeiros, 4 sesións de apoio dentro da aula.

Previsión para o vindeiro curso: sería recomendable que continuara co apoio do especialista de PT.

- **J:** alumno de incorporación tardía ao sistema educativo.

Valoración: a evolución do alumno é moi favorable. Precisa continuar traballando a lectura e escritura. Recibiu, xunto con outros dous compañeiros, 4 sesións de apoio dentro da aula.

Previsión para o vindeiro curso: é recomendable que continúe con apoio por parte do PT.

- **K:** Dificultades de aprendizaxe.

Valoración: aínda que se beneficiou de recibir o apoio de PT, tivo unha serie de circunstancias persoais que lle impediron centrarse no seu proceso de ensino-aprendizaxe. Recibiu 3 sesións de PT dentro da aula ordinaria.

Previsión para o vindeiro curso: é necesario que a alumna reciba apoio por parte do PT.

4º EDUCACIÓN PRIMARIA

- **R:** Dificultades de aprendizaxe.

Valoración: aínda que a evolución da alumna é positiva, non chega a acadar os obxectivos propostos. Presenta maiores dificultades na comprensión lectora e na comprensión e resolución de problemas matemáticos. Recibiu 3 sesións de PT semanais, dúas compartidas con dúas alumnas de 5º EP e unha individual.

Previsión para o vindeiro curso: debe continuar cos apoios de PT.

- **Y:** Dificultades de aprendizaxe.

Valoración: aínda que a alumna traballa nas sesións, obsérvase un retroceso. Presenta grandes dificultades de comprensión, expresión, razoamento, falta de vocabulario...Recibiu 2 sesións de PT fóra da aula ordinaria.

Previsión para o vindeiro curso: precisa continuar coas sesións de PT.

5º EDUCACION PRIMARIA

- *N: Dificultades de aprendizaxe*

Valoración: o seu avance é moi lento e presenta carencias de base. Ademais, as faltas de asistencia ao centro tamén lle afectaron no seu proceso de ensino-aprendizaxe. Recibiu apoio en tres sesións semanais, dúas compartidas cunha alumna de 4º EP e outra compañeira da súa aula e outra compartida unicamente coa compañeira da aula.

Previsión para o vindeiro curso: Precisa continuar co apoio de PT.

- *A: dificultades de aprendizaxe.*

Valoración: Presenta dificultades nas áreas instrumentais. O tempo non foi suficiente como para observar avances na alumna, recibiu apoio dende mediados de abril en tres sesións semanais, dúas compartidas cunha alumna de 4º EP e outra compañeira da súa aula e outra compartida unicamente coa compañeira da aula.

Previsión para o vindeiro curso: precisa continuar recibindo apoio da persoa especialista en PT.

6º EDUCACIÓN PRIMARIA:

- *R: Alumno con TDAH.*

Valoración: A evolución do alumno é moi positiva, o que se aprecia tamén nos resultados obtidos. Recibiu 3 sesións semanais de PT en modalidade mixta.

Previsión para o vindeiro curso: sería recomendable que o alumno continuara con apoios de PT no IES.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO TITOR

Polo xeral a coordinación co profesorado titor foi fluída e levouse a cabo semanalmente no inicio ou no fin de cada sesión, así como tamén tivo lugar nas diferentes sesións de avaliación. Con todo, sería interesante marcar un tempo establecido dentro da xornada laboral para levar a cabo esta coordinación.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO NO ALUMNADO

As medidas de apoio aplicadas foron positivas, observando progreso no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado atendido. Porén, non todo o alumnado acadou todos os obxectivos propostos. Por este motivo, o vindeiro curso se deberían de revisar as medidas ordinarias implantadas e incluso valorar a posibilidade de establecer medidas extraordinarias con certo alumnado.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- *Un aspecto importante a mellorar é a creación de aulas ou espazos adaptados para que impartan docencia os mestres de PT e AL. Pois neste curso diferentes apoios tiveron lugar no Espazo Maker, espazo que non está adaptado para impartir estes apoios. Ademais, houbo momentos en que este espazo estaba ocupado e se tiveron que realizar os apoios en mesas dos corredores e na biblioteca.*
- *Establecer un tempo semanal dentro da xornada laboral destinado a coordinarse co equipo docente do alumnado atendido.*
- *Favorecer a inclusión do alumnado en todos os espazos e momentos da xornada, especialmente nos recreos. Pois obsérvase como nos recreos hai alumnado que tende a estar só, que non sabe a que xogar...*
- *Aumentar os recursos persoais para a atención do alumnado con NEAE: programas como o PROA + deberían de ter unha duración de setembro a xuño e con xornada completa.*

Carral, 22 de xuño de 2023

Raquel Rodríguez Costa

Mestra de Pedagogía Terapéutica

ANEXO III: MEMORIA DO MESTRE ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA EN COMISION DE SERVIZOS

Segundo a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no artigo 57 no que se establecen as funcións do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe. E no cal establece, no punto 6 do mesmo artigo que ao finalizar o curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumna ou alumno, a que se refire o punto 2.g) deste artigo, o profesorado de apoio elaborará unha memoria na cal incluírá, cando menos, os seguintes apartados:

*a) **Cantidade de alumnado a que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel educativo.***

Alumnado que recibiu apoio de Pedagogía Terapéutica (atención preferente) no curso escolar 2022-2023:

2º Educación Primaria:

➤ ***M: alumno con dificultades de aprendizaxe.***

***Valoración:** M precisa continuar co apoio por parte dos especialistas de PT e AL dentro e fóra da aula para adquisición e mellora do proceso lecto-escritor.*

***Previsión vindeiro curso escolar:** continuar co apoio PT e AL dentro e fóra da aula.*

4º Educación Primaria:

➤ ***C: alumno con NEE por pluridiscapacidade.***

***Valoración:** Neste curso continuamos utilizando o SAAC PECS segue sendo o recurso máis efectivo para comunicarnos co alumno; xa é quen de pedir comer e beber; principais necesidades básicas. Para o vindeiro curso continuaremos reducindo condutas disruptivas e seguir satisfacendo máis necesidades para o seu desenvolvemento integral.*

***Previsión vindeiro curso escolar:** continuar co apoio PT e AL dentro e fóra da aula e AC e valorar o aumento de días no centro específico.*

➤ **Y: alumna con dificultades específicas de aprendizaxe.**

Valoración: Neste curso seguen persistindo as dificultades de Y para adquirir os obxectivos e competencias do nivel. Neste último ano amosou maiores dificultades de comprensión e concentración; polo que é importante que para favorecer a adquisición das técnicas instrumentais no próximo curso utilicemos diferentes apoios; dentro e fóra da aula ordinaria, para guíala nas tarefas e para poder participar co resto de compañeiros/as.

Previsión vindeiro curso escolar: continuar co apoio PT e AL dentro e fóra da aula ordinaria e elaboración de posible AC.

➤ **V: alumna con dificultades específicas de aprendizaxe e por condicións persoais e de historia escolar.**

Valoración: Ademais das dificultades nas técnicas instrumentais (linguas e matemáticas), as cales repercuten no resto de áreas, V falta con frecuencia ao centro, ademais de que moitas veces esquece o material ou non leva un control diario das tarefas; aspectos que inciden directamente no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

Previsión vindeiro curso escolar: continuar co apoio PT, maior control da asistencia ao centro e colaboración por parte da familia.

➤ **H: alumno con dificultades específicas de aprendizaxe.**

Valoración: Ademais das dificultades nas técnicas instrumentais (linguas e matemáticas), as cales repercuten no resto de áreas. Observamos tamén que H. responde moitas veces de xeito impulsivo, incluso rexeita o apoio e colaboración dos docentes; isto unido a un baixo interese polo estudo e aprendizaxe ou todo o que este relacionado co ámbito educativo; polo que é importante atopar un xeito de cambiar dito pensamento coa idea de potenciar a súa autonomía e autoestima en relación coas actividades de ensino-aprendizaxe.

Previsión vindeiro curso escolar: continuar co apoio PT, dentro e fóra da aula e continuar co resto de medidas ordinarias.

➤ **K: alumno con dificultades de aprendizaxe e TDA**

Valoración: K. presenta unha boa disposición para o traballo, pero con dificultades de atención e procesamento da información que repercuten no desenvolvemento das diferentes áreas, en especial, nas instrumentais.

Previsión vindeiro curso escolar: continuar co apoio PT e profesorado con dispoñibilidade horaria.

➤ **E: alumno con dificultades de aprendizaxe e TDAH**

Valoración: E. presenta unha boa actitude, pero é moi inquedo, presenta verborrea e unha caligrafía pouco lexible. E preciso que E para o vindeiro curso conte con apoios dentro e fóra da aula ordinaria para continuar co proceso de ensino-aprendizaxe, así como una supervisión case constante polo profesorado e a familia para adquisición de obxectivos e competencias.

Previsión vindeiro curso escolar: continuar co apoio PT e profesorado con dispoñibilidade horaria.

➤ **V: alumna con discapacidade motora**

Valoración: V. cos apoios pertinentes, pode seguir o traballo na aula ordinaria; pero é recomendábel que tamén continúe co proceso de ensino-aprendizaxe dende o fogar. É importante seguir coas medidas ordinarias dentro da aula, xa que precisa da adaptación de tempos e instrumentos para a resolución das tarefas por mor das súas necesidades motoras, polo que sería interesante valorar o uso doutros soportes de escritura para o seu futuro, ademais de seguir traballando a comprensión e a súa autonomía; así como nas funcións executivas; pero sen esquecer a importancia de traballar a socialización co resto de compañeiros e compañeiras.

Previsión vindeiro curso escolar: continuar co apoio PT e resto de medidas ordinarias.

a) Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas cales realizou as intervencións de apoio.

A coordinación co persoal docente e non docente foi moi favorable. Estivemos en contacto directo polo que puidemos coordinarnos e deseñar actividades adaptadas para as diferentes intervencións do alumnado.

b) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.

As medidas de apoio aplicadas foron o suficientemente eficaces, xa que se axustaron ás necesidades do alumnado, ademais valoráronse positivamente as coordinacións entre a profesora titora e os especialistas que permitiron que o estudiantado; na maioría dos casos puidéronse adquirir os obxectivos e competencias establecidas para o seu nivel. Aínda así, considero que o vindeiro curso sería preciso valorar a aplicación de distintas medidas ordinarias e extraordinarias para a atención á diversidade do alumnado, en especial, ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

c) Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

- Reforzar a colaboración e traballo en equipo entre todos os membros da comunidade educativa para asesorar e formarnos sobre diferentes temáticas, en especial, sobre a atención á diversidade e as tecnoloxías da información e comunicación, e en coordinación coa familia.*
- Crear unha bibliografía no seo do DO sobre materiais para o profesorado coa intención de reforzar as áreas instrumentais básicas.*
- Maior coordinación entre o profesorado de distintos niveis na transicións de etapas e niveis.*

En Carral, a 23 de xuño de 2023

*EMILIO MANUEL GONZÁLEZ VILLAMIL
(Mestre de Pedagogía Terapéutica).*

ANEXO IV: MEMORIA DA MESTRA ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE

AL-1 (Destino definitivo no centro)

ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO: 20 alumn@s.

EDUCACIÓN INFANTIL: (5)

A.: Alumno 4º Educación Infantil.

NEAE: DIFIC. na COMUNICACIÓN. MUTISMO.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

N.: Alumno 5º Educación Infantil.

NEAE: DIFIC. na COMUNICACIÓN. DISLALIAS.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

C.: Alumna 5º Educación Infantil.

NEAE: DISLALIAS. RETARDO NA LINGUAXE.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidata a apoio de AL.

Y.: Alumno 6º Infantil.

NEAE: MUTISMO. RETARDO NAS APRENDIZAXES.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

I: Alumno 6º Infantil.

NEAE: RETARDO NA LINGUAXE. DISLALIAS.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

Primeiro Nivel: (5)

A.: Alumna 1º nivel.

NEAE: ROTACISMO.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidata a apoio de AL.

D.: Alumno 1º nivel.

NEAE: MULTIDISLALIAS.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

L.: Alumno 1º nivel.

NEAE: DIFIC. Na COMUNICACIÓN.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

L.: Alumno 1º nivel.

NEAE: SIGMATISMO.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

A.: Alumno 1º nivel.

NEAE: DISLALIAS

Valoración: Deixou de acudir ao apoio. (Decisión familiar)

Segundo Nivel: (4)

A.: Alumna 2º nivel:

NEAE: DIF. na COMUNICACIÓN. (TEA)

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidata a apoio de AL.

M.: Alumno 2º nivel.

NEAE: DISLALIAS. RETARDO nas APRENDIZAXES.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

A.: Alumna de 2º nivel.

NEAE: DISLEXIA.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidata a apoio de AL.

A.: Alumna de 2º nivel.

NEAE: DIFIC. Na LECTOESCRITURA.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidata a apoio de AL.

Terceiro Nivel: (2)

J: Alumno de 3º nivel.

NEAE: RETARDO nas APRENDIZAXES.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

S: Alumno de 3º nivel.

NEAE: RETARDO nas APRENDIZAXES.

Valoración: Cursou alta. (Recibe apoio de AL doutra especialista. Organización do Dpto. Orientación.)

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

Cuarto Nivel: (3)

C: Alumno de 4º nivel.

NEAE: PLURIDEFICIENCIAS (P.C.)

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

Y.: Alumna de 4º nivel.

NEAE: RETARDO nas APRENDIZAXES. DISLALIAS.

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidata a apoio de AL.

C: Alumno de 4º nivel.

NEAE: DISLALIAS.

Valoración: Alta temporal

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Pendente valoración ao comezo do vindeiro curso escolar.

Quinto Nivel: (1)

C.: Alumno de 5º nivel.

NEAE: DISLEXIA

Valoración: En proceso.

Valoración da coordinación co/a titor/a: Insuficiente.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR: Candidato a apoio de AL.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- *Maior coordinación co equipo docente e/ou co titor/a dos alumn@s que reciben apoio de AL.*
- *Implicación do equipo docente dos alumnos, con plurideficiencias (P.C.) de 4ºB (EP) e do de 4ºB (EI), e de todo o centro educativo no uso dos diferentes SAACs. Implicación que abrangue a todo aqueloutro alumnado con necesidades.*
- *Necesidade de **continuación** das directrices do Dpto. de Orientación deste CEIP na seguinte etapa educativa (ESO), en relación coas medidas levadas a cabo co alumnado con NEAES nesta etapa que finaliza.*
- *Necesidade de máis **especialistas de AL e PT** neste centro educativo.*
- *Necesidade dun **ATE**, coidador, que esté **sempre** co alumno de 4ºB (EI). Tanto **dentro** como **fóra** da aula ordinaria.*
- *Necesidade de máis **ATEs**, coidadores, máis de dous, para a axeitada atención dos alumnos con NEEs, e na previsión da chegada ao centro escolar de dous alumnos de EI, con necesidades, no vindeiro curso 2023-24.*
- ***Necesidade urxente de "subir" a cheminea** da cociña ata o 2ª andar, xa que está situada diante da fiestra do aula de AL do 1º andar e imposibilita a apertura daquela, debido á entrada no aula de **gases e cheiros**: Non se pode ventilar para renovar o aire dunha sesión á outra.*

Carral, 22 de xuño de 2023.

Mª Ángela Precedo No.

Especialista de Audición e Linguaxe.

ANEXO V: MEMORIA DA MESTRA ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE
AL-2 (Destino definitivo no centro)

Esta memoria recolle o traballo realizado dende audición e linguaxe, a nivel xeral, o longo deste curso 2022-2023. Tendo en conta a atención prestada, expónse a continuación o alumnado con NEAE e NEE atendido durante o curso, cos obxectivos traballados, os contidos, a metodoloxía empregada, os recursos empregados, unha avaliación e as conclusións correspondentes. A maioría das sesións tiveron unha duración de 25 min tendo lugar tanto fóra coma dentro da aula ordinaria, sen superar o límite legal establecido. Como sabemos a miña figura é itinerante co CEIP de TABEAIO. Polo tanto atendéronse un total de 22 alumnos/as entre ambos centros. A continuación, detallase o alumnado que recibiu apoio neste centro:

➤ **ALUMNADO QUE RECIBIU APOIO**

ETAPA INFANTIL

INICIAIS: D.I.G

NIVEL: 4º

NEAE/NEE: Posible retraso da linguaxe.

VALORACIÓN: En proceso aínda que houbo melloría.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: I.P.D

NIVEL: 4º

NEAE/NEE: Posible retraso da linguaxe.

VALORACIÓN: *En proceso aínda que houbo melloría.*

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: *Fluída e constante.*

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: *Candidato a seguir recibindo o apoio de AL.*

ETAPA PRIMARIA

INICIAIS: *M.G.C*

NIVEL: *1º*

NEAE/NEE: *Posible retraso da linguaxe.*

VALORACIÓN: *En proceso aínda que houbo melloría.*

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: *Fluída e constante.*

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: *Candidato a seguir recibindo o apoio de AL.*

INICIAIS: *L.P.F*

NIVEL: *1º*

NEAE/NEE: *Trastorno sonoro da linguaxe fonético e fonolóxico.*

VALORACIÓN: *Dificultades solventadas.*

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: *Fluída e constante.*

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: *Candidato a recibir a alta do apoio de AL.*

INICIAIS: *M.C.M*

NIVEL: *1º*

NEAE/NEE: *TSH fonético e fonolóxico.*

VALORACIÓN: *Dificultades solventadas.*

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: *Fluída e constante.*

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a recibir a alta de AL.

INICIAIS: L.J.M.G

NIVEL: 1º

NEAE/NEE: TSH fonolóxico.

VALORACIÓN: Dificultades solventadas.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a recibir o apoio de AL.

INICIAIS: E.B.C

NIVEL: 1º

NEAE/NEE: TSH fonético e fonolóxico.

VALORACIÓN: En proceso aínda que houbo gran melloría. Falta xeneralizar o ceceo.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidata a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: I.P.S

NIVEL: 1º

NEAE/NEE: Dificultades específicas de aprendizaxe.

VALORACIÓN: En proceso.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidata a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: P.V.D

NIVEL: 1º

NEAE/NEE: TSH fonolóxico.

VALORACIÓN: Dificultades solventadas.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a recibir o apoio de AL.

INICIAIS: J.I.G.P.H

NIVEL: 2º

NEAE/NEE: Posible retraso da linguaxe.

VALORACIÓN: Dificultades solventadas con respecto ao TSH, pero precisa aumentar o repertorio e organizar o discurso de forma axeitada (xénero e número).

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: S.B.S

NIVEL: 2º

NEAE/NEE: TEA de alto rendimento.

VALORACIÓN: En proceso aínda que houbo unha gran melloría con respecto a lectura e escritura.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: J.M.P.H

NIVEL: 2º

NEAE/NEE: TSH fonético e fonolóxico.

VALORACIÓN: En proceso aínda non acadou o punto de articulación.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: M.M.A

NIVEL: 2º

NEAE/NEE: TSH fonético e fonolóxico.

VALORACIÓN: En proceso, ten acadado o punto e modo de articulación do rotacismo pero precisa integralo e xeneralizalo.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidata a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: M.V.N

NIVEL: 2º

NEAE/NEE: Dificultades específicas de aprendizaxe.

VALORACIÓN: En proceso. Segue precisando mellorar a escritura e a discriminación fonolóxica.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: Y.G.J

NIVEL: 3º

NEAE/NEE: Dificultades específicas de aprendizaxe.

VALORACIÓN: En proceso aínda que houbo unha gran melloría. Precisa reforzar a discriminación fonolóxica e a caligrafía.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a seguir recibindo o apoio de AL, no caso de haber suficiente horario.

INICIAIS: S.G.Z

NIVEL: 3º

NEAE/NEE: Dificultades específicas de aprendizaxe e TDAH.

VALORACIÓN: En proceso.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidato a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: A.L.O

NIVEL: 4º

NEAE/NEE: Dificultades específicas de aprendizaxe.

VALORACIÓN: En proceso. Segue precisando mellorar a comprensión de inferencias, textos simples e a expresión escrita.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: Fluída e constante.

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: Candidata a seguir recibindo o apoio de AL.

INICIAIS: A.C.S

NIVEL: 6º

NEAE/NEE: *Dislexia.*

VALORACIÓN: *Segue precisando moita axuda na comprensión de textos, expresión escrita e normas ortográficas, aparte de discriminación fonolóxica e o uso de alógrafos.*

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: *Fluída e constante.*

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: *Candidata a seguir recibindo o apoio de AL*

INICIAIS: R.V.T

NIVEL: 6º

NEAE/NEE: *TSH fonético.*

VALORACIÓN: *Dificultades solventadas.*

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO TITOR/A: *Fluída e constante.*

PREVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO: *Candidata a recibir a alta deste apoio.*

➤ **PROPOSTAS DE MELLORA:**

Unha vez rematado o curso hai que reflexionar e facer fincapé sobre aqueles aspectos que deben mellorarse para o vindeiro curso académico, polo tanto destácanse os seguintes:

- *Máis tempo e calidade na coordinación co equipo docente do alumnado que recibiu os apoios de AL.*
- *Sesións completas para o alumnado para así poder atender ben as súas necesidades.*
- *Conseguir a integración do alumnado NEE na aula ordinaria.*
- *Implicar ó profesorado no establecemento de medidas de atención á diversidade é fundamental.*

- *Non permitir que o profesorado ordinario do alumnado atendido polos profesorado de apoio se desentenda dos mesmos polo feito de recibir apoio por parte das PT e AL.*
- *Dispor de maior número de probas estandarizadas para poder levar a cabo unha avaliación máis exhaustiva.*
- *Dispor dun espazo habilitado para Audición e Linguaxe.*

Carral, 22 de xuño de 2023

Mestra especialista en Audición e Linguaxe.

Noemi Vázquez López.

2.5. Memoria de Actividades

Ao principio do presente curso elaborouse o Plan Anual de Orientación que foi dado a coñecer a todo o persoal do centro educativo e incorporado a Programación Xeral Anual do centro.

Os ámbitos de actuación que abrangue son: o profesorado, o alumnado, as familias e o entorno.

- *Obxectivos Xerais: os obxectivos xerais propostos no plan de orientación para o curso académico 2021/2022, non foron completados na súa totalidade. Os obxectivos cumpridos, foron de forma satisfactoria aínda que deberan ser reforzados e mellorados no vindeiro curso.*

Foron revisadas as necesidades do Departamento de Orientación, quedando patente a necesidade de maior dotación de recursos persoais, para poder cubrir as necesidades existentes no centro.

Tamén desde o DO fixéronse 4 peticións de intervención ao EOE de A Coruña, pero desas 3 peticións só foi atendida unha, pola especialista do EOE en discapacidades sensoriais, Esperanza López Cordido; O resto de demandas non foron atendidas, aspecto que repercute negativamente na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No presente curso propúxose como unha das liñas prioritaria de acción completar a elaboración do Plan Xeral de Atención a Diversidade e a revisión do Plan de Acollida e do Plan de Acción Titorial.

- *Alumnado: as accións prioritarias propostas para levar a cabo co alumnado do centro educativo foron realizadas. Realizáronse as oportunas avaliacións psicopedagóxicas, sempre a demanda dos titores/as, e a redacción dos correspondentes informes psicopedagóxicos, tal e como se regula na Orde do 31 de outubro de 1996 e o D.229/2011 do 7/12. Ademais da aplicación das MAD correspondentes en función das necesidades detectadas. Quedaron demandas sen atender (4), que deberán ser atendidas ao comezo do vindeiro curso.*

- *Profesorado: as accións levadas a cabo co profesorado foron positivas, xa que o DO participou nas titorías do alumnado con NEAE, sempre que o solicitaron os/as titores/as, ademais de atender ás demandas do equipo docente relacionadas coa avaliación psicopedagóxica do alumnado, asesoramento na elaboración de informes escolares solicitados para diferentes especialistas do SERGAS, proporción de materiais, orientación á hora de elaborar as AC dos alumnos/as, e facilitar o asesoramento psicopedagóxico do seu alumnado.*
- *Centro: no ámbito de actuación do centro educativo as accións prioritarias propostas foron levadas a cabo de forma maioritaria. Revisión e aportacións feitas aos documentos de centro ademais de atender ás demandas do equipo directivo.*
- *Familias: o asesoramento ás familias foi satisfactorio en termos xerais. O curso que ven comprouse a continuar favorecendo implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as, sendo este traballo un pilar fundamental da labor orientadora.*
- *Entorno: o traballo realizado co entorno non supuxo dificultades salientables.*

A coordinación entre o noso centro educativo e o IES de Carral ao que estamos adscritos, neste curso foi escasa, xa que só se puideron realizar dúas reunións de coordinación co xefe do departamento de orientación do IES, Juan Donesteve. Tal como mencionamos anteriormente, desenvolveuse a xornada de convivencia co IES para o alumnado de 6º de Educación Primaria, e que tivo lugar no mes de xuño. Ese mesmo día organizouse unha sesión informativa para os grupos de 6º de EP sobre o cambio de etapa educativa. Por outra banda proporcionouse ao D.O. do I.E.S. de Carral a información pertinente sobre o alumnado que no vindeiro curso continuará os seus estudos no seu centro.

Fíxose seguimento, asesoramento e intervención por parte do DO, no CEIP de Tabeaio, adscrito ao DO do CEIP Vicente Otero Valcárcel. Este seguimento e intervencións resultou máis difícil que en cursos anteriores debido a que non se continuou coas dúas horas de permanencia no CEIP de Tabeaio dentro do horario da orientadora, o seguimento do alumnado dese centro, a realización das avaliacións psicopedagóxicas solicitadas e as titorías/reunións coas familias realizáronse puntualmente, segundo a demanda de intervención.

Organizouse a xornada de convivencia do CEIP de Tabeaio co CEIP Vicente Otero Valcárcel no mes de xuño, para favorecer o coñecemento das instalacións, que consistiu unha visita ao centro e convivencia no recreo co alumnado de 2º de EP, que o vindeiro curso será o que acolla ao alumnado de CEIP de Tabeaio.

Organizáronse tamén as xornadas de convivencia coa EEI "A Galiña Azul", adscrita ao noso colexio, tal como se viña facendo en cursos anteriores á pandemia.

As coordinacións cos servizos externos realizáronse de forma satisfactoria e é preciso continuar nesta liña.

- 1. Valoración do grado de consecución dos obxectivos establecidos no plan, como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboran nel.*

OBXECTIVOS XERAIS

- 1. Participar no seguimento e avaliación do Proxecto Educativo e demais documentos do centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción, etc.*
- 2. Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.*

Elaboráronse e modificáronse as ACS., unha en 3ºE.P. e dúas en 5º EP. Ademais de facer o seguimento dos RE nas xuntas de avaliación.

- 3. Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.*

As avaliacións iniciais realizáronse no primeiro mes de comezo de curso e para aqueles alumnos/as de incorporación tardía ao SE, a avaliación inicial realizouse no momento de chegada ao centro dos alumnos/as, seguindo as pautas de actuación do Plan de Acollida.

Non só nas avaliacións iniciais ao comezo do curso poden detectarse necesidades, así pois moitos titores/as detectan dificultades no seu alumnado en calquera momento do curso, polo tanto as demandas de avaliacións psicopedagóxicas foron atendidas ao longo dos tres trimestres.

4. Apoiar a convivencia no centro coa implicación de toda a comunidade educativa, seguindo as directrices establecidas no Plan de Convivencia.

5. Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciado a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e/ou fillas e na vida do centro educativo.

Todos os luns de 16:30 a 17:30 os membros do DO tiñan unha hora de atención a pais/nais/familiares. Ademais se, por motivos familiares ou laborais, as familias non podían ser atendidas o luns pola tarde, atendíaselles con previa cita concertada co DO noutro horario de maior dispoñibilidade para elas.

6. Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.

Establecéronse coordinacións puntuais e periódicas con SS.SS. do Concello de Carral (una vez ao mes), servizo de Atención Temperá do Hospital Teresa Herrera (Materno Infantil) (puntual), Saúde Mental do Hospital de Oza (puntual), Unidade de Atención Temperá do Concello (puntual), EOE (na demanda atendida, quedaron tres sen atender), IES de Carral (no 3º trimestre en reunións presenciais e momentos puntuais a través de correo electrónico e telefonicamente) e persoal do ámbito médico e/ou psicolóxico (puntual).

7. Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo dos alumnos e alumnas e axudarlles a enfrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.

Sempre e cando solicitaron apoio e asesoramento tanto o persoal docente, familias como o alumnado, foron atendidos polo DO.

8. *Asesorar e apoiar ao conxunto da comunidade educativa e aos órganos de goberno do colexio en particular, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en todos os ámbitos.*

O DO atendeu as demandas tanto do equipo directivo como da comunidade educativa.

9. *Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.*
Sempre e cando os alumnos/as demandaron a necesidade de mediación por parte do DO na resolución de conflitos, foron atendidos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Con relación ao alumnado

A. Desenvolvemento persoal e social

1. *Favorecer e orientar a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a inclusión no grupo-clase.*

Este obxectivo preténdese acadar de forma satisfactoria con todo o alumnado en xeral e co alumnado de incorporación tardía ao SE, en particular, aplicando o Plan de Acollida que se elaborou o curso pasado.

2. *Axudar a tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenvolvendo habilidades de control e autorregulación dos mesmos e logrando un desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración dos nenos e nenas no grupo.*

Este obxectivo acadouse mediante o traballo continuo de xestión emocional e autorregulación da conduta por parte dos titores e titoras nas súas aulas, e a intervención directa asesorando e axudando ao seu alumnado sempre que fixo falta.

3. *Orientar a potenciación do desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía persoal e social coa colaboración das familias.*

Este obxectivo traballouse nas reunións e entrevistas coas familias. Pero a consecución do mesmo foi moi irregular porque dependeu moito da actitude de colaboración das familias.

4. *Facilitar a inclusión educativa, escolar e social do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.*

Intentouse na medida do posible a participación do alumnado con NEAE nas actividades do centro e da aula, a participación nas actividades complementarias e o uso das dependencias escolares (pavillón, biblioteca, comedor,...)

5. *Axudar a desenvolver no alumnado un adecuado coñecemento e valoración de si mesmo/a, facilitando a progresiva toma de conciencia sobre as súas propias capacidades, posibilidades e intereses.*

Este obxectivo é preciso traballalo a nivel xeral a través de programas de mellora do autoconcepto e autoestima e de coñecemento de un mesmo. Para acadar mellor este obxectivo sería preciso incluír unha hora de titoría no horario docente, como xa se dixo anteriormente nesta memoria.

A. Atención á diversidade e apoio aos procesos de ensinanza-aprendizaxe

1. *Asesorar no desenvolvemento de estratexias e elaboración de instrumentos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos e as alumnas.*

Este obxectivo traballouse a través do Plan de Acollida, poñendo a disposición dos titores materiais para recoller a información precisa para coñecer as circunstancias do alumnado. O nivel de consecución deste obxectivo non foi bo, polo que será un aspecto a traballar no vindeiro curso.

2. *Contribuír a mellorar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.*

Este obxectivo traballouse a través de reunións cos titores/as para facilitar pautas de actuación, proporción de materiais, recursos e asesoramento na realización das AC e reforzos educativos, no procedemento de avaliacións, metodoloxías,... O nivel de consecución en xeral foi bo, pero non pleno, polo que será un aspecto a seguir traballando no curso 2022/23.

3. *Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemáticos.*

Este curso non foi preciso o asesoramento na elaboración de rexistros de observación.

4. *Realizar exploracións psicopedagóxicas á totalidade do alumnado, en diferentes niveis, facilitando orientacións cara a mellora no dominio das áreas instrumentais e a implicación propia no proceso de ensino-aprendizaxe.*

Non se realizaron exploracións psicopedagóxicas á totalidade do alumnado é un obxectivo moi complicado de acadar tendo en conta a cantidade de alumnado escolarizado.

- 5. Axudar a reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado en situación de desvantaxe.*

É preciso seguir traballando na consecución deste obxectivo a través do asesoramento ao equipo docente.

- 6. Promover a busca de estratexias que favorezan a adquisición de aprendizaxes instrumentais, competencias clave, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual.*

Este obxectivo foi acadado na medida en que os titores/as e o resto do equipo docente solicitaron asesoramento ao DO. Aínda e todo é preciso seguir traballando na consecución deste obxectivo a través do PAT.

- 7. Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptación curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da calidade da aprendizaxe.*

Este obxectivo traballouse nas reunións ao comezo de curso para a realización das AC e nas xuntas de avaliación trimestrais facíase o seguimento das AC e RE.

- 8. Impulsar a eliminación dos obstáculos físicos, organizativos ou curriculares que dificulten a acollida, a adaptación escolar e o desenrolo educativo do conxunto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: alumnado con necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía o sistema educativo, condicións persoais ou de historia escolar.*

Este obxectivo foi acadado na medida en que os titores/as e o resto do equipo docente solicitaron asesoramento ao DO. Aínda e todo é preciso seguir traballando na consecución deste obxectivo.

A. *Orientación académica*

1. *Potenciar a adquisición de competencias relevantes no ámbito educativo tales como a responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, o traballo en equipo, a experimentación e a creatividade.*

É un obxectivo que é preciso seguir traballando a través do PAT.

A. *Convivencia*

1. *Contribuír á socialización do alumnado promovendo unha formación en valores conectada coa realidade social e comprometida cos principios universais propios dunha sociedade democrática: cooperación, convivencia, respecto e solidariedade, etc., concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.*

Para a consecución deste obxectivo foi de axuda a aplicación do Programa "Educando en Valores" para o alumnado. Para a consecución plena deste obxectivo os titores participantes aplicaron o aprendido na formación facilitada polas mediadoras do programa.

2. *Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para a mellora do clima de traballo e convivencia no centro, seguindo as indicacións do Plan de convivencia.*
3. *Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.*

Para acadar este obxectivo facilitouse aos titores/as o Programa de Habilidades Sociais do centro.

A. *Transición e coordinación entre etapas educativas*

1. *Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio da Educación Infantil e ao alumnado de incorporación tardía ao noso sistema educativo.*

Para a consecución deste obxectivo elaborouse o Plan de Acollida. Para mellorar no asesoramento no proceso de acollida do novo alumnado de EI sería preciso que a orientadora participara activamente no período de adaptación, no mes de setembro, axudando aos titores/as e mestres/as de apoio de EI á hora de recibir aos nenos/as e favorecer a súa adaptación ás actividades

da aula, ás instalacións e ás dinámicas do centro. Tamén a orientadora, xunto co resto de mestres/as especialistas, poderá estar presente nas reunións que organizan os titores/as de 4º nivel de EI coas familias ao comezo de curso.

- 2. Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.*

Este obxectivo do paso da EP a ESO acadouse co desenvolvemento da xornada de convivencia do alumnado de 6º de EP no IES de Carral no mes de xuño e resolvendo as dúbidas xurdidas sobre o cambio de etapa.

1. Con relación ás familias

- 1. Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos e/ou fillas.*
- 2. Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.*
- 3. Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo.*
- 4. Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos seus fillos e/ou fillas.*

Estes catro obxectivos foron traballados polo DO ao longo do curso a través das reunións solicitadas polas familias ou convocadas pola orientadora. Nestas reunións déronse a coñecer os resultados das avaliacións psicopedagóxicas dos seus fillos/as, asesoramento de pautas de actuación nas familias, información sobre servizos, entre outros temas.

1. Con relación ao profesorado

1. *Asesorar na elaboración dos documentos do centro.*

Este obxectivo acadouse en función das peticións do equipo docente. Cómpre mellorar a elaboración das AC do alumnado.

2. *Apoiar e asesorar no desenvolvemento das accións derivadas do desenvolvemento lexislativo da LOE-LOMCE.*

Este obxectivo acadouse en función das peticións do equipo docente.

3. *Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.*

Este obxectivo acadouse relacionado co asesoramento nas AC e nos RE, metodoloxía, recursos organizativos e materiais, instrumentos de avaliación e elaboración dos perfís competenciais do alumnado con AC.

4. *Solicitar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.*

Este obxectivo foi acadado. O equipo docente que atendía ao alumnado que foi avaliado psicopedagóxicamente colaborou no proceso.

5. *Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.*

Este obxectivo acadouse en función das peticións do equipo docente.

6. *Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.*

Este obxectivo acadouse na medida en que favoreceuse a coordinación a través de reunións periódicas (CCP, DO, internivel,...) e reunións puntuais.

7. *Asesorar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.*

Este obxectivo acadouse en función das peticións do equipo docente.

O seguimento dos apoios de PT e AL fíxose nas reunións semanais do DO.

8. *Colaborar no deseño dos distintos documentos que forman parte do expediente do alumno e/ou alumna: informe fin de etapa, informe de traslado, ...*

Este obxectivo foi acadado o obxectivo en función das demandas do equipo docente.

1. Con relación a outras institucións

1. *Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico (EOE), Departamento de Orientación do IES de Carral ao que estamos adscritos e/ou Departamentos de Orientación doutros centros de Educación Primaria e/ou Infantil, así como co CEE ASPANAES de A Coruña.*

Obxectivo acadado. Aínda que non foron atendidas todas as demandas de intervención do EOE enviadas, as que si foron atendidas contaron coa colaboración de todo o persoal do DO implicado en cada caso.

En relación á colaboración co DO do IES de Carral, o obxectivo acadouse na medida en que se mantivo comunicación co Xefe do DO do IES en relación ao paso do alumnado de 6º de EP para ESO.

É importante destacar a coordinación co equipo de Atención Temperá ofertado polo Concello de Carral, que atendeu alumnado de Educación Infantil e 1º de EP.

2. *Coordinar actuacións cos servizos e/ou axentes externos: saúde, servizos sociais, concello, gabinetes psicopedagóxicos, ... aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofertar.*

Este obxectivo acadouse parcialmente. Realizáronse coordinacións periódicas e /ou puntuais con:

- *Traballadora social de Saúde Mental do Hospital de Oza.*
- *Traballadora social de SS.SS. do Concello de Carral.*
- *Atenderon as solicitudes de coordinación daqueles gabinetes ou entidades privadas que se consideraron beneficiosas para o desenvolvemento do alumnado.*

4. Propostas de mellora para o vindeiro curso.

Antes de establecer as proposta de mellora é preciso establecer que actuacións deben continuarse no vindeiro curso, dado o bo resultado das mesmas neste curso e en cursos anteriores:

- *Continuar co programa "Educando en valores" tanto para o alumnado de E.P., como a formación e talleres para docentes e familias.*
- *Seguir facendo intervención directa no CEIP de Tabeaio.*
- *Continuar coa coordinación e as xornadas de convivencia co IES de Carral e EEI "A Galiña Azul".*
- *Seguir coas coordinacións cos axentes externos que atenden ao alumnado.*

Sabemos que a avaliación constitúe un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e os seus elementos. Desde unha reflexión crítica compartida polos integrantes da comunidade educativa acerca do desenvolvemento das actuacións levadas a cabo poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados e enriquecedores.

En consecuencia, cara a planificación do traballo do vindeiro curso, deberemos ter en conta:

Respecto ao Plan de Orientación: os obxectivos non se desenvolveron/acadaron na súa totalidade de forma satisfactoria, posto que crese conveniente seguir traballando na súa consecución para levar a cabo unha boa labor orientadora.

Respecto ao Plan de Acción Titorial, estímase adecuado o desenvolvemento dos plans que se propoñen para o vindeiro curso.

Respecto ao Plan Xeral de Atención á diversidade, estímase preciso a súa completa elaboración no vindeiro curso.

De cara ao vindeiro curso, deberase mellorar nas seguintes cuestións e que son relevantes para toda a comunidade educativa:

- a) *Dotar ao centro dun mestre/a especialista de PT a maiores para atender as NEAE do alumnado. Tamén é precisa a dotación dun mestre/a especialista de AL e un mestre/a especialista de PT no CEIP de Tabeaio.*

Esta petición faise porque os recursos persoais actuais no centro para a atención á diversidade, non son suficientes para atender ás demandas crecentes.

- b) Elaboración completa do PXAD.*
- c) Revisión anual dos documentos de centro.*
- d) Asesoramento do departamento de Orientación ao equipo directivo á hora de facer os grupos de aula e sobre todo tendo en conta a adscrición do alumnado con NEAE.*
- e) Ter en conta criterios pedagóxicos e as necesidades do ACNEAE á hora de elaborar os horarios das aulas e dos mestres/as de apoio.*
- f) Favorecer a participación dos docentes nas actividades e iniciativas propostas polo DO.*
- g) Maior coordinación entre o equipo docente.*
- h) Establecer reunións interniveis ao comezo do curso onde se favoreza o coñecemento das características do alumnado con NEAE por parte dos titores/as e persoal docente de nova incorporación ao centro.*
- i) Orientar e asesorar ao profesorado na elaboración de plans específicos de recuperación e adaptación do currículo para permitir o avance de todo o alumnado.*
- j) Adoptar as MAD, individuais ou grupais, necesarias para dar resposta ás necesidades educativas concretas que poda ter o alumnado por mor da falta de actividade académica presencial.*

5. Agradecementos.

É preciso agradecer a colaboración e axuda na realización desta memoria de todos os membros do DO, así como do Equipo Directivo, dos docentes membros dos claustros do CEIP Vicente Otero Valcárcel e CEIP de Tabeaio, e da comunidade educativa en xeral.

Carral, xuño de 2023

Eva M^a López Díaz

Xefa do Departamento de Orientación

EQUIPO DE ACT. EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**1. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.**

Para poder establecer o grao de consecución dos obxectivos propostos durante o presente curso temos que partir da programación presentada por este Equipo ao inicio do curso escolar. Así quedan reflexados na seguinte táboa os obxectivos recollidos na nosa programación ao inicio do curso 2022/2023 e o grao de consecución dos mesmos:

OBXECTIVOS	
<i>1. Organizar e coordinar cos niveis os festivais, festas e demais conmemoracións que se nos adxudicaron ao inicio de curso.</i>	<i>Este curso xa se realizaron todas as actividades de xeito grupal, pois xa se levantaron as medidas de contención COVID.</i>
<i>2. Promover e programar actividades complementarias e extraescolares.</i>	<i>Leváronse a cabo todas as actividades propostas na programación inicial. Estas actividades foron as adxudicadas dende o Equipo directivo, tendo en conta que se distribuíron de xeito equitativo entre todos os equipos.</i>
<i>3. Darlle difusión aos traballos realizados durante o curso das diferentes conmemoracións.</i>	<i>Algunhas das actividades foron colgadas na páxina web do Centro.</i>
<i>4. Coordinar cos Equipos de Biblioteca, Normalización Lingüística e TIC'S as diferentes actividades programadas.</i>	<i>Mantivéronse as reunións mensuais dos diferentes coordinadores para non solapar actividades no tempo e para consensuar entre todos ditas actividades.</i>
<i>5. Participar e colaborar nos distintos eventos que se leven a cabo no centro escolar.</i>	<i>Participamos en todas as actividades que requiriron a nosa participación e colaboración.</i>
<i>6. Propoñer actividades a realizar por todo o centro escolar: educación infantil e primaria.</i>	<i>Propuxéronse diferentes actividades a levar a cabo por todo o Centro escolar.</i>

7. Manter as reunións mensuais estipuladas por parte do Equipo Directivo.	Este curso leváronse a cabo 9 reunións do Equipo. Algunha desta reunións en conxunto co Equipo de Normalización para poder coordinarnos.
---	--

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO.

ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO CEIP PLURILINGÜE VICENTE OTERO VALCÁRCEL:

Ao longo deste curso 2022 - 2023 e coa participación de todos os membros do equipo e en coordinación continua cos demais equipos (Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo TIC's e Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar), desenvóléronse as seguintes actividades levadas a cabo no centro:

1º TRIMESTRE.

MAGOSTO / SAMAÍN (SAMAGOSTO):

Seguindo o PDI do Centro " O cole animal", dende o EACE , propuxemos decorar o vestíbulo do centro con gorros de bruxa que foron decorados semellando algún animal representativo da época: morcegos, arañas, gatos negros...

O Equipo de dinamización da lingua galega organizou a "Exposición de cabazas decoradas por Samaín", na que colaboramos para a súa organización.

Tamén se colocaron na cortiza do vestíbulo diversas palabras relacionadas co tempo do Magosto, escritas nunha folla de árbore.

O equipo de Tic's encargouse de documentar fotograficamente a actividade.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/galeria/thumbnails.php?album=46>

NADAL:

A aportación do EACE nesta celebración consistiu en facerse cargo da achega do churros para a merenda, xa tradicional, que se fai nos recreos e que consiste nun chocolate con churros para todo o centro.

Para decorar o vestíbulo, cada curso decorou un racimo de uvas de cartolina no que escribiu 12 desexos de toda a aula e que se colgou do teito. .

O equipo directivo organizou o concurso de postais, igual que o curso pasado, que estará asociado a unha recollida de alimentos destinada ao Servizo de Asuntos Sociais do Concello de Carral .

2º TRIMESTRE.

ENTROIDO:

- Este ano elaboramos os mandadiños do Meco, onde cada día se nos propoñía vir con algún elemento do Entroido da casa.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/node/2332>

- Todo o alumnado do centro poido sacar a foto de grupo co mural do vestíbulo de fondo, a modo de Photocall, para que esa foto puidera pasar á posteridade cos seus compañeiros/as.

- Realizouse, como outros anos anteriores á pandemia, un percorrido polo arredores do centro educativo. Os disfraces dos niveis foron escollidos con antelación simulaban animais: pitiños, arañas, gatos, lobos, hipopótamos, medusas, xirafas, abellas, ovellas e animais pokémon. O profesorado fixo o seu disfraz en concordancia co nivel ao que acompañaba.

- Despois do pasarrúas degustamos produtos típicos do entroido: filloas e rosquillas.

-Posteriormente fíxose un recompilatorio dende Tic´s das diferentes fotografías da conmemoración do Entroido.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/galeria/thumbnails.php?album=53>

3º TRIMESTRE.

DIA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

Para todo o centro, propúxose un reto: “Plásticos cero”. Na semana do 29 ao 2 de xuño, organizamos un concurso para tentar de eliminar o máximo posible de residuos de plástico nas aulas. O xeito que tivemos de facelo e tratar de que o alumnado traía nas súas merendas o

mínimo ou ningún envase de plástico: evitar as botellas de auga ou zume dun solo uso, os envases de plástico individuais das galletas ou dos boliños, os alimentos envoltos en papel de aluminio, os garfos de plástico para a froita...

Puxéronse unhas papeleiras nas aulas con carteis específicos sobre a actividade, onde se botaron os plásticos que se traían cada día. Esta papeleira non se vaciou durante a semana para, o venres pola tarde, recollelas e pesalas. Deste xeito a aula que tivo menos plásticos foi a gañadora do concurso e tivo a honra de plantar unha árbore froiteira, un mandarino, que ten un cartel co nome do curso.



FIN DE CURSO:


Como actividade de fin de curso programouse un concerto a cargo de "Gramola Gominola". O concerto realizarase para todo o alumnado do centro o último día lectivo na carpa instalada nas zona das vivendas do centro, o 21 de xuño.

Tamén se levou a cabo a actividade , organizada polo Equipo de Biblioteca, da exposición do produto final do PDI. Haberá unha exposición en 2 quendas, unha para o alumnado e outra de portas abertas para as familias. Todas as aulas expuxeron os seus produtos finais , relacionados co PDI do Centro "Cole animal".

DURANTE TODO O CURSO.

O noso equipo foi elaborando os murais mensuais de cada mes e de actividades salientables do curso e colocándoas no mural do vestíbulo.





OUTRAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS OU EN COLABORACIÓN DENTRO DO CEIP PLURILINGÜE VICENTE OTERO VALCÁRCEL:

Estas actividades son expostas previamente na sala de mestres/as nun taboleiro mensual para que todo os/as titores/as e especialistas o teñan en conta na súa organización lectiva.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS FORA DO CENTRO:

<i>TRIMESTRE</i>	<i>DATA</i>	<i>CURSO</i>	<i>DESTINO</i>
1º	18/25 NOV.	E.I.	Centro de Interpretación de Mugaros
2º	22/23/24 MARZO	E. I.	Museo de Belas Artes (A Coruña)
2º	31/marzo - 18/20 abril	E.I.	Exposición "MEISEL"
3º	14 XUÑO	E. I.	Granxa Belette (Neda)
1º	15 NOVIEMBRE	1º EP	Acuario
3º	13 XUÑO	1º EPº	Aula da Natureza de Mesía
2º	6 FEBREIRO	2º EP	Casa das ciencias
3º	23 MAIO	2º EP	O Ventoso
1º	3 Novembro	3º EP	Museo de Hª Natural (Ferrol)
2º	6 Febreiro	3º EP	Acuario
3º	5 XUÑO	3º EP	Aula da Natureza de Marcelle
2º	23 XANEIRO	4º EP	Domus
2º	21 MARZO	4º EPº	Museo MELGA (Ponteceso)
3º	5 XUÑO	4º EP	Poboaventura
1º	19 OUTUBRO	5º EP	Casa das ciencias
2º	2 MARZO	5º EP	Acuario

3º	19 MAIO	5º EP	Granxa Xanceda
3º	12 XUÑO	5º EP	Ecoturismo Alvarella
1º	16 DECEMBRO	6º EP	Muncyt
2º	21 MARZO	6º EP	Museo de Hª Natural (Santiago)
3º	8 XUÑO	6º EP	Galipark (Padrón)

3. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO NA PROGRAMACIÓN E MOTIVO DAS MODIFICACIÓNS.

As actividades programadas para todo o curso no centro estivo distribuído aos diferentes equipos dende principio de curso por parte do Equipo Directivo. Non houbo ningunha modificación en canto á previsión establecida no noso Equipo.

Algunhas modificacións foron froito do dinamismo e constante evolución da marcha do Centro e da necesidade da continua adaptación que supón a colaboración entre diferentes Equipos intentando coordinarnos coas distintas actividades que cada Equipo ten recollidas na súa programación inicial e tamén coa finalidade de non "sobrecargar" con moitas actividades á comunidade educativa.

4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS.

En xeral podemos dicir que as actividades propostas tiveron un grao de participación satisfactorio por parte do alumnado e das familias, que se implicaron moito e dun xeito moi positivo nas actividades que propuxemos por parte deste Equipo.

En canto á comunidade educativa, pensamos que tamén houbo un excelente grao de implicación nas actividades que propuxemos aínda que consideramos que as actividades por parte de todos os Equipos seguen a ser excesivas tendo en conta que son actividades engadidas ás que xa teñen os mestres e mestras nas súas programacións didácticas.

5. PROPOSTA DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA O CURSO SEGUINTE.

De cara ao vindeiro curso propoñemos como mellora da programación deste Equipo:

- Unha maior coordinación por parte dos diferentes Equipos coa finalidade de que as actividades a nivel de Centro non resulten excesivas.

Finalmente, cómpre dicir que todas as reunións do equipo para informar, organizar, debater, etc. foron recollidas nun libro de actas custodiado polo equipo directivo.

A coordinadora do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares 2022-2023,

María José Millán Martínez.

EQUIPO DE BIBLIOTECA ESCOLAR/PLAMBE

1- INTRODUCCIÓN

Segundo a Orde 11 de maio de 2022 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2022/23 (código de procedemento ED516A), elaboramos o presente documento tal e como se require no artigo 14. Xustificación, memoria e avaliación.

Cabe destacar que este foi un dos mellores cursos dos últimos anos para a nosa biblioteca en canto ao seu uso se refire, coa pandemia superada, a biblioteca ordeada e lista para usar, o Koha instalado, a pleno funcionamento e controlado, o equipo directivo dando apoio sempre e un grupo de biblio motivado e traballador a nosa biblio encheuse de actividades e de vida.

Ademais seguimos nos diferentes programas como Radio na Biblio (do que fomos gañadores no concurso de Podcast na categoría de 3º a 6º de EP) incorporándonos a outros novos como o de Lectura e Familias ou Clubs de Lectura.

Outras actividades desenvolvidas foron o PDI, os apadriñamentos lectores e os colaboradores, os recreos de talentos, os martes de radio, itinerarios lectores, actualización e creacións de blogs dentro da páxina web do centro, difusión nas diferentes redes sociais da biblio, renovación do Proxecto Lector, elaboración de itinerarios lectores, Consello da Infancia, Comisión de Biblioteca no seo do Consello Escolar, colaboración co equipo de Polos Creativos, moito bilingüismo (trilingüismo)... e outras moitas das que iremos falando polo miúdo nos seguintes apartados.

Destacar tamén toda a labor de catalogación, expurgo e mantemento, selección de fondos, o apoio documental e de uso ás aulas e os arredor de 4000 préstamos feitos.

2- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

OBXECTIVO	GRAO DE CONSECUCIÓN
<i>Adaptar o uso da biblioteca á nova normalidade</i>	<i>Conseguido</i>
<i>Seguir sendo centro de recursos bibliográficos e espazo de creación e innovación.</i>	<i>Conseguido</i>
<i>Adaptar as actuacións ao desenvolvemento das competencias clave, o pensamento crítico a alfabetización informacional e o traballo por proxectos (a través do PDI)</i>	<i>Conseguido</i>
<i>Ter en conta o desenvolvemento das ODS en todas as actividades</i>	<i>Conseguido</i>
<i>Xerar experiencias que inciten á lectura e desenvolver a competencia lectora, a escritura e a oralidade así como todas aquelas de interese cultural.</i>	<i>Parcialmente conseguido. Xeramos moitas experiencias pero gustaríanos que se lera máis nas aulas e se coñeceran mellor os fondos.</i>
<i>Deseñar as formas de acceso á biblioteca: horarios, espazos...</i>	<i>Conseguido</i>
<i>Mellorar e favorecer a implicación das familias e do profesorado fomentando a idea de que "a biblioteca é de todos/as, somos todos/as"</i>	<i>Parcialmente conseguido. Melloramos moitísimo e somos optimistas pero aínda queda camiño.</i>
<i>Traballar para conseguir unha biblioteca inclusiva</i>	<i>Conseguido</i>

3- BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión para o reparto das conmemoracións e actividades para darllas por adiantado ao profesorado xunto coa Xefatura de Estudos. - Constitución do equipo de biblio (13 mestres) e reunións varias establecidas no horario docente nos días previos ao comezo das clases. - Visita extraoficial do profesorado do CEIPP Oza dos Ríos para mellorar a súa biblioteca. - Elaboración dun tríptico informativo para as carpetas entregadas pola dirección aos mestres nos primeiros días. Ver <u>AQUÍ</u>. - Montaxe dos novos recantos de lectura no primeiro andar e no segundo. <u>Ver AQUÍ</u>. - Petición de novas mochilas viaxeiras, revisión dos fondos das que xa tiñamos, actualizacións e creación das novas para as novas aulas (temos 30 mochilas en circulación, dúas por aula dende Educación Infantil ata 3º de EP) Ver <u>AQUÍ</u>. - Apertura da biblioteca nos recreos con tres mestres de garda dende o inicio das clases. - Elaboración do horario da biblioteca a razón dunha hora por aula. - Formación de usuarios para todo o centro e mestres. Ver <u>AQUÍ</u>.
OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración das normas consensuadas co equipo directivo de apertura de biblioteca polas tardes. Ver <u>AQUÍ</u>. - Comezan os "Martes de radio" en directo, nos recreos, por megafonía para todo o centro. O encargado é inicialmente o alumnado de 6º de EP voluntario pero co paso do tempo tamén participa o de 5º de EP. Ver <u>AQUÍ</u>.

- 5 de Outubro, Día dos Animais. Podcast para todo o centro feito polo alumnado de 6º de EP,ponse na hora de ler e todos/as saímos aos corredores para escoitalo pola megafonía (esta será a dinámica seguida na maioría dos podcast que fixemos). Ver [AQUÍ](#).
- Coincidindo tamén con esta data constituímos o Consello da Infancia deste ano onde a coordinadora da biblioteca é a secretaria. Eliximos o nome do PDI que finalmente será "Cole Animal" e elaboramos material para resumir os estatutos, pautas para unha comunicación asertiva e tamén para explicar o funcionamento. Pódese ver a acta desta sesión e as imaxes picando [AQUÍ](#).
- Mensaxe de Pingüi para a búsqueda de información sobre os pingüíns polo Día das Bibliotecas.
- Guía de Lectura conxunta polo Magosto e Samaín.
- Podcast do alumnado de 6º polo Día das Escritoras e liña do tempo en inglés.
- 21 de outubro, Día das Bibliotecas. Comezan os apadriñamentos lectores de todo o centro en varias modalidades (clase a clase ou os que queren ir ler aos máis pequenos en parellas) e que se distribúen nun día a semana en diferentes puntos (na biblio e no punto de lectura da entrada). Tamén hai agasallos para o alumnado con máis préstamos. Como actividade do centro e dentro do PDI cada clase busca información sobre diferentes aspectos relacionados cos pingüíns (a nosa mascota). Para ver os resultados finais destas actividades picar [AQUÍ](#).
- Comezan os colaboradores da biblio de 5º e 6º. Tivemos algunha alta e baixa pero cabe destacar a súa implicación. Foron 65 nenos e nenas que acudiron, en xeral, con puntualidade e responsabilidade.
- Acondicionamento do espazo maker, cartelería e reorganización do mesmo. Pódense ver algunhas imaxes da nova organización e dos fondos que adquirimos para el picando [AQUÍ](#). Prevese dinamizalo máis e mellor de cara o curso que vén, pódese ver algunha actividade de uso do espazo [AQUÍ](#).

<p>NOVEMBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Conto de medo pola radio.</u> - <u>“Libros a oito” entre mestres.</u> - <u>Día contra a violencia de xénero. Colaboramos co equipo TIC elaborando un <i>dossier</i> para coñecer mellor a Elina Chauvet, a artista contemporánea escollida para traballar polo Día da Violencia de Xénero. Tamén fixemos unha escolma de libros e exposición pública dos mesmos (ver <u>AQUÍ</u>). Máis información deste acto picando <u>AQUÍ</u>.</u> - <u>Novembro, mes da ciencia en galego. Podcast sobre a anestesia, podcast sobre a auga potable e selección de libros do noso fondo documental.</u> - <u>Día dos Dereitos da Infancia. Selección de libros polo Día dos Dereitos das Infancia. Podcast do alumnado de 3ºB. Todo o centro participa na exposición de siluetas de persoas e animais onde se escriben os dereitos de ambos tendo como centro de interese o PDI. Máis imaxes <u>AQUÍ</u>.</u> - <u>Actualizacións dos blogs do centro e redes sociais.</u> - <u>Elaboración do proxecto de “Lectura e familias”.</u> - <u>Comeza o Club de Lectura: Faragullas de papel.</u>
<p>DECEMBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Guía de lectura polo Día das Persoas con Diversidade Funcional e vídeo do conto “Susan laughs” gravado polo alumnado de 5º e 6º EP</u> - <u>Recomendacións lectoras de Nadal.</u> - <u>Convocatoria de concurso de logos para o PDI.</u> - <u>Visita do alumnado de Belas Artes da escola de Pontevedra para facer un obradoiro co alumnado de 5º de EP sobre animais na arte dentro do programa “Lectura e familias” e relacionado co PDI.</u>

XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Exposición de libros sobre diversidade afectivo sexual.</u> - <u>Resolución do concurso de logos para o PDI</u> - <i>Día da Non Violencia e Paz. A partir do libro "Con calma" da Editorial Flamboyant (Rachel Williams) elaboramos un vídeo onde cada clase explicou aquilo que un animal escollido fai con calma e en paz. Todo o centro gravou no chroma. Guía de recomendacións lectoras para esta data.</i> - <u>Gravación do libro "Imagine" e escribimos un abecedario inspirándonos en "What a wonderful world"</u> - <u>Guía de novidades relacionadas co PDI.</u> - <u>Docencia da coordinadora no CEIP Labaca da Coruña</u> - <u>Obradoiro de escrita "Fantasía animal" enmarcado no PDI, na temática deste ano "escribir a biblioteca" e no programa "lectura e familias" a cargo dunha mamá.</u> - <u>Obradoiro de ilustración de novo co alumnado de Belas Artes de Pontevedra (unha das participantes é irmá de dúas nenas do cole) neste caso sobre animais imaxinarios e mitolóxicos para 3º de EP.</u> - <u>Obradoiro de loga na semana da paz para o alumnado de 1º e 2º de EP a cargo dunha mama.</u>
FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Podcast pola Candeloria.</u> - <u>Entroido tendo como centro de interese o PDI.</u> - <u>Visita do Hematocrítico.</u> - <i>Visita do profesorado membro do equipo de biblioteca do CEIP Labaca á nosa biblioteca para ver os cambios feitos.</i>
MARZO	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Talleres de globoflexia da mestra de PT e membro do equipo de biblio co alumnado de 2º de EP a partir do libro "Historia da resurrección do Papagaio" de Eduardo Galdeano (Kalandraka).</u>

	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Podcast polo día das Enfermidades Raras.</u> - <u>Apadriñamentos lectores temáticos para todo o centro polo Día de Rosalía. AQUÍ pódense ver unhas imaxes e AQUÍ a escolma que se fixo dende o equipo de biblio.</u>
MARZO	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Bibliografía sobre o Día da Muller.</u> - <u>Podcast sobre Día da Muller do alumnado de <u>3ºA</u>, <u>3ºB</u> e <u>3ºC</u>.</u> - <u>Podcast Día da Auga.</u> - <u>Exposición de fotos sobre as nosas mascotas na cortiza da entrada coa colaboración das familias.</u> - <u>Consello da Infancia para poñer en común os temas do PDI que se escolleron por aula.</u> - <u>Descubrimento, investigación e creacións artísticas sobre mulleres investigadoras, exploradoras e activistas no mundo da defensa dos animais (Women in the defense of animals)</u>
ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Podcast polo Día Internacional da Astronomía de 5ºB.</u> - <u>Día Mundial do Libro Infantil e Xuvenil e Pascua dende as clases de Inglés.</u> - <u>Formación de radio das tres aulas de 4º con Denís Losada de Radio Espora.</u> - <u>Podcast polo Día do Pobo Xitano.</u> - <u>Nace o club de lectura Tecedoras de Versos.</u> - <u>Semana do Libro: Exposición de dioramas de diferentes contos de animais por aula con xogos asociados, poema "<u>I am a book</u>" e <u>books and animals</u> dende as clases de inglés, apadriñamentos de todo o centro á vez en diferentes espazos (visibilizamos a lectura), visita de <u>Sonia Hermida</u> (obradoiro para familias sobre inclusión) e <u>contacontos para todas as 6 aulas de El dunha mamá</u>. Para ver todas estas actividades picar <u>AQUÍ</u>.</u>

	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Programa de radio polo Día dos Pingüíns de 3ºA.</u>
MAIO	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Visita de Montse Pena Presas e obradoiro alternativo de ilustración coa colaboración dun pai.</u> - <u>Reunión da Comisión de Biblioteca.</u> - <u>Aprobación do novo Proxecto Lector do centro.</u> - <u>Visita de Sabela Fernández Trelles para as clases de 3º pola lectura do seu libro "Que queres ser de maior, pequena?"</u>. - <u>Podcast polo Día das Letras Galegas premiado. Exposición de libros.</u> - <u>Podcast de danzas e bailes. 5ºC.</u> - <u>Podcast sobre as abellas.</u>
XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Excursión ao Ágora. Lectura e familias.</u> - <u>Podcast sobre os cans sen raza.</u> - <u>Feira final do proxecto os días 19 e 20 de xuño. O 20 pola tarde aberto ás familias. Organización <u>AQUÍ</u>.</u> - <u>Excursión a Cabo Vilán dos membros do club "Faragullas de papel".</u> - <u>Podcast do día do medio ambiente.</u> - <u>Podcast vermes de seda.</u> - <u>Elaboración da memoria PLAMBE e outras e liñas prioritarias. Avaliación da biblioteca. Creación de enquisas.</u> - <u>Participamos nos premios clubs de lectura escolares correspondentes ao curso 2022-2023 segundo a Resolución de 04 de maio de 2023, da Secretaría de Estado de Educación.</u>

	<ul style="list-style-type: none"> - Elección do tema do PDI do curso que ven e participación no IX concurso de traballo por proxectos (Resolución do 13 de abril) - Selección de fondos e compra de materiais dentro do programa "Lectura e familias" (as maletas poñeranse en circulación o curso que ven) - <u>Guía de lectura do verán.</u>
--	--

Merecen especial mención dentro das actividades pola súa duración ao longo do curso e pola repercusión no centro as seguintes:

- "Animalario Imaxinario". Esta foi unha idea orixinal da nosa mestra de AL que combina a atención á diversidade coa arte e a creatividade e que contou coa axuda inestimable doutros membros do equipo de biblio para poder levala a cabo pois incluíu finalmente a todo o centro.
- *Martes de radio*. Un programa semanal emitido en directo durante o recreo que se iniciou da man do alumnado de sexto e ao que deron continuidade o alumnado de quinto curso, implicando a máis de 40 nenas e nenos entre ambos cursos. Contouse coa participación do alumnado de 4 anos de infantil, propoñendo unha adiviña cada semana.
- Recreo de talentos.
- *Itinerarios lectores: xeral, con perspectiva de xénero e de atención á diversidade.*
- Torneo de xadrez nos recreos entre o alumnado de 6º. Este curso houbo 2 torneos de xadrez no cole. Un iniciouse ao comezo do 2º trimestre e o outro ao comezo do 3º trimestre. No primeiro deles contamos con 20 participantes e no segundo deles con 46 de 6º curso de EP. Tiveron lugar nos recreos dos luns e dos mércores e en ambos casos houbo sorteo público de emparellamentos e aclaración de normas antes de iniciar as fases previas.

Asemade, elaboráronse 2 trofeos en 3D, o 2º deles (pendente de imprimir) deseñado por eles mesmos e adquiriuse bibliografía para a biblio. Tamén houbo recreo de talentos alusivo ao torneo de xadrez e o reto de polos consistía en elaborar taboleiros e pezas con cartón.

- O traballo dende as clases de inglés.
- Faragullas de papel. Club de lectura. Non imos facer aquí unha relación exhaustiva das actividades do noso club de lectura porque temos unha memoria específica para elas e pódense ver no blogue pero si queremos destacar que contamos con 26 nenos e nenas repartidos en dous grupos de alumnado de 5º e 6º. Reunímonos unha vez cada quince días (fóra do horario lectivo: os luns de 15:30 a 16:20) e limos varios libros: "No Corazón do Bosque" de Agustín Fernández Paz, "O álbum de Garrincha" de Beatriz Maceda (que nos visitou), "Mamá quero ser Ziggy Stardust" de Iria Misa, "Volverás Golfiño" de Andrea Maceiras e "Marta e a Píntega" de Eli Ríos. As actividades foron pensadas arredor das lectura elixidas. Partimos de enriquecedores faladoiros, para na segunda sesión realizar actividades tanto en galego como en inglés usando recursos variados da biblio como o chroma pero tamén a impresora 3D, por exemplo. Realizaremos unha saída final con todos os participantes ao cabo Vilán, cemiterio dos ingleses, Camelle... facendo unha especie de roteiro literario polos diferentes lugares que aparecen no libro de "Volverás Golfiño" que foron os que escolleron eles por votación.
- Tecedoras de versos. Club de lectura de poesía e gancho. Coa boa experiencia do club de lectura de narrativa e a boa vontade da mestra Teresa de Relixión que temos compartida co colexio de A Silva, montamos este pequeno club de lectura de poesía e gancho formado por 9 nenos e nenas de 4º de EP que se reuniron todos os martes no punto de lectura da entrada. Especial importancia cobraron este curso tamén a renovación e creación de varios blogs para as diferentes actividades como son o de:
 - Blog de biblioteca renovado: fondo, portada e con enlaces relacionadas coa biblioteca.
 - Radio Pingüi.
 - Faragullas de papel. Club de lectura.
 - Lectura de familias.
 - Tecedoras de versos. Club de lectura de poesía e gancho.

Cabe destacar que para o alumnado de quinto e sexto curso creouse unha sección no entorno virtual de aprendizaxe Edixgal destinada exclusivamente á biblioteca, onde figura información referente a algunhas das actividades propostas para este curso 2022/2023.

Actualización e difusión diaria nas redes sociais das actividades realizadas na biblio. Recomendamos visitar o noso:

- *Instagram.*
- *Facebook.*
- *Twitter.*

A destacar tamén a recompilación de todas as actividades que se fixeron dentro do noso PDI: "Cole Animal" que se poden ver no seguinte Genially creado so para iso e que preside dende o principio de curso a páxina web. Para velo picar AQUÍ.

A biblioteca tamén estivo presente nas actividades propostas dende Polos Creativos con bibliografía recomendada como se pode ver nas seguintes presentacións así como no Día da Ciencia na Rúa pois ata alí viaxaron algúns dos nosos libros.

- *Reto papiroflexia Nadal.*
- *Reto Candeloria.*
- *Reto piano.*
- *Día da Ciencia na rúa. A Coruña.*

1- AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES DESEÑADAS

Pasaremos na semana do 12 de xuño as seguintes enquisas de valoración que nos ofrecerán diferentes resultados para mellorar o uso da biblio e a planificación de actividades:

- *Enquisa para o alumnado de EI e 1º ciclo*
- *Enquisa para o alumnado de 2º e 3º ciclo.*
- *Enquisa para o profesorado.*
- *Enquisa para as familias.*

Non podemos engadir os resultados destas enquisas nos documentos adxuntos á memoria pois non as teremos cubertas ata a última semana de curso. As razóns de non pasalas antes é esperar á xornada final do PDI e á proposta de temas de cara o curso que ven. Ademais pensamos que de cara ao alumnado será máis fácil que as cubra despois de ter realizada a avaliación, normalmente estas datas son estresantes tanto para alumnado como para profesorado e cremos que participarán máis persoas se as deixamos para esas últimas semanas.

1- PREVISIÓN DE FUTURO

De cara o curso que ven as previsións de futuro son boas en canto ao equipo de biblio, esperamos que repitan moitos dos membros e novas incorporacións. A dinámica do uso da biblio no centro é bastante boa por iso cremos que continuaremos como estamos. De todas formas, como fai dous anos, o noso centro volve a estar inmerso nun novo proceso de cambio de equipo directivo e iso sempre crea incertidumes. Algunhas das actividades de futuro que temos pensadas son a creación dun club del lectura de adultas e seguir cos programas nos que estamos engadindo o de Biblioteca Creativa.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

1. Introducción.

Durante o presente curso o traballo do EDLG do centro tivo dúas liñas de actuación claras. Unha primeira centrouse na continuidade da dinamización realizada nos cursos anteriores, tendo como punto de referencia o Proxecto Lingüístico de centro, posto que este documento debía ser, e foi, a referencia fundamental á hora de planificar e levar a cabo as actividades de dinamización durante este curso. Por outra banda, as actividades de dinamización que se están a realizar promoven a lingua galega aínda que non acadan que o alumnado faga un uso da lingua galega de xeito normalizado.

As actividades de dinamización que se realizaron durante o presente curso tentaron abranguer todos os ámbitos que lle foron posibles, dende as conmemoracións obrigatorias ate a actividade conxunta co Concello de Carral.

As actividades realizáronse en colaboración co profesorado, co alumnado e cos diferentes equipos do centro: Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias, Equipo de Biblioteca, Equipo TICs. así como co Concello de Carral.

2. Memoria descriptiva e gráfica das actividades realizadas, detallando aquelas para as que se concedeu asignación económica e relacionando cada gasto coa actividade do proxecto ao que foi destinado.

TEMPORALIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE <i>(incluídas as que non teñen un custo económico)</i>	RESPONSABLES DEPARTAMENTOS CORRESPONDENTES	PERSONAS DESTINATARIAS	ORZAMENTO	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
<u>1º Trimestre</u> Setembro	Realización da enquisa sobre a lingua materna do alumnado de 4º de Ed. Infantil.	EDLG	Familias	10 euros	Fotocopias proporcionadas polo centro.
<u>1º Trimestre</u> Do 17 ao 28 de outubro	Celebración do Samaín e Magosto. Realización dun mural con palabras escritas en galego sobre o magosto/ outono en cartolina con forma de follas. Elaboración de gorros de bruxa para colgar no	EACE e EDLG	Todo o centro	70 euros	Cartolinas e material funxible.

	<i>vestíbulo do centro. Degustación de castañas.</i>				
<i>1º Trimestre Nadal</i>	<i>Acios de uvas con desexos en galego.</i>	<i>EACE e EDLG</i>	<i>Todo o centro</i>	<i>30 euros</i>	<i>Cartolinas e diverso material plástico para a realización e decoración dos acios.</i>
<i>2º Trimestre 30 de Xaneiro</i>	<i>Día da Paz. Realización dun vídeo sobre os animais en calma na natureza baseándonos no libro "Con calma".</i>	<i>EDLG e BIBLIO</i>	<i>Toda a comunidade educativa.</i>	<i>25 euros</i>	<i>Material de audio do centro. Libro "Con calma, 50 historias da natureza".</i>
<i>2º Trimestre 2 de febreiro</i>	<i>Día da Candeloria. Realización de podcast e difusión na web de</i>	<i>EDLG e BIBLIO</i>	<i>Todo o centro</i>	<i>0 euros</i>	<i>Medios audiovisuais do centro e radio escolar.</i>

	<i>libros en galego sobre este día.</i>				
<u>2º Trimestre</u> <i>Do 13 ao 17 de febreiro</i>	<i>Celebración do Entroido.</i>	<i>EACE e EDLG</i>	<i>Todo o centro.</i>	<i>400 euros</i>	<i>Material variado para a elaboración dos mandadiños e dos disfraces.</i>
<u>2º Trimestre</u> <i>23 de febreiro</i>	<i>Día de Rosalía. Realización dun mural sobre a escritora e lectura de poesía durante os apadriñamentos lectores os días 23, 24,27,28 de febreiro e 1 de marzo.</i>	<i>EDLG</i>	<i>Todo o alumnado e profesorado.</i>	<i>90 euros</i>	<i>Papel continuo e materiais plásticos para a súa realización. Compra de libros.</i>
<u>2º Trimestre</u> <i>31 de marzo</i>	<i>Día das artes galegas. Martín Códax e o pergamiño Vindel. Exposición de</i>	<i>EDLG</i>	<i>Todo o alumnado.</i>	<i>35 euros</i>	<i>Fotocopias de pergamiños.</i>

	<i>pergamiños con adiviñas de animais.</i>				
<i>3º Trimestre Mes de abril</i>	<i>Obradoiro de poesía con Dores Tembrás.</i>	<i>EDLG</i>	<i>Alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.</i>	<i>0 euros. Actividade pagada polo Concello de Carral.</i>	<i>Coordinación realizada co Concello de Carral.</i>
<i>3º Trimestre Mes de abril</i>	<i>Certame de poesía do Concello.</i>	<i>EDLG</i>	<i>Alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.</i>	<i>0 euros. Actividade pagada polo Concello de Carral.</i>	<i>Coordinación realizada co Concello de Carral.</i>
<i>3º Trimestre Do 15 ao 19 de maio</i>	<i>Celebración da semana das Letras Galegas dedicada a Francisco Fernández del Riego.</i>	<i>EDLG</i>	<i>Todo o centro.</i>	<i>40 euros</i>	<i>Papel e cartolinas para a realización de carteis sobre a figura de Francisco Fernández del Riego. Achega de material audiovisual sobre o homenaxeado.</i>

<i>3º Trimestre</i> <i>21 de xuño</i>	<i>Concerto de música infantil: Gramola Gominola</i>	<i>EDLG e TIC</i>	<i>Todo o centro.</i>	<i>1000 euros</i>	<i>Contratación do grupo musical para a actuación a final de curso.</i>
<i>Anual</i>	<i>Creación de podcast.</i>	<i>Equipo de biblioteca e EDLG.</i>	<i>Alumnado de Educación Primaria.</i>	<i>0 euros.</i>	<i>Material de audio do centro.</i>
<i>Anual</i>	<i>Música en galego na radio de centro.</i>	<i>Todos os equipos do centro.</i>	<i>Toda a comunidade educativa.</i>	<i>0 euros.</i>	<i>A estrutura de audio é a do centro.</i>

2.1. Descrición das actividades que se realizaron no curso 2022-2023:

- *Actividades relacionadas coa situación sociolingüística da contorna:*

- *Divulgación das tradicións do país:*

O Samaín e o Magosto, escribindo cada aula nunha folla de outono palabras en galego relacionadas co magosto/outono para facer un mural conxunto no vestíbulo do centro. Elaboración de gorros de bruxa decorados para colgar no vestíbulo do centro. Degustación de castañas no patio do centro.

Celebrarase o Día da Paz o 30 de xaneiro, realizando un vídeo sobre os animais en calma na natureza baseándonos no libro “Con calma, 50 historias da natureza”, cada aula fai un fragmento deste falando do animal elixido.

A Candeloria o 2 de febreiro, realizando un podcast e difundindo na web libros en galego sobre este día.

Para celebrar o Entroido, realizaranse disfraces en cada aula sobre o animal elixido.

- *Celebración de diferentes conmemoracións:*

Día de Rosalía, o 23 de febreiro. Realización dun mural sobre a escritora facendo un anaco cada aula e xuntándoo tipo collage. Durante os días 23, 24, 27, 28 de febreiro e 1 de marzo realizarase a lectura de poesía durante os apadriñamentos lectores.

Día das Artes Galegas (1 abril) celebrarase o 31 de marzo coñecendo a historia de Martín Códax e do pergamiño Vindel, escribiremos en pergamiños adiviñas de animais.

Semana das Letras Galegas: Francisco Fernández del Riego. Do 15 ao 19 de maio.

Realizáronse unha serie de actividades, tanto on-line como presenciais. Exposición de carteis explicativos sobre a vida e a obra do autor homenaxeado realizados coa colaboración de todas as aulas de educación infantil e educación primaria.

Entre elas destacou o podcast realizado polo alumnado de 6º de Educación Primaria, que se escoitou en todo o centro durante a "hora de ler" e o cal foi premiado no V concurso de Podcasts-Radio na Biblio.

- *Realización de actividades relacionadas co Concello de Carral:*

Realización de obradoiros de poesía con Dores Tembrás para os cursos de 5º e 6º de Educación Primaria.

Certame de poesía do Concello no que participan 4º, 5º e 6º de educación primaria.

- Actividades relacionadas co profesorado:

- *Proporánselles aos demais equipos do centro o emprego e a divulgación da lingua galega nas súas actividades, sempre que fose posible.*
- *O EDLG estará á disposición de toda a comunidade educativa para resolver calquera dúbida de tipo lingüístico que xurdise.*
- *Farase achega ao profesorado de material, tanto físico como online, de Francisco Fernández del Riego, persoa homenaxeada co Día das Letras Galegas no 2023.*

- Actividades relacionadas co alumnado:

- *Realización de podcast en galego na radio da biblioteca. Durante todo o curso realizáronse bastantes podcasts en galego, e programas en directo na "Radio da Biblio", destacando entre todas as actividades realizadas, a participación no V Concurso de Podcasts- Radio na Biblio, sobre Francisco Fernández del Riego.*
- *Actuación musical no centro o último día do curso: Gramola Gominola.*

- Actividades relacionadas coa situación lingüística do Centro:

- *Propoñemos a todos os membros da comunidade educativa que empreguen o galego na escola como lingua de contacto inicial.*
 - *Fíxose visible o galego escrito constantemente nos murais, exposicións, eleccións a delegado/a de aula...*
 - *Farase durante todo o curso a selección da música que soará polos altofalantes, en colaboración co equipo de Biblioteca. Durante todo o curso, nos momentos de entrada e saída e nos recreos, soaron cancións en galego polo fío musical do CEIP.*
 - *Darase difusión a toda actividade de dinamización da lingua que se propoña desde entidades externas ao centro e a Carral.*
- Realizouse a enquisa en 4º de Educación Infantil para coñecer a lingua materna dos cativos e cativas que se incorporaban ao centro educativo.*

3. Grao de consecución dos obxectivos previstos.

Con respecto aos obxectivos, hai que facer unha dobre lectura.

Por unha banda, si que conseguimos levar a cabo unha extensa programación anual. Co cal si que houbo unha boa cantidade de actividades, cunha implicación ampla por parte de toda a comunidade educativa. Polo que, neste senso, pódese dicir que si se lograron os obxectivos marcados a principio de curso.

Por outra banda, se temos en conta as conclusións do Proxecto Lingüístico de Centro elaborado o curso pasado, podemos dicir que o obxectivo principal, que é o de dinamizar a lingua galega, non se está a lograr na súa totalidade. Coas actividades prantexadas si se consegue dinamizar o uso da lingua galega pero non normalizan o seu uso fóra delas.

Por último, neste apartado é destacable a boa colaboración co resto de equipos do centro, como no curso anterior, polo cal moitas das actividades realizadas tiveron unha maior repercusión da que en principio se podía pensar.

4. Actuacións de mellora para os vindeiros proxectos.

Dende o EDLG continuaremos dinamizando o establecido no Proxecto Lingüístico de Centro, que debe ser un dos documentos principais dos que partir. Neste senso, destacarían dúas liñas. Unha primeira é que o profesorado do centro, independentemente da lingua que fale fóra do centro, fomente no alumnado o uso do galego dende unha perspectiva positiva e motivadora.

Por outra banda, está claro que o alumnado precisa ser consciente dunha situación que lle atinxe, e moito, que é esa perda do galego. Facelos reflexionar, dende a positividade, sobre se queren manter viva a lingua e cales poden ser os xeitos de facelo.

A adecuación e consolidación dalgunhas actividades anuais, como a radio na Biblio, ou certos momentos destacados, como a semana das Letras Galegas deben ser unha prioridade, para poder manter unha liña de actuación coherente, e non estar a realizar actividades sen reflexionar sobre elas ou sen liña de actuación clara.

Aínda que as actividades que se realizaron son menos que os cursos anteriores, si que son de maior calado. Tendo en conta que se fixeron varias "campañas" dunha semana de duración, como poden ser a conmemoración de Rosalía de Castro e a semana das Letras Galegas.

*Tatiana Rey Botana
(Substituta de Javier Gayoso Ponte,
Coordinador do EDLG)*

EQUIPO TIC'S.**1. EQUIPO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN**

Este curso académico o equipo TICs estivo conformado por:

- *Mar Domínguez (mestra ed. Primaria) (de baixa). Persoa substituta: Mónica Souto*
- *Jessica Gómez (mestra ed. Infantil)*
- *Verónica Martínez (mestra ed. Primaria)*
- *Andrea Mosquera (mestra inglés)*
- *Borja López (mestre ed. Física- EDIXGAL)*
- *Emilio González (Pedagogía Terapéutica)*
- *Gema Silvares (mestra ed. Primaria)*
- *Leticia Sotelo (mestra ed. Musical, coordinadora TIC, coordinadora Plan Dixital)*

1. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

O traballo realizado ao longo do curso en xeral foi desenvolvido axeitadamente.

Tamén se empregou a aplicación abalarMóbil para comunicación familias- profesorado.

En xeral, desenvolvéronse axeitadamente os obxectivos marcados no Plan de Integración de TIC de principio de curso. A continuación, detállanse algunhas puntualidades:

- *Os netbooks abalar antigos repartidos entre alumnado de : 4º, 3º, 2º, 1º, inglés e relixión; cada vez dan máis problemas co seu uso (batería, lentitude, non encende,...). Proximamente serán retirados.*
- *- Fomentouse axeitadamente o uso do abalarMóbil, páxina web do centro e correo corporativo entre a comunidade educativa.*
- *- Promoveuse a divulgación dos traballos e diferentes actividades de alumnado e profesorado na páxina web do centro.*

- *- Actualizouse e revisouse a páxina web do centro.*
- *Coa axuda da empresa informática contratada realizáronse diferente actuacións ao longo do curso. Destacar a posta a punto da aula Polos Creativos (antiga aula de informática)*
- *A aula virtual e EDIXGAL tiveron moito uso.*
- *Tras presentar en xuño 2023 o proxecto para obter Polos Creativos no noso centro e ser admitidos, chega a dotación de material o 22/12/22. Anteriormente, a principios de curso, o equipo docente de Polos Creativos comezou arrincando o proxecto tratando de habilitar a aula e propoñendo retos e actividades cada mes co material do centro. O equipo tic apoiou o proxecto sempre que foi necesario.*
- *Nas últimas semanas de curso (31/05/23), chegou a dotación de monitores interactivos da Xunta. Esta primeira remesa é para as 6 aulas de educación infantil e para as 3 de 1º e as 3 de 2º de educación primaria. O profesorado foi instruído coas nocións básicas de manexo, aínda que en setembro 2023 volverase a facer unha pequena formación, se fose necesario. Os novos dispositivos tiveron bastante aceptación tanto no profesorado como no alumnado, a pesar de reticencia inicial a eliminar o encerado de xiz. No próximo curso académico, 2023-24, espérase una segunda remesa para o resto da primaria (12 aulas).*

Así, o grao de consecución dos obxectivos, foi bastante completo, positivo e satisfactorio.

1. ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O CURSO

- *Actualización da aula virtual, o cal supuxo un gran traballo previo de matriculación de alumnado e creación dos diferentes cursos.*
- *Detallar instalacións presentes nas aulas de infantil e 1º e 2º, previa a instalación dos monitores interactivos.*
- *Coordinarse e colaborar co equipo de Plan Dixital – Polos Creativos no que fora necesario. Incluído ceder partida económica para mercar material (papel transfer, pla, regleta usb....)*
- *Realización das diferentes propostas de actividades en distintas conmemoracións:*
 - *Día internacional contra a violencia de xénero (25 novembro) en colaboración con Biblioteca: reprodución da obra visual de Elina Chauvet “Zapatos Vermellos” e lectura pola radio do cole, os manifestos creados por cada clase.*
 - *Semana da prensa (6-10 marzo) en colaboración con Biblioteca: creación dun Xornal Animal, relacionado co PDI deste ano (Cole animal) coas súas diferentes seccións.*
 - *Día internacional contra o acoso escolar (2 maio): elaboración dun vídeo formado por vídeos de 30 segundos no que cada nivel representa unha boa conduta a levar a cabo no cole.*

1. MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS DURANTE O CURSO NA PROGRAMACIÓN E MOTIVO DAS MESMAS

En canto ao prantexamento do plan de integración TIC de principio de curso, apenas sufriu modificacións, sen embargo a medida que avanzou o curso, foron xurdindo novas ideas non incluídas inicialmente no Plan, como resposta a necesidades detectadas no centro. Así, os motivos das modificacións foron:

- *A adaptación a novas ideas xurdidas durante o curso e a necesidades detectadas.*
- *A adaptación e colaboración co Plan Dixital – Polos Creativos.*
- *Colaboración coa implantación dos monitores interactivos.*

2. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS

En xeral as actividades propostas e realizadas foron boas e cun resultado positivo. O profesorado, en xeral, implicouse e colaborou coas actividades plantexadas. O equipo TIC, e incluso boa parte do claustro, opina, igual que o curso pasado, que a carga de traballo das actividades relacionadas con conmemoracións, foi excesiva. Propoñerase ao equipo directivo, reducir a 1-2 actividades por trimestre, para poder levar a cabo outros proxectos, saídas,

Destacar, por outra banda o traballo e a implicación da mestra Iria Sánchez, na actualización da páxina web. Tamén o traballo de Emilio González matriculando ao alumnado e creando os cursos na aula virtual. Así, o resultado da avaliación final do traballo realizado ao longo do curso foi positivo e satisfactorio.

A nova utilidade da aula de informática, foi total e plenamente aceptada. Remodelouse como aula de Polos Creativos e, aínda que non tivo o uso esperado por parte do profesorado, o alumnado asistiu asiduamente no tempo de recreo. É posible que o profesorado necesite unha maior motivación e formación no uso dos distintos dispositivos e materiais.

O cambio a outra empresa de soporte informático resultou moi positiva. O persoal é disposto e resolutivo. A xestión de incidencias é dixital-telemática o que fai que a comunicación sexa máis fluída.

3. PROPOSTAS DE REVISIÓN DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC PARA O CURSO SEGUINTE E PROPOSTAS DE MELLORA

As propostas de revisión e mellora son:

- Continuar coa axuda ao uso da aula virtual do centro.*
- Continuar coa axuda ao mantemento da páxina web.*
- Continuar coa colaboración coa consecución do proxecto Polos Creativos e Plan Dixital.*
- Continuar coa concienciación para o uso de ferramentas e plataformas dixitais corporativas por parte de todo o profesorado; así como o espazo de Polos Creativos.*

- *Propoñer formación para o uso de novos dispositivos e materiais dixitais cando se considere necesario ou o claustro o solicite.*
- *Colaborar na mellora dos recursos e ferramentas informáticas para o profesorado e alumnado.*
- *Propoñer e colaborar na elección e realización dun logo identificativo de centro.*
- *Tratar de que o equipo tic este conformado por, alomenos, unha persoa de cada internivel.*
- *Propoñer a redución de actividades conmemorativas ao longo do curso.*
- *Colaborar co traballo da empresa de soporte informático.*

MEMORIA ECONÓMICA

Durante este curso 22-23 adicouse parte do presuposto aos gastos fixos de mantemento, reparación e conservación tomando como referencia os do exercicio anterior, así como os derivados de adquisicións periódicas (reprografía, papel, equipos informáticos, teléfono, ...)

-Necesidades docentes: Cubríronse as necesidades demandadas polo docentes para a atención ou necesidade do alumnado e para a práctica docente, sempre que foron demandadas, incluíndose dentro do orzamento da aula ou fóra do mesmo.

- Necesidades do alumnado: Debido ao elevado custo das entradas das saídas de fin de curso o Claustro decidiu que o centro asumise a totalidade do importe do transporte das mesmas. O centro tamén asumiu o custe das saídas complementarias do alumnado con informe de Servicios Sociais que presentan unha situación económica desfavorable.

-TICS: Asumíronse os arranxos de periféricos así como de equipos informáticos das aulas. Adaptouse a aula de Polos Creativos cubrindo certas necesidades para o seu funcionamento.

- Melloras nas instalacións: Na cociña inverteuse parte do orzamento na mellora da louza, renovación de roupa de traballo do cociñeiro e oficiais de cociña e asumíronse varios arranxos e compra de diferentes electrodomésticos facilitando así a labor e a eficacia no servizo.

Instalouse un xogo termoplástico no patio e foi posible a compra de materiais de xogos e carros para EI para continuar dinamizando os espazos exteriores.

Asumiuse a compra de 20 encerados de tipo Velleda que substituirán ás tradicionais de xiz para evitar danos no funcionamento das pantallas dixitais, recentemente instaladas así como as futuras.

- Mellora de espazos: Séguese mantendo o orzamento da biblioteca como un dos máis amplos na dotación orzamentaria anual (20%) A aula de música dotouse de novo instrumental e recursos tecnolóxicos.

MEMORIA PLURILINGÜISMO

1. Grao de consecución dos obxectivos:

En xeral acadáronse os obxectivos propostos: houbo pequenas propostas e actividades en lingua estranxeira dirixidas a todo o centro ("Christmas caroling" en Nadal, menú diario do comedor en lingua estranxeira, exposición artística nos corredores de primeiro coas actividades feitas en Art polas nenas e nenas de 1º, contribucións ao PDI do centro...)

Si é certo que se poderían ter acadado en maior grao e que non conseguimos etiquetar as diferentes zonas do centro en inglés por cuestión de tempo.

2. Evolución da lingua estranxeira do alumnado:

É o primeiro ano dentro do programa de Plurilingüismo, aínda é pronto para valorar a repercusión de ter impartido unha materia máis en lingua estranxeira na evolución da mesma por parte do alumnado, pero si dicir que se observa unha maior comprensión en inglés. Así mesmo, obsérvase que asociar ao inglés á área de Educación Plástica e Visual fai que algunhas alumnas e alumnos aos que non lles atrae a lingua estranxeira, teñan máis interese na mesma ao asociala á clase de Art.

3. Contribución da auxiliar de conversa:

Non podemos valorar este apartado xa que a nosa auxiliar chegou un mes máis tarde do previsto e marchou en xaneiro, polo que só estivo con nós 2 meses.

Si dicir que o consideramos un importante recurso, dado que na área de inglés non temos ningún apoio e é moi necesario para poder traballar a competencia lingüística do alumnado, especialmente a expresión oral que require unha maior supervisión e práctica, o cal non sempre é posible traballando con grupos grandes.

4. *Organización do programa:*

O programa parécenos unha moi boa iniciativa, aínda que botamos en falta seguimento do mesmo, orientacións, lugares onde consultar boas prácticas, formación máis específica, actualizada e rigorosa sobre o plurilingüismo e como levalo a cabo no NOSO contexto.

O programa leva anos funcionando e xa hai experiencia como para que houbera información de boas prácticas no noso contexto.

Pensamos que faltan unhas instrucións máis específicas para o mesmo, que faciliten que nos centros se constituía un equipo de plurilingüismo e que así haxa unha maior presenza real da lingua estranxeira no día a día.

5. *Análise das estratexias postas en marcha:*

En liñas xerais, por ser o primeiro ano dentro do programa de Plurilingüismo, este curso traballamos principalmente en implantar a área de Educación Plástica e Visual no 1º nivel, buscando as estratexias e propostas que mellor funcionasen e buscando como implementar o compoñente lingüístico nas clases de Art tentando ofrecer ao alumnado a maior exposición posible.

Funcionou ben partir de contos e historias e relacionalas coas diferentes propostas artísticas. Faltaría coordinar mellor isto coa área de inglés, e traballar de xeito máis globalizado.

A posta en marcha do blog da área Educación Plástica e Visual (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/bigartistsincarral>) permitiunos compartir coas familias o traballado e compilar as diferentes propostas.

Foi unha experiencia moi positiva a coordinación coas mestras titoras do nivel, da que xurdiu a colaboración para o proxecto co que contribuímos ao PDI en 1º de primaria.

6. *Propostas de mellora:*

Consideramos que debería formarse no centro un equipo de plurilingüismo como tal, con tempos asignados de reunión. Só existe a figura da coordinación, pero en ningún caso se contemplan reunións nas que se decidan medidas, estratexias, se planifiquen actividades e /ou se fagan propostas para levar a cabo.

Así mesmo, consideramos necesaria unha mellor organización e seguimento do programa de auxiliares de conversa, xa que non se permite buscar outro en caso de que este se dea de baixa (como foi o noso caso) nin se garante que a persoa que ven estea cualificada para acompañar ao alumnado no desenvolvemento da súa competencia lingüística.

Estaría ben poder contar con unha plataforma de referencia por parte da Consellería onde se compilasen boas prácticas levadas a cabo noutros centros que levan anos funcionando como centros plurilingües. Non hai ningún acompañamento (formación, observación, orientación, seguimento...) unha vez que se entra no programa, o que fai difícil valorar a súa efectividade e repercusión, así como evolucionar.

MEMORIA RADIO NA BIBLIO

1.- EMISORA

O espazo físico da radio está dentro do espazo da biblioteca no segundo andar. É un espazo máis ben pequeno onde hai catro postos para locutores e un de técnico, a mesa de mesturas, cinco micrófonos e algúns andeis onde colocamos a música ou os audiocontos. A emisora e instalación é a que recomentan Radio Espora nas súa proposta de formación á Asesoría. O audio está conectado á megafonía do centro de forma que podemos emitir programas en directo que se escoitan dentro e fora do cole.

2.- ACTIVIDADES

Destacar catro actividades diferentes:

- **Martes de radio en directo** nos recreos co alumnado de 5º e 6º de EP voluntariamente e con colaboracións esporádicas do alumnado de 5º de EI. Participaron 53 nenos e nenas, a metade do alumnado destes cursos.
- **Programas de radio polas conmemoracións do calendario escolar e outras relacionas co noso PDI.** Ao empezar cada trimestre colocamos na sala de mestres unhas táboas con posibles temáticas para facer programas de radio no que se anotou de forma voluntaria. Na hora de ler todo o centro sentámonos nos corredores para escoitar os programas dos compañeiros e compañeiras. Algúns destes programas ou podcast versaron sobre: dereitos da infancia e dos animais, mulleres, programa especial gravado por dous nenos xitanos polo día do seu pobo, abellas, pingüíns, vermes de seda... Ver [AQUÍ](#) un exemplo de listaxe.
- **Participación no concurso de podcast polo día das Letras Galegas.** O alumnado de 6º de EP (A, B e C) participou resultando premiado.
- **Formación en radio durante dous días para todo o alumnado de 4º de EP (A, B e C) a cargo de Denís de Radio Espora.**

3.- RECURSOS

Cada aula elaborou as súas escaletas atendendo ao que querían traballar. Poñemos aquí un exemplo da elaborada para os “Martes de radio” que se

foi modificando tendo en conta os intereses do alumnado e o que se quería poñer en valor (AQUÍ). Ademais todos os programas elaborados serviron como recurso a outras clases ao ser emitidos e escoitados por todo o centro.

4.- CURRÍCULO

A radio do cole foi un recurso excepcional para mellorar as competencias lingüísticas así como a dixital. A búsqueda de información previa a facer estes programas está relacionada cos obxectivos que teñen que ver coa alfabetización mediática e que están presentes en todas as áreas do currículo todos os cursos. Ao mesmo tempo a oralidade e a expresividade víronse reforzadas. Transversalmente a difusión de contidos de ciencia en galego ou atención á diversidade e tamén se traballaron cos contidos dos programas emitidos,

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

Activamente participaron todo o alumnado de 5º e 6º A, B e C ao estar reflexada o uso da radio na súas programacións didácticas e tamén, de forma voluntaria, a metade nos “Martes de radio”. O alumnado de 4º A, B e C foi o que recibiu a formación. O alumnado de 3º A, B e C tamén participou activamente como unha actividade das áreas das linguas e a través da materia de proxecto competencial. O alumnado de 5º de E1 a e B participou coas súas adiviñas de animais (un exemplo picando AQUÍ). O resto do alumnado non participou de forma activa pero si na escoita (falamos de 450 alumnos escoitando á vez)

6.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado dos cursos anteriores (6º,5º,4º, 3º e 5º de EI) participou de forma activa e o resto participou sempre que se escoitaron os programas sacando aos seus alumnos aos corredores. Tamén se usou nestes cursos dende as áreas de inglés.

7.- VISIBILIDADE. DIFUSIÓN.

Todo o traballo realizado e os diferentes podcast foron promocionados a través das nosas redes sociais, a través da megafonía e no blog creado para tal efecto na páxina web do centro. Ademais o Concello de Carral, a oposición e a ANPA fixéronse eco do noso premio das Letras Galegas. Enlace ao blog [AQUÍ](#).

MEMORIA CLUB DE LECTURA

0. INTRODUCCIÓN:

Inclúese a continuación unha breve memoria de acordo co apartado 8 da Convocatoria da dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, no contexto das actuacións para o fomento da lectura no ámbito educativo, pola que se incentiva o funcionamento de CLUBS DE LECTURA en centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que acollan ensinanzas de educación primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional (tanto en réxime ordinario como de persoas adultas), ou ensinanzas de réxime especial durante o curso 2022/23.

1. DATOS DO CENTRO:

Nome do centro: C.E.I.P. Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel

Dirección: Rúa Juan Seijas s/n

Código Postal: 15 175

Teléfono: 881 880 446

Correo: ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal

2. NOME DO CLUB DE LECTURA:

O nome do club de lectura foi elixido polos seus membros. Cada un propuxo un (<https://docs.google.com/document/d/1LdfqADeh5Bo76YTqE0WpripAnHqYFf4/edit?usp=sharing&oid=118223615823303029471&rtpof=true&sd=true>) e o máis

votado resultou ser o nome oficial do club: "Faragullas de papel". Este nome fai alusión a un produto típico e famoso do noso pobo: o pan (<https://www.carral.es/pan-de-carral/>). Tendo en conta a idade dos membros do club, son como migallas de pan, pero en lugar do alimento, son faragullas de papel, soporte das nosas lecturas.

3. NÚMERO DE GRUPOS, NO SEU CASO, E NÚMERO DE PARTICIPANTES EN CADA UN:

O Club de lectura contou inicialmente con 30 anotados de 5º e 6º. Déronse de baixa catro ao longo do curso, todos por motivos xustificadas (cambio de centro, dificultades para conciliar familiarmente e actividades extraescolares).

No mes de marzo anotouse outra alumna, polo que o club terminou cun total de 27 membros. Colaboraron, de forma coordinada 5 mestres: unha titora do segundo ciclo e coordinadora da biblioteca escolar, a profesora especialista de Memoria Club de lectura inglés, dous titores do segundo ciclo e a profesora de PT (que actuou de coordinadora). Todos eles son membros do equipo de biblioteca.

4. CALENDARIO DE REUNIÓNS E HORARIO REAL:

a) REUNIÓNS PREVIAS PARA A ORGANIZACIÓN DO CLUB:

10/10/22: participan todos/as os mestres/as interesados no club.

- *Revísase a convocatoria.*
- *A coordinadora da biblioteca presenta un borrador do proxecto que é revisado e modificado.*
- *Pénsase posibilidades de lecturas e como adquirilas (presuposto da biblioteca, ELBE2 Xunta de Galicia, Libros a oito: Libros a oito, Ler en mancomún: Ler en mancomún (lerenmancomun.blogspot.com), contacto con outros clubs de lectura próximos: Biblioteca Ágora de A Coruña, CEIP Plurilingüe San Marcos de Abegondo e CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre. 17/10/22: participan todos/as os mestres/as interesados no club.*
- *Organización de actividades para dar publicidade e visibilidade ao club.*

- *Redacción do Abalar para comunicar a creación do club ás familias e para que animen á participación no mesmo.*

(https://docs.google.com/document/d/1wnREkv4LpRfxhW2HB_hRE6zJlyaoPzOd/edit?usp=sharing&oid=118223615823303029471&rtpof=true&sd=true)

- *A próxima semana nas aulas a mestra de inglés lerá "Amani" de Miguel Anxo Prado, para fomentar a participación dos nenos.*
- *Decídese facer unha campaña de animación de alumnado masculino presentando fotos que animen á lectura.*

24/10/22: participan todos/as os mestres/as interesados no club.

- *Elaboración de enquisas para coñecer o alumnado que finalmente está interesado/a.*
(https://docs.google.com/spreadsheets/d/1Pfn0biFZvTC6vgRJUHeKnkOclFf3lcrYdaaVCrjR_Zs/edit?usp=sharing).
- *Organización do calendario de reunións do club.*

(<https://drive.google.com/file/d/19pIVyA-cSREWgAPyXagOfclqokPkFBPS/view?usp=sharing>)

b) REUNIÓN DO CLUB:

7/11/22: 1ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

Memoria Club de lectura

- *1.-Presentación do club (que é, por que se anotaron, ver intereses, calendario de reunións, indicacións varias...). LIDIA*
- *2.-Presentación dos membros (Dinámica de coñecemento). ALBERTO*
- *3.- Elección do nome do Club. NICOLE*
- *4.-Indicacións, calendario de reunións...LIDIA*
- *5.-Propostas varias de lecturas (mostrar algúns dos libros que temos para elixir...).NICOLE*
- *6.-Plataforma ELBE. PATRICIA*

- 7.-Presentación do libro: "No corazón do bosque" (por que eliximos este libro, falar do autor e do ilustrador, que parte leremos ata a próxima reunión...) MARTA (cartel de presentación do libro).
- 8.- Posto que hai 30 anotados convén facer dous grupos de xeito aleatorio. Para o reparto empregamos follas de carballo e de follas de castiñeiro segundo como están sentados. As follas de carballo farán un grupo e as de castiñeiro outro. LIDIA.

21/11/22: 2ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

- Faladoiros de 15:30/15:50 e de 15:50/16:15 sobre o libro "No corazón do bosque". Comentamos a primeira parte.
- Comunicación do nome do club: Folerpas de papel. Elaboración do logo do club e confección de chapas incluíndo unha frase de fomento do uso do galego.

12/12/22: 3ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

- Faladoiros de 15:30/15:50 e de 15:50/16:15. Comentamos a segunda parte de "No corazón do bosque".
- Actividade en inglés: investigación e descubrimento sobre "criaturas máxicas". Ademais de buscar a información, deberán buscar a imaxe e presentala ao grupo por parellas situándoo xeograficamente no país correspondente.
- Dado que somos moitos membros no club decidimos dividir en dous grupos e ir lendo lecturas paralelas para logo intercambialas. Así resulta máis eficaz a compra dos libros que despois pasan a formar parte dos fondos da biblioteca.
- Presentamos a cada grupo o libro próximo que van ler, entregamos tamén unha guía de lectura e concretamos ata onde ler para a próxima sesión.

Memoria Club de lectura

16/1/23: 4ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

- *GRUPO CASTIÑEIROS: Faladoiro I sobre "O álbum de Garrincha". A sesión centrouse en falar de Bea Maceda (foi mestra no noso cole), así como de lecturas das que nos fala na contraportada. Afondamos no sentimento de Joao ao deixar Brasil e os futuros desexos: adicarse ao fútbol. Tamén se comentaron prexuízos das persoas que veñen doutros países, e moitos temas máis.*
- *GRUPO CARBALLOS: Faladoiro I sobre "Mamá quero ser Ziggy Stardust" de Iria Misa. A idea foi centrarse no personaxe de Aine así como a de Ziggy Stardust dende o punto de vista da transgresión e a importancia de amosarse tal como son.*

30/1/23: 5ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

- *GRUPO CASTIÑEIROS: Faladoiro II sobre "O álbum de Garrincha" de Beatriz Maceda Abeleira. Nesta ocasión tratáronse temas como o esforzo, e sentimentos que se amosan na lectura, como empeza e como remata a historia, e como Joao se sinte feliz e integrado ao final.*
- *GRUPO CARBALLOS: Faladoiro II sobre "Mamá quero ser Ziggy Stardust" de Iria Misa. Falaron de como remata a historia, de posibles finais alternativos, das súas personaxes favoritas e de como lles tería gustado que non desaparecera Thomas. Reflexionaron de como Aine, ao igual de David Bowie, abriu a mente das persoas do seu arredor e de como empregaba a roupa como unha forma de expresar a súa arte e personalidade. Ademais deseñaron outros posibles vestiarios do artista. Esta sesión foi en lingua inglesa.*

13/2/23: 6ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

- *GRUPO CASTIÑEIROS: Actividade final sobre o libro sobre "O álbum de Garrincha" de Beatriz Maceda Abeleira. Facemos dous grupos, un deles fará unha búsqueda do tesouro sobre o libro por todo o colexio. O outro grupo empregará a aplicación Mangatar para facer o seu avatar, despois imprimiremos todo e faremos un álbum.*

- *GRUPO CARBALLOS: Actividade final sobre o libro "Mamá quero ser Ziggy Stardust". Consistiu en meterse na pel das personaxes creando os nosos propios "alter ego", axudándonos de moitos recursos plásticos e estéticos pero sobre todo da nosa imaxinación.*

13/3/23: 7ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

20/3/23: 8ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

Memoria Club de lectura

20/3/23: 9ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

A 7ª, 8ª e 9ª reunións foron intercambiando as actividades e grupos anteriores, é dicir os "Castiñeiros" fixeron as actividades dos "Carballos" e viceversa. Ao final da 9ª reunión presentamos o novo libro, repartimos as lecturas e as guías de lectura. Estas lecturas foron unha delas elixidas polos membros do club e a outra foi elixida polos membros de "Fragullas de papel" mediante unha enquisa dixital.

17/4/2023: 10ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

- *GRUPO CASTIÑEIROS: Nova sesión do Club de lectura e novas lecturas. O grupo Castiñeiros tiveron o faladoiro sobre "Marta e a píntega" de Eli Ríos. Falaron de realidade e fantasía, de contos clásicos e personaxes mitolóxicos, de príncipes e princesas e como non, dos nosos enfados e desexos. Un desexo común podería ser continuar co club moitos cursos.*

- *GRUPO CARBALLOS: O grupo Carballos traballaron coa obra "Volverás Golfiño" de Andrea Maceiras. Falamos da morte e da vida, das semellanzas do libro con outros que xa lemos e dos cambios da vida e mudanzas. Falamos tamén de Man de Camelle, do Cabo Vilán e do Prestige. Despois localizamos todos estes lugares no mapa.*

8/5/2023: 11ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

- *GRUPO CASTIÑEIROS: Nesta sesión fixemos unha representación da obra. Cada un fixo dun personaxe que elaboramos cunhas marionetas. Unha vez que memorizaron unha breve frase gravamos o vídeo.*

- *GRUPO CARBALLOS: A segunda actividade de "Volverás Golfiño", nesta ocasión foi en inglés, foi o deseño dun faro así como a elaboración de chaveiros de golfiños.*

22/5/2023: 12ª REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

5/6/2023: 13º REUNIÓN DO CLUB (15:30-16:15)

A 12ª e 13ª reunións foron o intercambio das actividades e grupos anteriores, é dicir os "Castiñeiros" fixeron as actividades dos "Carballos" e viceversa.

c) ACTIVIDADES FINALES CONXUNTAS:

- Elaboración do Álbum de Faragullas de papel: sesión recompilatoria dos libros lidos. Realizouse ademais un álbum de fotos do primeiro club de lectura do CEIPP Vicente Otero Valcárcel.

Memoria Club de lectura

- Excursión final: Relacionada co último libro "Volverás Golfiño", realizouse unha saída o día 22 de xuño visitando diferentes lugares dos que se nos fala na obra. Aproveitamos tamén para facer unha reflexión-avaliación do Club de lectura.

Todas as reunións foron presencias e tiveron lugar na biblioteca. Na parte interior da mesma as actividades e na exterior os faladoiros. Outras actividades ("A Búsqueda do tesouro" por exemplo tiveron lugar en diferentes espazos do colexio: Polos creativos, espazo da calma, recuncho da lectura...).

5. BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS:

- *Captación de participantes: lectura de "Amandi" de Miguel Anxo Prado e colocación de imaxes rechamantes para animar ao alumnado masculino a participar.*

- *Faladoiros: seguindo unha guía de lectura elaborada polos mestres do club falamos sobre diferentes temas, opinións, sentimentos, impresións...sobre as lecturas.*

- *Elaboración de chapas co logo e nome do club animando ademais a empregar o galego.*

- *Actividade lúdica creativa de cada libro:*

- *"No corazón do bosque": - Utilizamos unha decoración de outono para motivar a lectura do libro e ambientarnos no seu contexto. Coincide co noso comezo da estación polo que non foi difícil recoller follas de árbores de carballos e castiñeiros, que nos servirán par facer dous grupos entre todo o alumnado para unha mellor organización do club.*

Así, aleatoriamente, repártense unhas mini cadernos que terán a dobre funcionalidade de servirnos para facer anotacións das lecturas e para repartir a todos os membros en dous grupos. Os equipos han de ser equilibrados en número, xénero, idade...realizamos algún cambio de equipo a pedimento dunha alumna para favorecer o seu benestar no Club.

(https://drive.google.com/file/d/1GNJmM_CqvEGUU3kvXwmh0HSQBiF8qbY/view?usp=sharing).

Ademais fíxose unha actividade en inglés. Centrouse en falar do trasgo protagonista e en buscar outras "criaturas máxicas" dos bosques ao redor do mundo. En grupos despois cada un presentaba en trasgo que lle tocaba e situábano xeograficamente no país correspondente.

(https://drive.google.com/file/d/1R16j8Kh_nP7VLAbz4F2eqqOEfy9zsTD7/view?usp=sharing)

Memoria Club de lectura

- *"O álbum de Garrincha": Fixemos unha búsqueda do tesouro*

(<https://drive.google.com/file/d/15UJ89il0lrj2sjsHSq0000d8vHw2OfEH/view?usp=sharing>) e ademais elaboramos o noso avatar

(<https://drive.google.com/drive/folders/1j5LX20EvtRyMAt3QHx2H3EJDg5SCVBUEH?usp=sharing>)

- *“Mamá quero ser Ziggy Stardust”*: consistiu en meterse na pel de personaxes creando os nosos propios “alter ego”, axudándonos de moitos recursos plásticos e estéticos pero sobre todo da nosa

Imaxinación (<https://drive.google.com/file/d/1-lnUSgyyxlUjqEjLus4nyw-hYrOUHNQ/view?usp=sharing>)

- *“Marta e a píntega”*: Consistiu na elaboración dunha obra de teatro baseada no libro. Cada membro do equipo tiña que aprender un breve papel. Ademais tivo que elaborar ese personaxe a modo de marioneta e representar a obra que foi gravada.

- *“Volverás golfiño”*: A actividade levada a cabo foi a decoración de golfiños, ao igual que o amuleto de Breixo, personaxe do libro, que servirán de chaveiros.

6. TÍTULOS LIDOS AO LONGO DO CURSO NAS ACTIVIDADES DO CLUB, CON DETALLE DO IDIOMA NO QUE FORON LIDOS:

- *“Amani”* texto e ilustracións de Miguel Anxo Prado. Editorial Astronave.

- *“No corazón do bosque”* Agustín Fernández Paz. Ilustracións de Miguel Anxo Prado. Xerais. Ofrecemos o texto en castelán a dous alumnos que acaban de chegar de Perú.

- *“O álbum de Garrincha”* de Beatriz Maceda Abeleira. Ilustracións de Laura Beleiro.

- *“Mamá quero ser Ziggy Stardust”* de Iria Misa. Ilustracións de Alba Barreiro.

- *“Marta e a píntega”* de Eli Ríos

- *“Volverás golfiño”* de Andrea Maceiras. Ilustracións de Víctor Rivas.

7. MATERIAIS ELABORADOS:

Memoria Club de lectura

- *Imaxes de captación de participantes masculinos “Os nenos tamén len”.*
(<https://docs.google.com/presentation/d/1nGixq2PcypFO6yOIl45Z75o1gLATfcsq6X5nEt1h9TY/edit?usp=sharing>)
- *Guías de lectura de cada libro:*
(https://drive.google.com/file/d/163RDERN2P-_2oTIC-1LigeKcXtRO0MXr/view?usp=sharing;o
<https://drive.google.com/file/d/1gcZCFWq7oTlCwEpajuR71hwwwxQ5sZCbu/view?usp=sharing;>
- *Cartel consellos para facer o logo do club:*
(<https://drive.google.com/file/d/1WbASSksvXpvkmPpmoUpT53lXVlcBMrKn/view?usp=sharing>)
- *Chapas identificativas: Nelas recóllese o nome elixido do club “Faragullas de papel” e un logo que incite á lectura. Infórmaselles sobre como elaborar un logo e repártese o círculo para facer a chapa personalizada que levarán en cada reunión* (https://drive.google.com/drive/folders/1zB6lwSZ_fV0LiRRVvS-P_IGQceg4k2ar). *As chapas quedaron así de personalizadas* (https://docs.google.com/presentation/d/1J7x0SZWose_ranalzl0OLkS9lgcrKzcoe9_CQPP7F7Q/edit?usp=sharing).
- *Enquisa para a elección do último libro:*
(<https://drive.google.com/file/d/1dfmYOxMiGzQ4AxsqtRAMJadi-C8gwkba/view?usp=sharing>)
- *Álbum do club:*
(<https://drive.google.com/file/d/1cXLfh7NDn4lanJZ6MtLpYHY6D7GfbpA/view?usp=sharing>)

8. ENDEREZO ELECTRÓNICO DO BLOG OU ESPAZO WEB DO CLUB DE LECTURA:

- Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/>
- Blogue específico do Club:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/faragullasdepapel>
- Instagram: https://www.instagram.com/biblioteca_ceip_vicente_outeiro/?hl=é
- Twitter: [bibliosbardos Carral@bibcolecarral](https://twitter.com/bibliosbardos)

Memoria Club de lectura

- Facebook: <https://www.facebook.com/vicente.outeiro.902>

9. COLABORACIÓNS CON OUTROS CLUBS:

- *Biblioteca Ágora: aportou inicialmente suxestións para a creación do club así como títulos.*
- *Biblioteca do CEIP Plurilingüe San Marcos de Abegondo: contactos puntuais coa idea de compartir lecturas e actividades.*
- *Club de Lectura "As bolboretas" do CEIP Wenceslao Fernández Flórez: prestáronnos libros.*

10. DESCRICIÓN DAS RUTAS LITERARIAS REALIZADAS:

O día 22 de xuño levamos a cabo una ruta literaria tendo en conta o libro:

"Volverás Golfiño". Así, visitamos algúns dos lugares dos que se nos fala na obra: Cabo Vilán, Praia do 13 e Cemiterio dos ingleses. Aproveitamos ademais para reler algúns dos pasaxes descritivos que se recollen na obra. Tivemos a oportunidade de visitar dous dos museos que forman parte da ruta: O Museo do Faro do Cabo Vilán (conta cunha exposición de pintura e fotografía de motivos variados, onde predominan as paisaxes mariñeiras) e o Museo de Man

(onde se expoñen obras deste artista), tamén elaboraron obras efémeras seguindo a este escultor. Aproveitamos para ler "Man, o alemán de Camelle", de Beatriz Maceda, do que tamén falamos no Club de Lectura.

11. CONCLUSIÓNS FINAIS:

Resulta complexo describir en palabras o que supuxo a experiencia de creación e participación nun club de lectura escolar. Deixamos anteriormente descrito, de modo moi breve as actividades, e animamos encarecidamente a consultar o blogue de "Faragullas de papel", onde se recollen imaxes e vídeos do que foron todas as sesións

(<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/faragullasdepapel>).

Convén incluír un apartado de agradecementos: ás nosas Faragullas de papel, aos 5 profesores que formamos parte do club, á consellería que promove a creación de clubs de lectura e a todos os membros do equipo de biblioteca que crean blogues, catalogan, rexistran, prestan...a todos debemos a creación deste magnífico club de lectura que esperemos teña longa vida.

MEMORIA POLOS CREATIVOS

- **Introdución para contextualizar o proxecto presentado:**

O proxecto de Polos Creativos enmárcase no PDI do centro "Cole Animal" e procúrase aportar retos con carácter mensual para abordar o proxecto e abrir á comunidade educativa un laboratorio STEAM a nivel de centro.

No noso centro xa se viña traballando neste eido ao estar en Digicraft, Edixgal, PFPP Introducción á robótica, Club de Ciencia (en cursos anteriores) e consideramos que é unha ocasión extraordinaria para facer da antiga aula de informática un espazo multifuncional e versátil con elementos STEAM de diversa índole (robótica, audiovisual, impresión 3D, plotter de corte, estampación téxtil, etextiles....).

- **Calendario de aplicación:**

Creamos un Genially no que se temporalizan as diferentes accións mes a mes. Tanto en horario de mañá como de tarde. Pódese acceder a dito calendario a través da seguinte ligazón:

<https://view.genial.ly/62e57a9e8d686800136198bc/interactive-image-proxecto-p-creativos>

Porén, a temporalización de accións viuse condicionada pola chegada dos recursos. Comezando a traballar con eles e cos retos propiamente dito a partir de xaneiro/febreiro de 2023. Anteriormente acondicionamos o espazo con recursos cos que contabamos polo centro e buscamos actividades alternativas como papiroflexia ou robótica con algún robot de chan.

- **Listaxe do equipo docente implicado:**

O profesorado participante na liña formativa, no deseño dos diferentes espazos e na elaboración de textos instrutivos cos diferentes recursos foron:

García Liñares, Sergio

Pedreira Fuentes, Cristina

Pena Barbeito, Patricia

Sánchez Prieto, Iria

Sande Blanco, Olalla

Silvares Fonte, Gema María

Sotelo Chausson, Leticia

Asemade, outros docentes de xeito puntual fixeron uso do espazo e das propostas creadas polo equipo anteriormente citado co seu grupo-clase ou con outro tipo de propostas.

- **Liñas de acción desenvolvidas, incluíndo o impacto no centro, na aula e na comunidade**

A creación do Polo Creativo permitiu lograr diferentes obxectivos con menor ou maior grao de impacto a nivel de centro e comunitario. As principais accións levada a cabo foron:

- *Dotar o centro dun espazo versátil e polivalente orientado a empoderar o alumnado en metodoloxías activas vencellada ao eido STEAM.*
- *Vencellar o PDI da biblioteca do centro ás metodoloxías STEAM e vertebrar ambos espazos totalmente complementarios.*
- *Dotar o espazo de aportacións bibliográficas que doten de significatividade o traballo do alumnado.*
- *Ofrecer distintas posibilidades de acceso ao espazo (en horas de clase, no tempo de lecer ou polas tardes).*
- *Ter alumnado colaborador de 6º nos recreos que participen na xestión do espazo e se empoderen no uso de ferramentas STEAM.*
- *Abrir ás familias a posibilidade de ir polas tardes e aprender creando cos retos deseñados para eles polo equipo do Polo Creativo.*
- *Formarse o profesorado interesado en elementos como impresión 3D ou plotter de corte.*
- *Crear un stand en fin de curso na xornada do PDI para explicar (o alumnado colaborador) algunha das propostas levadas a cabo.*
- *Lograr que o profesorado se anime a iniciarse no emprego do espazo con proposta feitas polo equipo, como outras necesidades xeradas ao longo do curso (creación de chapas, impresión 3D de monumentos históricos Patrimonio da Humanidade ou trofeos de xadrez, elaboración de siluetas de animais co plotter de corte para levar a cabo producións de investigación por parte do alumnado,...)*

Algunhas destas accións pódense ver no blogue creado na páxina web do centro para visibilizar o traballo levado a cabo ao longo do curso (especialmente 2º e 3º trimestre que foi cando contabamos cos recursos).

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/poloscreativos>

- ***Avaliación e reflexións sobre o cumprimento dos obxectivos***

Os obxectivos levados a cabo víronse condicionados pola demora na disposición do material. Cómpre engadir que algún material, como o set de iluminación chegou a finais de maio e estamos pendentes de recibir algunha dotación máis.

Porén, coido que o profesorado implicado amosou interese por formarse e usar aqueles elementos cos que contamos.

A valoración, polo tanto, é positiva, especialmente a acollida polo alumnado do centro. O uso do espazo no recreo tivo bastante éxito, sobre todo, por aquel alumnado que non viña cos seus titores noutros momentos ao longo da semana.

Cómpre seguir alfabetizando o profesorado no uso do material de Polos Creativos e na súa aplicación pedagóxica co alumnado, dado que o alumnado demanda este tipo de propostas e o profesorado non pode permanecer alleo á realidade dos centros.

- ***Difusión e transferibilidade do proxecto:***

Para a difusión do proxecto empregamos:

- *Trípticos informativos para explicar o novo espazo á comunidade educativa.*
- *Páxina web do centro a través dun blogue creado para tal efecto.*

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/poloscreativos>

- *Xornada de portas abertas do PDI. Durante a tarde do 20 de xuño, as familias puideron vir a ver o PDI coas achegas das diferentes aulas, niveis, mestres e tamén as presentes no propio Polo explicadas por alumnado de 6º colaborador.*

- ***Propostas de mellora***

- *Levar a cabo grupos de traballo ou seminarios nos que boa parte do claustro teña vontade de formarse.*
- *Lograr unha maior implicación do profesorado do centro no uso do espazo.*
- *Posibilidade de ofrecer talleres para as familias polas tardes para invitalas a achegarse ao espazo e así coñecer de xeito guiado as posibilidades do seu uso.*
- *Seguir unha liña semellante á deste curso, con retos mensuais en liña co PDI e propostas mensuais diversas para usar o espazo que orienten e animen ao seu uso en diferentes momentos (sesións de clase, recreos e polas tardes).*

MEMORIA CPINNOVA**1. Xustificación**

Durante o curso 2022/2023 levouse a cabo no centro o CP Innova tal e como se recolle na Resolución do 9 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regulan os Contratos-Programa Innova (CPInnova) para fomentar a innovación educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2022/2023. Concretamente, levouse a cabo a liña "O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente" tal e como se recolle na Resolución definitiva pola que se fai pública a relación de centros con programas seleccionados, conforme o disposto no apartado 13 da Resolución do 9 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regulan os Contratos-Programa (CPinnova) para fomentar a innovación educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e universidades para o curso 2022/23

2. Obxectivos plantexados e a súa consecución

<i>OBXECTIVO</i>	<i>VALORACIÓN</i>
<i>Formación do profesorado en aprendizaxe cooperativa.</i>	<i>Levouse a cabo unha liña de PFPP de Aprendizaxe Cooperativo de 30 horas para todo o profesorado.</i>
<i>Aplicar dinámicas e técnicas baseadas en traballo en grupo de xeito innovador.</i>	<i>Os e as docentes implicados no CP Innova levaron a cabo actividades cooperativas na súa aula vistas no PFPP ademais de empregar novas oportunidades de traballo en grupo con proxectos derivados doutros proxectos do centro.</i>

<i>Establecer un rol máis activo e protagonista no noso alumnado.</i>	<i>As metodoloxías implementadas durante este curso escolar poñen ao alumnado no centro, incidindo en aspectos tan relevantes como a autorregulación emocional.</i>
<i>Aplicar boas prácticas educativas empregando ferramentas dixitais.</i>	<i>As actividades dixitais formaron parte tanto do aprendizaxe dos propios docentes no PFPP coma na aula, empregando xogos e aplicativos informáticos que motivasen e axudasen a cumprir os obxectivos plantexados.</i>
<i>Contribuír na mellora da resolución de problemas.</i>	<i>O emprego de técnicas cooperativas axudou ao alumnado a adquirir habilidades que axudan na resolución de problemas tanto da vida diaria coma na académica.</i>
<i>- Mellorar a comprensión e a expresión do noso alumnado facéndoo máis partícipe e activo da súa aprendizaxe.</i>	<i>Os aspectos traballados coa implementación dos primeiros módulos da aprendizaxe cooperativo, redundan na participación activa do alumnado na súa aprendizaxe.</i>

3. Indicadores de logro

INDICADOR	AVALIACIÓN
<i>Mellora do rendemento académico do alumnado participante.</i>	<i>Parcialmente conseguido. De tódolos xeitos, agárdase que mellore segundo se vai collendo experiencia e práctica na aplicación das novas técnicas aprendidas e estas sexan interiorizadas polo alumnado e profesorado.</i>

<i>Aumento da participación activa do alumnado no desenvolvemento das tarefas propostas.</i>	<i>Conseguido</i>
<i>Incremento do interese e motivación do alumnado cara a aprendizaxe ao contar cun rol máis activo.</i>	<i>Conseguido</i>
<i>A aplicación destas metodoloxías favoreceu a inclusión de todo o alumnado.</i>	<i>Conseguido</i>
<i>Maior capacidade do alumnado para aplicar os saberes adquiridos primando un enfoque competencial.</i>	<i>Conseguido</i>

4. Compromisos adquiridos e avaliación dos mesmos

Distinguimos compromisos adquiridos polo centro e adquiridos polo profesorado participante. Así, temos, dentro dos primeiros:

- Ofertar ao profesorado posibilidades de formación en metodoloxías activas e innovadoras.*
- Difundir a través da páxina web do centro dinámicas desenvoltas nas diferentes aulas participantes neste contrato programa.*
- Instaurar boas prácticas educativas dentro do equipo docente.*

E, en canto aos do profesorado:

- Formarse para mellorar a súa labor docente.*
- Interese por aplicar novas metodoloxías na aula que redunden na aprendizaxe do alumnado.*
- Implementar novas metodoloxías e normalizalas na súa práctica docente.*

A avaliación dos compromisos é positiva xa que durante este curso escolar ofertáronse dende o centro educativo varias liñas de PFPP con boa acollida entre o profesorado. Concretamente, desenvolveuse unha liña de Aprendizaxe cooperativo, unha de Polos Creativos e unha de Desenvolvemento da linguaxe oral e observamos bos resultados en todas elas. O profesorado implicado levou as prácticas as súas aulas, aplicando os novos coñecementos adquiridos. Na páxina web do centro publicouse a participación no programa así como actividades desenvoltas que inciden nas metodoloxías activas e a participación activa do alumnado na súa aprendizaxe coma a creación dunha horta e

un diario explicando o proceso (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/node/2395>), a creación das persoas colaboradoras nos recreos (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/node/2422>) ou o Consello da Infancia, creado có fin de darlle voz ao alumnado do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/node/2409>).

1. Profesorado participante

Todo o profesorado participante agás unha persoa participaron de xeito activo nas actividades de formación e tentaron implementar os aprendizaxes adquiridos na súa aula.

2. Memoria económica

Os gastos a cargo do orzamento asignado a Contratos-Programa foron:

- Suministros 34,95€ (Factura 167, 19/01/2023).*
- Suministros 289,87€ (Factura 349, 13/03/2023).*
- Suministros 109,80€ (Factura 474, 14/04/2023).*
- Suministros 43,39€ (Factura 1402, 27/04/2023).*
- Suministros 306,57€ (Factura 614, 11/05/2023).*
- Suministros 25,10€ (Factura 143240, 13/06/2023).*
- Suministros 78,41€ (Factura 773, 14/06/2023).*

Estes gastos inclúense na contabilidade xeral do centro e quedan ahí arquivadas para a xustificación en Xecocentros a final do ano 2023.

1. *Propostas de mellora*

Todo programa e proposta levada a cabo ten unha avaliación e, como consecuencia, derívanse propostas de mellora que pasamos a detallar:

<i>Referidas a...</i>	<i>Propostas de mellora</i>
<i>Xestión a través da aplicación</i>	<i>Ter a posibilidade de autorizar a algunha persoa para cubrir o aplicativo aínda que posteriormente a persoa directora teña que asinar e presentar a memoria.</i>
<i>Asesoramento da Consellería</i>	<i>Maíor asesoramento en liñas xerais e creación dunha guía que axude a cubrir os diferentes apartados relativos a esta memoria.</i>
<i>Recursos humanos e/ou materiais dos programas</i>	<i>O tipo de traballo a desenvolver beneficiaríase dun apoio docente doutra persoa da aula, complicado de xestionar cós horarios actuais do profesorado do centro. Ademais, algunhas das liñas traballadas serían interesantes plantexalas de xeito internivel e para iso precísanse momentos e persoal para levalo a cabo.</i>
<i>Funcionamento dos programas desenvolvidos</i>	<i>Máis información relativa ao funcionamento do mesmo.</i>
<i>Formación do profesorado</i>	<i>Intentar ofertar máis opcións de formación e motivar ao profesorado do centro para que a participación sexa aínda máis elevada en próximos cursos. Observouse nas formacións deste curso que as sesións online foron as preferidas polo equipo docente participante aínda que tamén se valora positivamente as presenciais cando estas son activas e participativas. Así, para vindeiras formacións cómpre ter en conta que as sesións de tipo maxistral poden facerse online e aquelas máis dinámicas de xeito presencial buscando así un maior equilibrio horario e facilitando a compatibilidade</i>

	<i>horaria coa vida persoal (xa que nalgúns casos este é o problema para non apuntarse as formacións).</i>
<i>Outros</i>	<i>Outorgar información máis pormenorizada sobre cada unha das modalidades do CPIInnova, para poder seleccionar máis o que se adapta ás necesidades detectadas en cada centro.</i>

Polo tanto, de cara ao curso que ven haberá que volver a valorar a participación do centro no programa e a continuidade coas liñas formativas ofertadas este curso para completar e seguir avanzando cara a mellora continua do centro educativo e as súas dinámicas.

MEMORIA PLAN PROXECTA: "Aprendo Programando"

Breve resumo do proxecto:

Este Plan Proxecta levouse a cabo nas tres aulas de 6º de primaria do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel. Participaron en total 72 alumnos e alumnas.

A temática deste curso versaba sobre os refuxiados e partimos de bibliografía complementaria da biblioteca escolar para presentarlle este tema dende outra perspectiva. Para iso, empregamos os libros "Migrantes" de Issa Watanabe e "Lúa en Ningures" de Bea Maceda así como os ODS da Axenda 2030. Esta última autora visitou o centro para contarnos a súa experiencia sobre os campos de refuxiados para que o alumnado adquirise coñecementos ao respecto e poder representalos en cada un dos seus proxectos.

O traballo en Scratch orientámolo en dúas vertentes. Empregamos a materia de libre configuración de Scratch para alfabetizalos no uso da ferramenta e na área de Valores Sociais e Cívicos aproveitando a súa relación con algúns estándares. Asemade, traballáronse contidos doutras áreas como a comprensión, expresión escrita e tipoloxía textual en lingua castelá, a historia e o tempo histórico en Ciencias Sociais, o debuxo artístico en educación artística e a estatística en matemáticas ofrecéndolle así un enfoque multidisciplinar a este proxecto.

En xeral a actividade consistiu en elaborar diferentes proxectos libres de Scratch tendo como tema principal os refuxiados. Entre os proxectos realizados destacaron pequenas historias, xogos e recreacións visuais dos libros de "Lúa en Ningures" e "Migrantes".

Grao de consecución de obxectivos:

Partimos dos obxectivos propostos na solicitude do Plan Proxecta e axeitámolos ao currículo de 6º curso.

- 1 Desenvolver o pensamento computacional.*
- 2 Resolver problemas derivados do manexo da programación mediante bloques.*
- 3 Planificar e desenvolver estratexias para aprender a aprender e aprender programando.*

4 *Concienciar ao alumando da realidade coas que se atopan as persoas refuxiadas, obrigadas a fuxir dos seus fogares.*

Ademais dos obxectivos específicos do Plan Proxecta, tamén se desenvolveron outros vinculados especificamente con algunha das materias tales como:

- Mellorar a comprensión e expresión escrita.*
- Fomentar o traballo colaborativo.*
- Recoñecer diferentes feitos históricos alusivos a conflitos bélicos, refuxiados...*
- Potenciar o uso de técnicas artísticas variadas como o claroscuro, as expresións faciais e as paisaxes.*

Consecución de obxectivos:

Os tres primeiros obxectivos, máis directamente relacionados coa programación, conseguíronse dun grao satisfactorio. O alumnado amosou autonomía, motivación e capacidade para levar a cabo os seus proxectos.

En canto ao grao de consecución do último obxectivo, consideramos que está totalmente acadado. O alumnado amosou empatía e interese pola temática abordada ata tal punto que parte do alumnado trouxeron obxectos ou vivencias familiares relacionadas cos refuxiados e cos conflitos bélicos. Porén, cómpre seguir concienciando ao alumnado sobre a importancia de traballar con imaxes libres de dereitos de autor e sobre as destrezas á hora de buscar información na rede e sendo máis críticos cos resultados das súas pescudas.

Organización:

Nun inicio, a distribución do alumnado foi en gran grupo pois os estudantes levárona cabo unha lectura compartida dos libros de "Migrantes" e "Lúa en ningures". Posteriormente, seguindo a mesma organización, fíxose unha chuvia de ideas sobre propostas ou temas a tratar nos proxectos de Scratch. Unha vez seleccionados os temas, o alumnado distribuíuse en pequenos grupos de tres ou catro integrantes cada un para comezar o seu proxecto. Procuramos que foran grupos heteroxéneos asignando un rol a cada un dos membros, por exemplo, deseñador gráfico, programador e guionista entre outros.

A temporalización das actividades foi a seguinte:

1º trimestre: Alfabetización da contorna de Scratch e dos bloques (aparencia movemento, control, variables...) e a programación de sinxelos retos como crear un labirinto, decorar un escenario...

2º trimestre: Lectura e introdución da temática a abordar a través dos libros "Migrantes" de Issa Watanabe e "Lúa en Ningures" de Bea Maceda. Tamén, a busca de información empregando dispositivos dixitais (EDIXGAL) co fin de familiarizarse coa temática. Inicio do proxecto unha vez consensuado entre os integrantes do grupo.

3º trimestre: Finalización do proxecto, presentación do mesmo aos demais compañeiros/as da aula e reflexión conxunta sobre a temática proposta.

Metodoloxía de traballo:

Ante de iniciar o reto o alumnado debía familiarizarse co tema dos refuxiados para poder afondar nel. Logo, redactar un guión/borrador sobre o proxecto que tiñan en mente coa necesaria posta en común. Unha vez consensuado, realizaron o proxecto na ferramenta Scratch e aportóuselle o feedback necesario durante a realización do proxecto. Compartiron o proxecto cos seus compañeiros/as e enviaron os proxectos aos seus respectivos titores que os subiron a unha plataforma común, Scratch.

A continuación, remítense as ligazóns dalgúns proxectos seleccionados de Scratch:

Xogo baseado na historia de "Migrantes": <https://scratch.mit.edu/projects/868594281/>

Xogo de animais escapando: <https://scratch.mit.edu/projects/868599413/>

Historia de refuxiados 1: <https://scratch.mit.edu/projects/868614317/>

Historia de refuxiados 2: <https://scratch.mit.edu/projects/868615323/>

Xogo dun loro emigrando: <https://scratch.mit.edu/projects/868605014/>

As evidencias gráficas do Plan Proxecta poden consultarse nas seguintes ligazóns:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/galeria/thumbnails.php?album=56&page=1>

Avaliación:

Un dos instrumentos utilizados foi a observación continua do traballo, colaboración, esforzo e motivación do alumnado durante a realización do proxecto. Tamén se fixo uso dunha rúbrica para avaliar os produtos finais de cada un dos grupo de alumnos/as.

Coa participación neste proxecto, vimos que o alumnado está motivado á hora de participar en propostas de actividades STEAM e que é un recurso valioso para abordar temáticas de índole social e de compromiso cos ODS da axenda 2030.

Compartiremos na páxina web do centro evidencias do proceso de elaboración e na memoria a ligazón cos proxectos creados.

Con este proxecto dotamos de orixinalidade as produción do alumnado.